

XERACIÓN PERDIDA CORUÑA36' XERACIÓN PERDIDA CORUÑA36'

REPRESENTATIVIDADE INSTITUCIONAL E REPRESIÓN
AS CORPORACIÓNS MUNICIPAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA NA II REPÚBLICA



EMILIO GRANDÍO (COORD.),
ALFONSO IGLESIAS, ROSALÍA REGUEIRO,
MANUEL PÉREZ E ELISEO FERNÁNDEZ
(GRUPO DE INVESTIGACIÓN HISPONA-USC)

XERACIÓN PERDIDA CORUÑA36' XERACIÓN PERDIDA

REPRESENTATIVIDADE INSTITUCIONAL E REPRESIÓN
AS CORPORACIÓNS MUNICIPAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA NA II REPÚBLICA

EMILIO GRANDÍO (COORD.),
ALFONSO IGLESIAS, ROSALÍA REGUEIRO,
MANUEL PÉREZ E ELISEO FERNÁNDEZ
(GRUPO DE INVESTIGACIÓN HISPONA-USC)

<https://www.dacoruna.gal/cultura/xeracion-perdida>

Foto cuberta: Acto de entrega do Estatuto de Galicia nas Cortes en xullo de 1936, horas antes do golpe militar.
López Bouza, Ánxel Casal e María Miramontes entre outros; *Arquivo Nomes e Voces*.

Edita: Deputación Provincial da Coruña
ISBN: 978-84-9812-331-9
DL C 1191-2018
Imprenta Provincial - 2018

EXEMPLAR NON SUXEITO Á VENDA

XERACIÓN PERDIDA

CORUÑA36' XERACIÓN
CORUÑA36' PERDIDA

REPRESENTATIVIDADE INSTITUCIONAL E REPRESIÓN
AS CORPORACIÓNS MUNICIPAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA NA II REPÚBLICA

<https://www.dacoruna.gal/cultura/xeracion-perdida>

XERACIÓN PERDIDA

CORUÑA 36'

Índice

SAÚDA de <i>Valentín González Formoso. Presidente da Deputación da Coruña</i>	7
SAÚDA de <i>María Goretti Sanmartín Rei. Vicepresidenta da Deputación da Coruña</i>	9
Introducción	11
1. PODER LOCAL E II REPUBLICA ATA AS ELECCIÓNS DE 1936	13
<i>Emilio Grandío Seoane</i>	
‘Revolución’	17
Da teoría á práctica do poder.....	21
A provincia do ‘casarismo’	27
Antes e despois de Outubro de 1934	29
1936: Cara un novo ano... e un novo futuro.....	33
2. UN NOVO ESCENARIO: OS CONCELLOS DA FRONTE POPULAR	37
<i>Manuel Pérez Lorenzo</i>	
Febreiro de 1936: un proceso electoral para escribir o futuro	38
Tempo de cambio: a formación das novas corporacións.....	41
Unha xeración que irrompe e unha experiencia truncada.....	48
3. AS CORPORACIÓNS REPUBLICANAS NA RESISTENCIA AO GOLPE MILITAR	63
<i>Eliseo Fernández Fernández</i>	
As corporacións da Fronte Popular nas vésperas do golpe militar.....	63
Os concellos como aglutinadores da resistencia ao levantamento.....	67
Mapa de movementos da resistencia á sublevación: do urbano ao rural, pasando polo vilego	76
O papel dos alcaldes: ausencias, presencias e liderazgo	80
A derrota militar das corporacións republicanas e a represión en quente	81
Concelleiros da II República na provincia da Coruña	85

4. OS NÚMEROS DA REPRESIÓN	105
<i>Alfonso Iglesias Amorín e Rosalía Regueiro Méndez</i>	
As vidas que se perderon.....	109
Política entre reixas.....	121
Fuxidos na súa terra.....	127
O exilio como vía de escape.....	130
Outros tipos de represión.....	137
Xulgados non condenados.....	145
A xeografía da represión.....	147
NOTAS	152
ANEXOS. Información por Concellos	155
Datos por concellos.....	155
Concelleiros represaliados.....	157
BIBLIOGRAFÍA UTILIZADA	179

Saúda

Oitenta anos despois, José López Bouza volvía presidir un acto na Deputación da Coruña. A imaxe do que fora presidente da Deputación da Coruña en 1936 xunto coa de Ánxel Casal, daquela vicepresidente, situábanse de novo no lugar que lles correspondía na homenaxe que en 2016 tributamos aos membros das corporacións democráticas represaliados despois do golpe militar.

Naquel emocionante acto, a Deputación da Coruña quixo recuperar a súa propia historia, lembrar os nomes de tantos deputados e concelleiros que padeceron en primeira persoa a violencia do golpe e a persecución do franquismo. E tamén, e así o lembramos, de boa parte do funcionariado dunha institución que se puxo no punto de mira do levantamento militar.

O entón presidente da Deputación da Coruña viaxara aquel verán a Madrid a presentar o Estatuto de Autonomía de Galicia nas Cortes, apenas unhas horas antes da ruptura violenta da legalidade republicana. López Bouza foi fusilado en Canido o 30 de agosto. Similar sorte padeceu o vicepresidente Ánxel Casal, cuxo corpo sen vida aparecía nunha gabiá da parroquia de Cacheiras (Teo) puucos días antes.

De xustiza foi recuperar a súa memoria, mais con aquela homenaxe detectamos tamén que, oito décadas despois, aínda descoñeciamos moitos dos nomes e as historias de tantos alcaldes e concelleiros da provincia que padeceran a represión por defender a democracia e a legalidade.

Desde a Deputación da Coruña, quixemos ofrecerlle á sociedade coruñesa a posibilidade de ter na súa man a relación de cargos institucionais vítimas do franquismo e, a poder ser, as súas fichas biográficas e as súas fotografías. Con este obxectivo, botamos

a andar unha investigación que dá agora o seu froito, neste volume e na base de datos que, ao noso ver, é o inicio dunha recuperación necesaria e o cumprimento dunha débeda histórica.

Con este amplo traballo de investigación histórica bótase luz sobre un dos episodios máis tristes e escuros do noso pasado recente. Desde que esta iniciativa botou a andar temos constancia de que xa algún municipio homenaxeou aos seus concelleiros represaliados, algúns dos cales darán tamén nome a rúas dos seus concellos.

Novas coma esta danlle sentido a esta investigación e tamén a todo o noso esforzo por contribuír desde a Deputación da Coruña á pór fin ao silencio que impuxo despois do verán de 1936. É unha débeda que tiñamos con estas persoas, máis tamén un acto de recuperación da memoria histórica desta provincia e de xustiza democrática.

Valentín González Formoso

Presidente da Deputación da Coruña

Recuperar os nomes dunha xeración que quixeron borrar

O 28 de xullo de 2016 a Deputación da Coruña rendía unha merecida homenaxe ás corporacións democráticas represaliadas despois do golpe militar de 1936. Pasaran oitenta anos do inicio do terror e máis de corenta anos da morte do ditador mais esa homenaxe continuaba a ter un aquel de iniciática.

Os retratos dos que foran presidente e vicepresidente da Deputación da Coruña, José López Bouza e Ánxel Casal, paseados no verán de 1936, presidían un acto para o que se lle remitira convite a todas as corporacións municipais. Na idea do goberno da Deputación estaba homenaxear aquelas persoas que eran representantes elixidos de forma democrática mais tamén convidar os concellos a lembraren aquelas corporacións esquecidas, brutalmente borradas da historia.

Naquela primeira homenaxe elaboramos unha listaxe inicial con alcaldes asasinados cando estaban en exercicio do seu cargo. Entre os nomes que tomaban parte desa primeira relación atopábanse os do alcalde de Mañón, Jesús Castaño Galdo, o de Fisterra, Cipriano Fernandez, de Cedeira, Manuel Fernández, de Sada, Antonio Fernández, de Santiago, José Germán, de Betanzos, Tomás López, de Serantes, Alejandro Porto, de Mugardos, Juan Prieto, de Cabanas, Álvaro Puentes, de Monfero, Pablo Rico, de Fene, Ramón Souto, da Coruña, Alfredo Suárez Ferrín ou de Arzúa, Juan Manuel Vidal. Á listaxe sumábanse nomes como os de Ánxel Casal ou Xaime Quintanilla, que foran alcaldes de Santiago e Ferrol e formaban parte do goberno da Deputación ou Alfonso de Cal, anterior alcalde de Valdoviño e José María Novo, que ocupara o cargo en Betanzos. Ademais deles, outros padeceron distintas formas de represión como os alcaldes de Ares, Ferrol e Miño, Benito Feijóo, Antonio Santa-maría e Rogelio Pérez Medín que fuxiron a Francia no bou Ramón e na lancha Golondrina.

Mais na preparación daquel acto, despois de consultas con persoas dedicadas á investigación histórica, botamos en falta unha listaxe completa de concelleiros e concelleiras que padeceran a represión e mesmo das corporacións que estaban en activo naquel verán de 1936 que o fascismo puxo a bota militar sobre as institucións. Descoñeciamos boa parte dos seus nomes e, o que era aínda máis grave, nin os propios concellos —xa de novo con plenos saídos das urnas— nin a veciñanza sabía quen foran aqueles homes e mulleres que traballaban polo ben común mais sufriron castigo para deixar un país descabezado.

Xa naquela homenaxe, hai agora dous anos, anunciamos que a Deputación da Coruña promovería unha investigación co fin de borrar o esquecemento e botar luz sobre os nomes, as imaxes e as biografías das persoas que ocupaban cargos públicos e coas que temos unha débeda de xustiza e recoñecemento. Lembramos entón a obriga —ética e política— dos gobernos de recuperaren a súa propia historia, de vencer o silencio imposto durante tanto e nós, desde a Deputación, comprometímonos na elaboración dunha investigación que completase unha listaxe rigorosa de cargos municipais represaliados despois de 1936.

Naquela emocionante mañá defendemos a necesidade de facer xustiza como única maneira de garantir a dignidade das institucións para o noso futuro. Ofrecerlles aos concellos os nomes de concelleiros e concelleiras que desapareceron da súa memoria era a mellor vía, ao noso ver, de contribuír á homenaxe merecida.

Dous anos despois, podemos ofrecer agora o resultado daquela encomenda que puxemos en man do equipo dirixido polo profesor Emilio Grandío, da Universidade de Santiago de Compostela que agora nos devolve unha investigación singular, única, a pesar de se iniciar nin máis nin menos que oitenta anos despois do inicio da represión. Este estudo que agora ofrecemos en formato libro demostra todo o que queda por facer, a profundidade da fenda, a lonxitude do esquecemento. Corenta anos despois de que rematase a ditadura, botamos luz sobre uns nomes a que tanto debemos, sobre unha historia que ficou borrada durante demasiado tempo.

Aquela homenaxe que ficará na historia da Deputación da Coruña celebrábase a véspera doutra data sinalada en vermello no calendario de recuperación da nosa memoria. Ao día seguinte tiña lugar o pleno en que se aprobou, co apoio de todos os grupos con representación, a declaración institucional para retirar as honras a Francisco Franco para deixar de ser Fillo Predilecto da provincia da Coruña e presidente de honra da Deputación.

Defendíamos na intervención que ningunha institución —e menos esta que viu como máis da metade do seu funcionariado padecía a persecución franquista— pode manter títulos honoríficos ao autor da máis dura das represións que coñece a nosa historia. Ese mesmo pleno volveu apoiar tempo despois outra liña de traballo para nós de especial relevancia, tamén no simbólico, como é a recuperación para ben público do Pazo de Meirás, botín do franquismo que fica nas mans da familia do ditador.

Desde a Deputación da Coruña articulamos a creación da Xunta pro devolución do Pazo de Meirás para darlle a volta á historia, a aquela iniciativa que tiña como fin crear unha estrutura para, mediante extorsión á veciñanza, conseguir que o inmobile formase parte do patrimonio de Franco. Os informes xurídico e histórico que encargamos desde a Deputación da Coruña demostran a falsidade do contrato de compravenda co que os Franco quixeron encubrir a verdadeira natureza do proceso e abriron tamén novas vías para dar pasos sólidos no camiño de que o Pazo de Meirás pase a ser un ben público.

Neste camiño estamos, no de recuperar a memoria e contribuír, nas nosas posibilidades, a que remate o silencio imposto polo franquismo. Se hoxe non agachamos o noso orgullo á hora de presentar esta nómina de persoas que compuñan as corporacións anteriores ao golpe militar, estamos tamén certas de que, máis cedo que tarde, poderemos pasear por un Pazo de Meirás aberto convertido xa nun ben de todas e todos.

María Goretti Sanmartín Rei

Vicepresidenta da Deputación da Coruña

XERACION PERDIDA CORUÑA36

Introdución

O obxectivo deste proxecto é desvendar a represión que padeceron as persoas que participaron nas últimas corporacións democráticas dos concellos coruñeses na II República. Na medida en que o novo réxime quixo castigar aos responsabeis das políticas desenvolvidas no período republicano ou ás persoas que participaron na organización da resistencia ao golpe militar, as corporacións municipais foron un dos principais obxectivos da represión. Foron un obxectivo militar, si, mais tamén unha prioridade no desenvolvemento da nova sociedade. Non podían existir elementos discordantes cunha única visión, cunha única interpretación da sociedade. A democracia, o debate, o diálogo, eran os elementos a bater, como apreciaremos polos resultados deste proceso represivo sobre os representantes públicos daquela democracia.

A circunscrición da Coruña non era unha provincia calquera. O seu simbolismo político era rotundo para os protagonistas daqueles anos. O núcleo de onde saíra a estrutura dunha Galicia republicana. A provincia do ‘casarismo’ –tras Casares Quiroga, Ministro en varias ocasións (entre o 31 e o 33) e Xefe de Goberno republicano (en 1936)..., a representación do reformismo republicano en Galicia. A Coruña como a cidade que conectaba a información de Galicia cara Madrid, de ida e volta. A provincia que contiña as sedes da VI Rexión Militar (A Coruña) e o Departamento Marítimo do Cantábrico (Ferrol). O territorio de maior mobilización obreira destes anos no triángulo entre Coruña, Betanzos e Ferrol... Non. Non era calquera.

O traballo de recollida, organización, sistematización e análise da información sobre a composición das corporacións municipais (moi especialmente a actitude fronte ao golpe militar) e sobre a traxectoria persoal das persoas que as integraron (especialmente da súa situación como consecuencia da represión), deu como resultado unha listaxe de 2467 persoas que participaron nelas ao longo da provincia coruñesa. Uns números que sempre son fríos e inexpressivos, mais que son necesarios na procura do coñecemento. Cada un deles agacha un drama, ou varios. Cada número esconde moito ‘silencio’. A veces atronador.

Para a elaboración desta base de datos que presentamos, e para a identificación da represión sobre os integrantes das corporacións, fíxose uso de datos procedentes de bibliografía, achegas de historiadores locais, fontes hemerográficas e fontes arquivísticas. No que respecta a estas últimas realizouse unha pescuda para cubrir notables baleiros informativos. Nunha primeira fase visitáronse numerosos arquivos municipais, pero tamén outros depósitos documentais de especial relevancia para esta temática como o Arquivo do Reino de Galicia —onde se atopa o Arquivo Provincial da Coruña—, o Arquivo Intermedio Militar do Noroeste ou o Arquivo do Proxecto Nomes e Voces. Variadas investigacións previas sobre este tema, de ámbito local ou provincial, tamén achegaron información ao respecto.

Fundamental foi a colaboración de historiadores locais, xa que sen eles non poderíamos atopar datos aos que, transcorridos oitenta anos, non resulta nada doado achegarse. Neste sentido, cómpre sinalar as achegas de Juan Sobrino (Eume), Manolo Pazos (Ordes), Henrique Sanfiz (Fene), Carlos Castro (Neda), Bernardo Máiz (Ferrolterra), Xoán Hermida (Barbanza), Xesús Torres (zona de Betanzos), Xosé Luís Rivas (Boimorto) e Luis Lamela (Costa da Morte). O proxecto amósase moi agradecido a todos eles pola súa contribución a esta meta común.

O descubrimento do pasado nunca é pechado, sempre é un proceso en construción. As dificultades inherentes a esta temática precisan de elementos non rexistrados ou accesibles totalmente. Facemos unha chamada á cidadanía, á sociedade da provincia, para que nos achegue a información que reteña. Tentaremos que sexa debidamente atendida, en beneficio do coñecemento daquela realidade. O coñecemento, ou é común, ou non é.

*Emilio Grandío (Coord.),
Alfonso Iglesias, Rosalía Regueiro, Manuel Pérez e Eliseo Fernández*
Proxecto Xeración Perdida (Grupo de Investigación HISPONA-USC)

1. Poder local e II República ata as eleccións de 1936

Emilio Grandío Seoane

Para tentar achegarse a estas páxinas que tedes diante debedes olvidarvos do presente, coa inmensa carga de recordo e memoria que sobre estes anos temos xa configurada case ‘de serie’ dende que nacemos, do punto de inflexión do noso século XX. A chegada do século XXI e a irrupción da memoria como un elemento determinante na construción dese pasado tamén inflúe sen dúbida na percepción actual. O debate sobre o pasado no momento en que escribimos estas liñas atópase influenciado de xeito enorme pola política. Non é doado escribir historia dun xeito non subxectivo, e menos sobre historia política nestes tempos que corren.

A Segunda República foi un tempo de liberdades. Un espazo de construción de proxectos demandado durante anos. Décadas. O sistema da Restauración quedara caduco. Só se formulou a saída cara adiante, coa chamada de Alfonso XIII ó Xeneral Primo de Rivera. Este pretendeu facer as reformas que necesitaba o país. As súas primeiras proclamas falaban de ‘limpar’ o caciquismo. Non era algo de bandos, senón necesidade de modernización: o aparello político lastraba a capacidade de desenvolvemento do país. Todos estes anos sen reformas provocaron un incremento das críticas cara a Monarquía, que non era quen de poñer solución aos problemas de representatividade pública que as clases sociais emerxentes pedían para o país.

As demandas sobre unha maior democracia e representatividade, que derivaron en 1931 na chegada da II República e a saída da Casa Real de España, non procedían exclusivamente dos sectores sociais menos favorecidos da sociedade. Senón que a chegada do réxime republicano veu precedida dunha axitación notable, especialmente visible no ano 1930. Eíquí conxugouse unha converxencia de intereses contra o muro estático que semellaba figurar a falta de iniciativas de futuro da monarquía. Contra ela, como representante e clave do sistema, atopábanse dende os sectores anarquistas ata boa parte da burguesía financeira e industrial. Mesmo aqueles sectores que cara ao exterior defendían a monarquía recoñecían a necesidade de apostar por un



LA CORUÑA.—Los abogados y alcalde saliente y entrante, señores González Rodríguez (1) e Iglesias Corral (2), con los funcionarios municipales en el acto de toma de posesión del segundo

Foto da toma de posesión da Alcaldía da Coruña de Iglesias Corral. A.C.G. - Num. 27, 08/1932.



LA CORUÑA.—Momento de sacar en hombros de la Casa Consistorial el cadáver de D. Antonio Lens Viera, inspirador y presidente de varias entidades benéficas de La Coruña

(Foto Blanco.)

Saída do Concello da Coruña do primeiro alcalde republicano: Antonio Lens Viera. A.C.G. - Num. 41, 10/1933.

cambio que sacudirá os cimentos e enlazara en maior medida a España coa Europa dos anos trinta.

O matiz é relevante, xa que o que veremos a partir d'agora sobre as corporacións republicanas da provincia da Coruña ata as eleccións da Frente Popular, non encaixa moito coa imaxe que se difundiu desta República tras a sublevación militar de xullo de 1936. A imaxe do radicalismo da República desbótase totalmente cando menos ata finais de 1934. E mesmo despois os matices son importantes para entender o proceso que tivo lugar. Dende logo que non se pode ver cos ollos de hoxe mais os protagonistas do cambio democrático que tivo lugar no Estado dende principios de 1931 teñen pouco que ver coa imaxe do 'rojo' asalta igrexas e conventos.

Só foi posible botar abaixo o sistema monárquico tradicional cunha grande coalición de intereses e grupos. De obxectivos distintos —dispares en moitas ocasións— mais todos eles entendían que a monarquía era un atranco para o progreso. Esta unidade de acción xa se tentara en 1917 mais non foi posible. Mais si en 1931, mesmo tras o fracaso de finais de 1930 na revolta de Jaca e Cuatro Vientos. O exército era peza decisiva en calquera cambio de goberno en España. Convertíuse case nunha lei non escrita que dotou de continuidade ao século XX español tras un XIX marcado polos pronunciamentos.

Varios grupos. Varias identidades con reducido acceso ao sistema de representación que necesitaron para sobrevivir durante tantos anos unha constante reafirmación das súas culturas políticas. Créanse e desenvólvense durante décadas con moi pouca relación entre elas, sen vasos comunicantes suficientes. Todas elas representan opcións de cambio. Un cambio que case se convertía en utópico pola demora, e que eclosiona en 1931. Dende o anarquismo máis revolucionario, ata un socialismo influenciado polo éxito da Revolución Rusa e a estabilidade da URSS, pasando por potentes sectores burgueses, responsables en grande parte da modernización dos sectores económicos do país, que precisaban agora da súa representación política. E mesmo grupos conservadores que entendían que a sociedade tería unha maior estabilidade a medio prazo cunha reforma en clave democrática.

Todas estas identidades teñen un proxecto de futuro a medio prazo. O sistema semella deixar un grande baleiro de poder, mais a imaxe da 'niña bonita', da alegoría da República, agacha tamén un enorme espazo de continuidades inevitables. Loxicamente un poder que vai ser exercido por persoas diferentes, novos grupos con novos obxectivos mais que para executar poder real teñen que ter en conta o terreo sobre o que pisan.

Veremos ao longo de toda a II República claros e tamén sombras, lóxicas no proceso político, nada estrañas para a sociedade europea na que se inserta.

Mais de todos os grupos mencionados os que sen dúbida podemos considerar protagonistas na construción da II República foron os sectores reformistas de esquerda. Sectores de clase media e alta, formados e ilustrados, que desexaban arranxar o que consideraban desaxuste entre poder económico e representatividade pública, entre a capacidade da España real e a ficción da España oficial que dicía Ortega. Xente como Ortega, Marañón, Salvador de Madariaga... apostaron tamén por esta vía. Non o esquezamos. A solución non a daba o vello réxime. Había que construír un novo. E tiña as súas complicacións. Mais son os sectores burgueses os que poden tomar o control do poder en pouco tempo. Son eles porque entre outras cuestións non o pode tomar calquera. A necesidade de cadros técnicos neste caso non foi un problema. Eran en grande parte sectores ben formados técnica e intelectualmente, que xeran un novo relato político. Mesmo sectores financeiros, patronal da construción, referentes en cada Concello dun novo mundo que tiña moito que ver con tomar o rumbo do destino público. Da 'Res Pública'.

Mais o terreo onde se xogou esta partida, máis alá dos protagonistas e as súas circunstancias internas, non foi precisamente doado. O contexto internacional dos anos trinta exacerbou notablemente as responsabilidades de cada quen. E sobre todo desbordáronse as expectativas. A maioría dos problemas xurdidos durante a II República teñen lugar por aparición de circunstancias alleas á mesma realidade do xogo político interno. Elementos non previsibles nin controlables como, por exemplo, o ascenso ao poder dos nazis en Alemaña provoca unha radicalización das formulacións da dereita e da esquerda tradicional, embelesadas polas solucións que comezaban a albiscarse polas alternativas totalitarias: URSS, Alemaña, Italia...

A Segunda República foi ata 1933 algo moi semellante á nosa democracia actual en canto a rutinas e conflitos propios, arranxados dende o respecto e a tolerancia, co obxectivo da construción da 'Res Pública'. Medidas en torno ao ensino, a propiedade da terra, a cuestión territorial, a orde pública, o papel do Exército, a presenza exterior... ían tomando corpo cun gabinete reformista dende abril de 1931 sempre coa precaria necesidade do apoio dos socialistas, e que, a partir de principios de 1933, decidiron apostar por outra vía de construción da República. Esas reformas son a base do que hoxe quedou como o legado da II República. A nivel local, cada concello, cada lugar, cada comunidade, tentaba adaptarse á unha nova realidade política. Cada unha tiña as súas dinámicas propias, e tamén os seus representantes, que protagonizaban estes cambios.

Cheguemos pois a 1931, cando os primeiros representantes no novo poder suben aos pazos consistoriais. Cando pasan da teoría á práctica, da ética política á execución de orzamentos reais... Un tránsito agardado durante décadas, que irrompe con mostras de felicidade.

‘Revolución’

O proceso electoral de abril de 1931, dese voto do domingo 12, deu dous días despois unhas cifras de apoio ás candidaturas republicanas que permitiron ese cambio de réxime. Aínda que o resultado non foi rotundo a favor delas, si o foi nas capitais de provincia de toda España: todas menos sete se inclinaron polo cambio de réxime. Na cidade da Coruña o resultado foi abrumador a favor dos republicanos (34 a 5) e o triunfo foi un feito incontestable noutras localidades como Betanzos. O número de candidatos republicanos elixidos na provincia foi notable.

A circular número 70 do Ministro de Gobernación aos gobernadores civís das 13’30 horas do 14 de abril na que se indicaba a intención do monarca para chamar a consulta a “prohombres políticos del grupo constitucionalista” foi seguida da número 71, xa asinada polo Goberno Provisional da República, indicándolle aos gobernadores civís que entregaran e pasaran o poder aos Presidentes de Audiencia. Percíbese un enorme troco na linguaxe empregada no discurso:

En este momento acaba de posesionarse en Gobernación del Poder público el Gobierno provisional de la República con la asistencia fervorosa del pueblo y la cooperación leal y respetuosa de la fuerza pública. El entusiasmo es sólo comparable al orden perfecto que impera en la capital y en todas las poblaciones, según las noticias que nos comunican....

A nuestra posesión precedió esta mañana conferencia del Conde de Romanones en representación del Gobierno caído y de la Corona renunciante, en la cual trató con el Presidente del Gobierno provisional, que procura, y esa conferencia lo confirma, instaurarse sin violencias, asentado sobre la opinión ya demostrada del país y deseoso de que, como encargo especialmente a V.E. y debe hacerlo presente a este noble y generoso pueblo, la continuación del orden sea el remate del ejemplo de ciudadanía dado por nuestro País¹

Nunca ata aquel momento se realizara no Estado un cambio de sistema de tanta transcendencia política e pública sen utilización da violencia. Nunha das primeiras sesións da corporación republicana herculina mesmo se ampliaba a súa repercusión: “Puso



Vista dos Cantóns (A Coruña). A.C.G. - Num. 27, 08/1932.

de relieve y ensalzó el ejemplo de civismo ofrecido por el pueblo español, que supo transformar un régimen, sin alterar el orden, caso singular en la Historia del Mundo”².

‘Revolución’ foi o significado de abril de 1931 para boa parte da sociedade galega. O cambio de poder significaba algo nunca visto en xeracións. A capacidade de cambiar de mans os resortes de poder. E non só de persoas, senón que se pretendía levar adiante un proceso de democratización homologable coa súa contorna. Dende o Sexenio Democrático, na década dos sesenta do século XIX, non se vira cousa igual. A iso axudou sen dúbida o derrubamento do entramado institucional da Monarquía, visualizando o baleiro de poder e a ausencia de alternativas continuistas a desenvolver a medio prazo.

Neste contexto e non outro é como se poden entender as verbas dos novos dirixentes republicanos nestas primeiras horas. Por exemplo, do recién nomeado Alcalde de Ferrol na xornada do 19 de abril, o socialista Xaime Quintanilla, home non precisamente novato nestas lides e de longo percorrido político e sindical:

La revolución, no sólo ha de transformar las cosas sino los conceptos... Han de aceptar las nuevas generaciones el trabajo como un juego hecho con la alegría y con la misma emoción que un juego corriente de la vida... ha de estar informado de la alegría que precede todo hecho de creación³

‘Revolución’ para os protagonistas destes primeiros anos era mudar a representatividade e os obxectivos que debía ter o Estado. Prefigurábanse en parte as tentativas reformistas dunha socialdemocracia dos anos posteriores á Segunda Guerra Mundial. Unha reforma do Estado cara atender os intereses das clases máis desfavorecidas, desenvolvendo as posibilidades que ofrecían ‘colchóns’ de seguridade como o desenvolvemento das bolsas de colocación do paro obreiro, ensino, sanidade, dereitos laborais... Mais tamén tendo en conta a deriva revolucionaria dos sindicatos de clase maioritarios, anarquistas e socialistas, aos que se lle engadirían sectores comunistas ou falanxistas. Para todos estes, a República era un paso, un medio para chegar á ‘revolución social’.

O ‘reseteado’ da sociedade civil respecto da República no que significaba de salto adiante dado en relación coa ditadura era un feito sen marcha atrás. O Gobernador Civil da provincia García Labella no mesmo día en que toma posesión, o 16 de abril, envíalle un telegrama ao Ministro de Gobernación no que lle indica que estudantes, obreiros e ‘outras persoas’ solicitan destruír os ficheiros da ditadura de sospeitosos e políticos⁴.

E tamén era ‘Revolución’ para os sectores conservadores, impregnados todos eles dun substrato ideolóxico católico fomentado polo vencello entre xerarquía eclesiástica e o poder socio-político na España contemporánea. A mesma condición do cambio era sos-

peitosa: para a grande maioría da dereita, sobre todo dos primeiros anos republicanos, España só podía ser ‘monárquica’. E ‘católica’. As propostas dun Estado laico sacudiron e fracturaron pola base boa parte das sociedades locais. Moito mais do que pensamos. Foi o conflito de maior calado que se trasladou da II República nas sociedades de menor tamaño, especialmente respecto á secularización dos cemiterios. A perda destas propiedades polos párrocos foi considerada por boa parte destes como unha declaración de guerra. A publicística dende os primeiros meses da República contra os contidos laicistas da República foi unha constante, catalogando dende os primeiros meses ao cambio de réxime como ‘guerra civil’.

É que o que existía á altura da década dos trinta era un notable déficit de cultura democrática na sociedade española. A pouca que existía fora aprendida fóra. A maioría da práctica política en España durante mais de medio século vía o Estado como unha serie de grupos que se alternaban no poder é ao que había que dirixirse con certa información previa de onde ir e onde chamar. A resposta era considerada unha excepción. Un regalo, non un dereito. Nunha contorna allea, como un elemento estraño e inabarcable. Só para ‘iniciados’.

Esta percepción da relación entre gobernantes e gobernados é a que se tenta cambiar tras abril de 1931, mais non é posible mudalo da noite á mañán. Sen dúbidas, hai determinadas rutinas políticas que permanecen. Do mesmo xeito que o maior recordo das comunidades locais da República sería o conflito coa Igrexa —ou en clave máis positiva a pegada dos novos mestres—, tamén é verdade que a continuidade nos xeitos de actuación é unha realidade na maioría dos concellos. Era imposible mudar os valores culturais do cidadán respecto do Estado en pouco tempo. Precisamente cando comencian a otearse no horizonte os cambios introducidos, a crispación política incrementábase ante a debilidade do gabinete reformista en 1933 e o paralelo ascenso dos fascismos.

Mais voltemos atrás. Xa demos uns pasos adiante. A convocatoria de abril de 1931 fora considerada por todos os sectores como un plebiscito sobre a fórmula de goberno. Tamén, aínda que coa boca pequena, pola propia administración monárquica incapaz de ver unha solución ao atranco institucional no que se atopaba. Se atendemos a esta consideración, e lendo as páxinas impresas pola prensa periódica daquela, case é máis unha ‘transición’ que unha ‘revolución’. Esta verba resposta máis ás necesidades de dotarse dunha marca de imaxe polos novos dirixentes republicanos, que dunha percepción xeralizada do que acontecía entre os sectores máis conservadores. A nivel local non houbo grandes cambios, máis alá da chegada de xeracións de políticos con

ideas novas baixo o brazo, e a espontánea alegría doutros, especialmente nos núcleos urbáns e vilas da provincia, polas expresións de ansia de liberdade creadas baixo a presión da Dictadura.

Existían grupos que xa se atopaban preparados para solventalo. A ORGA-FRG (Organización Republicana Gallega Autónoma-Federación Republicana Galega) funcionou a xeito de plataforma electoral para numerosos candidatos de distintas organizacións e independentes, que demandaban maior actividade. En marzo de 1931 esta plataforma estaba feita e continuaba o proceso de unidade de acción a favor do republicanismo cimentada no Pacto de Lestrove meses antes. A presenza de Casares Quiroga dentro dos órganos de decisión da oposición republicana, mesmo coa súa estadía no Cárcere Modelo de Madrid, como participante xunto outros líderes republicanos na tentativa de botar abaixo á ditadura, daba solidez a un proxecto reformista personificado nel. De feito, poñía a Galicia no mapa da nova República.

Non se pode entender este salto sen estas plataformas previas, sen un traballo de divulgación e extensión de redes de cadros polas reformas. Casares montou un entramado na provincia da Coruña, chegando a grande maioría dos concellos da circunscrición dende a súa referencia da capital provincial. Mais presentando un proxecto galego e republicano, que permitía xogar con cartas distintas, valoradas no grupo dirixente que protagonizaría a Segunda República.

Poder: teoría e práctica.

Realmente a práctica deste proceso foi levada de xeito moi satisfactorio para os novos dirixentes nas corporacións galegas, moi especialmente na provincia da Coruña. O control da Xestora Provincial republicana, a súa capacidade de imbricación nas redes políticas locais para permitir un tránsito pacífico do poder foi moi valorado polo Goberno Provisional da República, e permitiu lanzar á primeira fila política do Estado a Casares Quiroga. As Xestoras do FRG reveláronse como a peza que mantivo firme o cambio do sistema. Non estiveron exentas de problemas. Na madrugada do 19 de abril Laureano Santiso Girón, o secretario da FRG, enviaba un telegrama ao Ministro da Gobernación para tomar medidas respecto da reticencia de certos integrantes da comarca de Santiago:

Como Secretario Federación Republicana Gallega respetuosamente protesto procedimientos empleados esta provincia constitución Ayuntamientos rurales que envuelven franca consigna colaborar organizaciones caciquiles y ruego V.E. amplie facultades Gobernador civil si ha de evitarse pérdida de esperanzas ciudadanas



Ao fondo, Casa Consistorial de Cedeira (1934). A.C.G. - Num. 44, 01/1934.



Ministro de Trabajo, Alcalde de Ferrol e representantes locais (1935). A.C.G. - Num. 64, 09-1935.

en la República. Concreto protesta contra poderes otorgados caciques monárquicos antes tomar posesión nuevo Gobernador para constituir Ayuntamientos interrumpiendo y rectificando sana gestión esta Federación y republicanos Santiago. Le saluda a V.E. Santiago Girón⁵

Santiso temía polo proceso. As denuncias sobre a elección de candidatos monárquicos en abril foron constantes. A corporación republicana de Noia tamén enviaba un telegrama ao Ministerio de Gobernación no que indicaba que “últimas elecciones municipales constituyen baldón infamante para este pueblo... Totalidad monárquica electa este Municipio fue conseguida por cohecho, soborno, presiones ruines de toda índole”. Terminaba rogando que se anularan aquelas eleccións municipais, aquí manifestamente ilegales⁶.

Os primeiros días tomáronse dun xeito especialmente intenso, e aproveitáronse na medida do posible as facultades que se lle concederán á xestora para a constitución de concellos. Por exemplo, no día 24 de abril nomeáronse as xestoras locais dos concellos de Coristanco, Fisterra, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo, Zas, Arzúa, Melide, Touro, Cerceda e Cambre⁷. Mais non sempre se atendían as disposicións dos representantes políticos afíns. Así, por exemplo no concello de Ordes rexeitouse o candidato proposto polas xestoras, colocando o Gobernador Civil ao seu candidato, apoiado polo Ministerio de Gobernación xa que “las protestas presentadas carecían de importancia suficiente para anular elección, sin que mediara imposición de ninguna clase”⁸.

Cada espazo local, cada comarca, agachaba unha casuística singular. En Oleiros, o seu Comité Republicano protestou de maneira directa ante o Ministro, polo xeito ilegal da constitución da súa corporación con monárquicos⁹. Non foi exento de certa preocupación o cambio cara a República nalgúns localidades clave, como por exemplo, Ferrol. Na cidade departamental recíbense ‘rumores alarmantes’ dende o 20 de abril coa actitude da Mariña, e filtrase unha reunión de mandos da Armada para comentar a chegada do novo goberno local. O Gobernador Civil decidiu montar unha “discreta vigilancia y concentración Guardia Civil”¹⁰. Nos concellos de Sada e Serantes tamén se observaron certos problemas de alteración da orde pública. Na explicación do Gobernador Civil cara ao concello insístiase na actitude de determinados elementos caciquís dos xulgados municipais: “En Galicia, tan azotada caciquismo, más que otros lugares Juzgados municipales son madrigueras caciques e instrumentos opresión”¹¹.

Se ben as contornas urbanas e vilegas tiveron unha adaptación rápida ao novo réxime, as que preocupaban eran sen dúbida as contornas máis rurais —e menos comunicadas— onde o cambio de réxime sufría máis. Era necesaria unha maior actividade go-

bernativa neste senso, como demandaba o chamado 'Grupo Huici' da Coruña en carta enviada na noite do 28 de abril:

Grupo amigos republica manifiesta V.E. letargo población rural. Creemos deber advertírselo para que ordene Gobernadores organicen actos públicos rápidamente propaganda republicana cuanto respecta región gallega caciquismo labora intensa solapadamente llegaran elecciones constituyentes y alzarán eficazmente cabeza contra republica. Mantenimiento excesivamente correcto viejas cosas ponen grave peligro porvenir¹²

Aínda que o proceso xa fora iniciado de xeito masivo para os entornos rurais apenas dez días despois do proceso electoral, semellaba que a orde establecida era acoplar na provincia o poder local ao novo réxime antes de rematar o mes de abril. Así o día seguinte da recepción da anterior carta envíanse dende o Goberno Civil da Coruña ata 28 expedientes doutros tantos concellos.

E quen ocupaba estes novos cargos? Eiquí tamén a casuística foi ben distinta. Hai unha sensación de 'agora tócanos o noso turno', no sentido de excluír das corporacións republicanas a vellos representantes monárquicos. Ou tamén daqueles que sendo elixidos non se viron capaces de traballar dentro da nova República. Non era estraño que isto tivera lugar e continuara. O 'turnismo' foi a praxe política que aprenderon estas xeracións. E o aprenderan estando do lado da exclusión. O 'consenso' foi unha verba clave para construír as democracias occidentais de despois da Segunda Guerra Mundial, mais non existía como referente nuns anos trinta que viron ascender os radicalismos de esquerda e dereita. Nacía un réxime que pretendía integrar todas aquelas culturas políticas desenvolvidas cada unha pola súa conta, mais que non podía esquecer nun período breve de tempo que formaran parte desa exclusión.

As opcións de cambio primaban. Aínda que houbo continuidades claras, nos ámbitos máis poboados a demanda de ruptura co anterior foi moi evidente. Podían levar adiante o seu proxecto. Así acontecía nas sesións de agosto de 1931 no concello da Coruña, cando os concellais Valeiro e Blanco Lemus defendían unha enmenda na que precisaban que o concello non debía "apoyar a gentes que han tenido relación con el pasado régimen dictatorial, desligándose de toda influencia procedente de elementos de aquella época"¹³.

Ou no Bando de proclamación do réxime republicano en Ortigueira: "¡Ciudadanos! Los que sostengais, una ideología contraria, poned a prueba vuestro patriotismo para acatar con respeto el advenimiento de la República"¹⁴.

No concello de Narón chegouse a apoiar en novembro de 1931 unha proposición do concello catalán de Figueras na que se solicitaba das novas Cortes Constituíntes un castigo de inhabilitación de cargos públicos durante dez anos para aqueles que o exerceran durante a ditadura¹⁵.

En boa parte por este tipo de consideracións iniciais, hai un elevado grao de concellais nas primeiras corporacións republicanas galegas, tamén nas da Coruña, cunha caracterización política ambigua. Denominacións políticas de concelleiros como ‘republicanos independentes’, ‘republicanos agrarios’, ‘independentes’, ‘republicanos’... agochan dende persoas con poder local de vello que seguen nos primeiros anos da República, ata sectores con prestixio na súa comunidade que non teñen aínda un oco organizativo onde gozarse. Mais isto mesmo reflicte ben ás claras que o troco cara a República non foi a ‘revolución’ que agardaban, senón un proceso transitivo, cos seus potenciais problemas, que permitiu o acceso de sectores relevantes da súa sociedade.

No caso da provincia da Coruña hai outra circunstancia singular. Hai un considerable número de concellos que realizaron novas eleccións locais o 31 de maio de 1931, con practicamente o mesmo proceso de abril de 1931. Segundo comunicación do Gobernador Civil de outubro de 1933 convocáronse estas eleccións de maio na totalidade dos concellos da provincia, coa excepción das tres cabeceiras provinciais —A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela—, xa que eíquí non foran protestadas as eleccións de abril. Hai que ter en conta que estes comicios, como os anteriores, foron realizados baixo o modelo censitario da monarquía, de aí as reducidas cifras do censo electoral que amosan estas votacións nos Libros de Actas dos concellos. Isto permitiu elixir representantes nesta circunscrición xa dende o sistema republicano, non dende a indefinición dunha elección local que permitía ‘de facto’ decidir sobre o sistema de goberno do Estado.

Tamén houbo os seus problemas nestas eleccións, aínda que de carácter máis esporádico que as primeiras, xa que a oposición estaba aínda ‘en shock’ polo éxito nun proceso de cambio que nunca viron tan doado. No concello de Trazo o 28 de maio unha masa de xente liderada por un “cacique y licenciado de presidio” entra nas súas oficinas e ten que fuxir todo o persoal. Mesmo membros do Centro Republicano de Santiago e o deputado provincial Santiso Girón tiveron que ser protexidos por forzas da Guardia Civil procedentes de Arzúa¹⁶. Noutros lugares o control foi excesivo. Según Alfredo Erias en Betanzos, resultou triunfadora a ‘Coalición Republicana-Socialista’, mais as cifras de votación exceden o censo en 1.065 votos...¹⁷



Proclamación da República en Betanzos (Erias, 2001)



Representantes do Concello de Santiago con membros do PG nas festas de Santiago, 1932
(Arquivo AC Irmáns Suárez Picallo)

A provincia do ‘casarismo’

Aínda que non na súa totalidade, dende logo na inmensa maioría dos concellos da provincia os representantes electos tiveron estabilidade. Esta posición política privilegiada nos inicios do réxime, xunto a unha firme vontade de cimentación da República, permitiu recoller nesta circunscrición unha porcentaxe enorme da representación política local cara a organización que pilotaba o cambio: a ORGA, o PRG, a FRG... os ‘Casaristas’.

Os Casaristas foron a organización que funcionou como referente durante o primeiro bienio republicano. Mais tamén, seguirán a selo nos tres anos seguintes, xa que o seu protagonismo na construción do réxime será indudable, e lle permitirá manter unha posición decisiva ata as eleccións da Frente Popular. Especialmente nesta circunscrición. Hai reaxustes en 1932 respecto das corporacións de 1931. As maiorías poden mudar da ORGA ao Partido Radical, ou do PSOE á ORGA, mais a ORGA-PRG neste 1932 controla 67 dos concellos da provincia nesta primeira lexislatura republicana. A grande distancia lle seguían outros partidos como o PSOE e Partido Radical con 11 cada quen¹⁸. O seu dominio da provincia era, como vemos, absoluto.

Mais o cambio ‘formal’ feito nos nomes das filiacións dos representantes políticos agachaba unha realidade matizable da versión do éxito aplastante das candidaturas de esquerda. É ben certo que moitos partidarios do antigo réxime simplemente cambiaron a denominación para ter posibilidades de integrarse nas novas estruturas de poder. Mais claro que había continuidades, visibles tras a tentativa fallida de golpe militar do Xeneral Sanjurjo no verán de 1932. O seu fracaso destapou toda unha serie de grupos e persoalidades que pensaron, aínda sen ter moito recorrido a sublevación, que só con volver a facer un chamamento ao retorno da monarquía esta voltaría a recuperar o poder perdido no Estado. O medio para facelo: os grupos militares. Como sempre. Mais neste caso, un grupo reducido. Moitos non viron o momento maduro para arriscarse, e mesmo non vían unha situación tan negativa como para pensar no retorno da Monarquía. Cando menos tan cedo. A sensación nestes sectores era que a República era como unha especie de gripe: algo sorprendente, para a que non foron avisados, mais que co tempo se volvería á ‘normalidade’. O ‘normal’ era a dirección do Estado no monarca Alfonso XIII. Para eles non había outra alternativa.

Esta percepción fixo que saíran á luz pública unha serie de traballadores municipais que expresaron as súas conviccións de botar abaixo o réxime republicano. Entre agosto e setembro de 1932 temos constatado a suspensión dos postos do médico de Arzúa, do responsable da Guardia Municipal de Ferrol, de funcionarios dos concellos de Boi-

morto, Brión e Coristanco. No caso do Médico de Arzúa indicábase que había sospeitas de que organizara certa recadación de apoio á sublevación entre a rede de párrocos do concello. Salientable foi tamén o caso do director do xornal 'El Ideal Gallego' e letrado asesor do concello herculino, Martínez Pereiro, xa que a súa expresión monárquica era notoria nos artigos que asinaba como JOMARPE no diario¹⁹.

O traballo de afianzamento das corporacións locais na circunscrición fora tan rotundo que cando ten lugar a repetición de eleccións para cubrir vacantes na primavera de 1933, na provincia da Coruña —xunto a da Ourense, por certo, aínda que doutra orientación política— non se realiza esta segunda volta. Como comparativa indicar que en Lugo realizáronse eleccións para cubrir vacantes en 19 concellos e en Pontevedra en 8. Algúns xornais de carácter opositor indicaban que na provincia da Coruña existían algúns concellos con mais dun terzo dos postos de concelleiros aínda vacantes, a porcentaxe necesaria para levar adiante este proceso. Aludíase na nova do 'El Ideal Gallego' do 29 de marzo de 1933 ás corporacións de Curtis, Valdoviño, Teo, Poboá do Caramiñal e Mazaricos.

Neste 1933 a realidade do bloque de poder reformista desmoronouse. No outono, a formación de distintos gabinetes de circunstancias demoraban a inevitable convocatoria de novas eleccións. A percepción dalgúns gobernadores civís sobre a realidade da política local da provincia non era precisamente moi halagüeña. Así se expresaba o titular do Goberno Civil o 1 de outubro deste ano, Ricardo Gasset, quen prepararía a convocatoria electoral duns días máis tarde:

Las Autoridades locales de esta provincia, en general, y creo que las de todas las provincias, salvo muy honrosas excepciones, no están a la altura de los cargos que ostentan, ni sienten la importancia de sus deberes ni la inquietud del momento, lo que es difícilmente remediable mientras no se consiga elevar el nivel intelectual de la población rural²⁰

As eleccións do 19 de novembro de 1933 permitiron constatar a derrota practicamente absoluta da esquerda e a victoria dos conservadores, aínda que sen un partido dominador claro. A opción de Gil Robles, e o seu partido a CEDA acadou o maior número de escaños no Parlamento, mais non é vista de xeito positivo polo Presidente Alcalá Zamora, polo que lle encomenda a formación do Gabinete ao vello Lerroux, desexoso de escalar no poder máis necesitado do apoio 'tácito' da CEDA para gobernar. Iniciáase así un período de goberno de grande e sutil beneficio para os de Gil Robles, cun gabinete cada vez máis decidido a frear boa parte das reformas iniciadas nos dous anos anteriores. No plano local, de xeito progresivo, vaise observando que a relación

institucional que antes tiñan corporacións locais da Coruña co Goberno central vaise deteriorando. Xa non está Casares no poder. A cor política é outra. Hai un proceso iniciado dende principios de 1934 de cambio nalgunhas corporacións cara posicións de dereita, concretamente coa elección de xestores interinos de filiación preferentemente radical. O partido no poder.

Mais as cotas do poder local da provincia seguen a continuar nas mans da estrutura casarista. ORGA e 'Republicanos' teñen a maioría en 56 concellos —cerca do 60% do total—, mais vai aumentando o peso da organización á fronte do Goberno: Partido Radical e 'Republicanos Conservadores' teñen maioría en 24 concellos (máis dun 25%). O PSOE descende ata o control de só 7 concellos e a CEDA é determinante en 4.

Antes e despois de Outubro de 1934

De xeito progresivo a dependencia dos radicais do apoio cedista é tan grande que se ven forzados a aprobar a súa entrada no goberno, circunstancia que viña sendo anunciada dende meses antes. Tómase unha posición decidida e firme nos primeiros días de outubro coa inclusión de tres ministros da CEDA. Mais tamén dende tempo viña sendo anunciado que os sindicatos de clase non ían aceptar a entrada de representantes dunha organización que consideraban 'fascista'. E proclamouse a anunciada 'folga xeral revolucionaria'.

Os feitos máis relevantes da mesma tiveron lugar en Asturias e Barcelona, mais espallouse con distinta intensidade por todo o Estado. Na provincia coruñesa non foi onde tivo unha maior resposta, en grande parte porque as organizacións anarquistas se atopaban desfeitas tras unha folga xeralizada de varios meses tras as eleccións de novembro de 1933. Os feitos acaecidos foron protagonizados sobre todo por membros uxeitistas e das Juventudes Socialistas, con certas implicacións de sectores de Izquierda Republicana.

Precisamente os representantes locais deste último partido, nacido tras a derrota electoral de 1933 a través da unidade de acción de organizacións afíns á formulación azañista, e no que se integrou tamén a estrutura casarista, foron barridos na resaca da Revolución de Outubro. O goberno suspendeu toda actividade política á esquerda da liberal Unión Republicana. A denuncia da súa implicación nos feitos provocou un colapso no sistema de representatividade local, solucionado coa elección ás presas de novos xestores municipais. Procurárase a maior identificación posible do equilibrio das opcións políticas no goberno, elixindo a representantes do PR e da CEDA.



Proclamación da República en Betanzos (Erias, 2001)

A suspensión de concelleiros tras outubro de 1934 foi aplicada nun total de 26 concellos, cerca do 30% da estrutura provincial. Os motivos aplicados foron variados: dende a acusación de irregularidades administrativas ata participación no movemento revolucionario. O 60% destas suspensións foron realizadas por non amosar ‘confianza’ ás novas autoridades republicanas²¹.

As suspensións de corporacións na provincia foron realizadas de xeito especial nos meses de outubro de 1934 e marzo de 1935. O partido que máis se viu reforzado na circunscrición foi o Partido Radical, que xa tiña certa presenza a través das vellas elites locais adaptadas aos novos tempos, mais o seu crecemento en número foi espectacular. Representaba un republicanismo máis apegado á tradición, nada sorpresivo e ademais vencellado ideoloxicamente ao partido no goberno no Estado, circunstancia relevante no espazo de poder galego. O crecemento da presenza do Partido Radical nas corporacións da provincia foi constante ata 1935: dominaba en 11 corporacións en 1931, 24 a principios de 1934 e tras os feitos de outubro e a suspensión das corporacións de esquerdas en 37²². Se a isto lle engadimos os 14 concellos nos que a CEDA ou as ‘Dereitas’ tiñan influencia determinante e os denominados como ‘Republicanos Conservadores’ do Concello de Negreira –coa influencia do deputado Reino Caamaño–, temos que o 55% das corporacións da provincia eran afíns ou achegados ó gabinete ministerial.

Mais quizais o mais curioso é que os casaristas, os homes agora de ‘Izquierda Republicana’, nunca descenderon do control do 40% dos concellos da provincia. Nestes intres, no punto máis baixo da súa influencia local, 29 municipios eran de ‘IR’ ou ‘Republicanos Independentes’, e 8 seguían a ser de ‘Unión Republicana’. Outras maiorías de goberno local en determinadas comarcas agachábanse detrás do vencello grupal a determinadas persoas influíntes, como a do Ortegal –con 6 concellos baixo a égida de Pita Romero, naqueles anos Ministro do Gabinete– ou o concello de Buxán –de quen se indica que está controlado por Iglesias Corral –naquel momento un dos homes de Portela Valladares na provincia–.

Hai que ter en conta que a composición destas xestoras foi feita a consecuencia dun –doutro– baleiro de poder productivo da suspensión por motivos políticos dos seus representantes locais. Mais en cada pobo, en cada aldea, coñecía-se ben a estrutura ‘real’ do poder. Os nomeados nestas xestoras foron dende o principio considerados ‘interinos’. Esta percepción de estar ocupando un espazo provisorio e por pouco tempo foi o que animou a algúns a recollelo, mais non a consolidarse. Coñecían perfectamente que non foran elixidos en sufraxio, nin co apoio popular. Nomeados polos Gobernadores Cívís en

réxime ‘excepcional’ de transitoriedade, derivou finalmente en case ano e medio de goberno. De feito, nos derradeiros meses de 1935 a asistencia ás sesións de moitos destes concelleiros era inexistente, entre outras cuestións pola perda de peso do Partido Radical no Goberno, mais tamén por esa sensación de ‘interinidade’. Houbo numerosas xestoras nestes anos republicanos, mais estas, xunto ás elixidas expresamente para impulsar a convocatoria electoral de febreiro de 1936 —que duraron apenas uns días—, son as que tiveron unha actividade pública máis reducida. A súa xestión foi, literalmente, a imprescindible. Non hai nestas xestoras grandes proxectos, senón agardar e cubrir o expediente ata que chegaran as seguintes eleccións co relevo. Fora quen fora. De feito, moitas continuaban nesa sensación de ‘transitoriedade permanente’ que, nunca remata de xeito definitivo, e que parece dominar o espazo político local republicano.

Esa sensación de interinidade víuse aumentada cando en abril de 1935 a CEDA decide non participar no apoio ao goberno. A súa argumentación residía en que os representantes radicais non atendían ás demandas dos cedistas como eles requirían. Aquela presión realizada ata outubro de 1934 por acadar espazos de poder era unha peza máis da súa estratexia, para a derrota do seu aliado. Dende logo non para a construción dun futuro gabinete conxunto. Debilitado o PR por circunstancias propias e polo efecto ‘rebote’ da entrada dos cedistas, a CEDA decídese dunha vez por todas a levar adiante o seu proxecto de acadar o poder sen acordos. ‘Todo el poder para el Jefe’ rezaba a propaganda electoral nas seguintes eleccións.

De xeito paralelo a esta retirada teñen lugar as demandas xudiciais dos representantes electos sobre o retorno aos seus postos, xa que según a Lei Municipal de 1877 —que era a que funcionaba: aínda dos intentos non se acadou a redacción dunha nova Lei Municipal nin a convocatoria de eleccións locais coa votación por sufraxio universal— a suspensión gubernativa non podía pasar de 50 días. A protesta do casarista Calviño Domínguez do 19 de marzo de 1935 ante o Xulgado da Coruña argumentabao deste xeito:

Así se explica el hecho —que por lo general y público no ha menester silenciar—, de que tantos y tantos concejales en España, suspendidos por parecidos motivos que lo fueron los querellantes-recurrentes, continúen en esa situación, sin que la más leve onda propagadora de noticias nos haya notificado la existencia de una causa criminal por la usurpación de que se duelen los apelantes; lo cual parece indicar, que el orden legal de suspensiones y destituciones concejiles, ante el imperio de la Ley de Orden Público, no ha sido vulnerado, y tiene cauce distinto que el marcado en dicha Ley municipal de 1877²³

O número de concelleiros asistentes aos plenos a partir do verán de 1935 foi en descenso ata chegar a niveis mínimos. Os Concellos quedaron case como ventanillas administrativas de relación necesaria coa administración. Os orzamentos dos anos seguintes paralizáronse en boa parte da xeografía galega. Só se recuperarían coas novas corporacións saídas das eleccións da FP. Á derradeira sesión do concello da Coruña só asistiron 4 concelleiros²⁴.

1936: Cara un novo ano... e un novo futuro

O camiño estaba aberto. A sensación de que as eleccións de febreiro de 1936 eran as decisivas atopabáse ben presente nos maximalistas discursos políticos, mais tamén na necesidade do Goberno de nomear representantes locais que levaran adiante do mellor xeito posible o proceso electoral. Evidentemente hai unha vontade do control do voto coa creación destas novas xestoras por varias zonas da provincia. Os gobernos de Portela Valladares entre os meses finais de 1935 e os primeiros de 1936 entenden que a solución reside na capacidade de xerar un número suficiente de deputados que funcionen de colchón entre a plataforma electoral de esquerdas Frente Popular e a unidade das dereitas noutra estrutura semellante, aínda en proceso de creación. As provincias galegas eran un elemento a gañar no aproveitamento da madura estrutura clientelar de Portela. Sen a intervención de Portela nalgunhas circunscripcións provinciais é imposible ler os resultados de febreiro de 1936.

De feito, no rumbo das corporacións locais da Coruña ata estas eleccións hai varias fases, moito menos diferenciadas do que podamos pensar a priori. Unha primeira caracterizada polo cambio de réxime, cargada de ilusión mais tamén de certa inesperienza. Esta, con distintas variables de intensidade chega ata principios de 1934, cando os primeiros gobernos de dereita comencan a tentar mudar a situación nalgúns concellos da provincia, aproveitando determinadas circunstancias procesais e denuncias para beneficiar ás organizacións locais de centro dereita, como o mesmo Partido Radical.

Esta vontade de cambio das corporacións en abril/maio de 1931 acelerárase coas repercusións e prohibicións tras a Revolución de Outubro de 1934. Eiquí entrarán nos gobernos locais, máis alá dos dous representantes políticos representativos do poder local republicano na provincia —‘Casaristas’ e ‘Radicais’—, novas forzas: CEDA e outras organizacións da nova dereita política. O período destas xestoras chegará ata a convocatoria das eleccións, aínda que nalgúns casos sendo substituídas por homes designados para levar adiante o proceso electoral.



Coruña.—Salida de la concurrencia al mitin pro amnistía celebrado en el teatro Rosalia Castro.—Fotos A. Blanco.

Antes. Saída do Teatro Rosalia Castro anexo ao edificio da Deputación Provincial e Goberno Civil. *Vida Gallega* 20/04/1931

O esquema típico máis xeralizado das corporacións da provincia sería a dun concello gobernado entre 1931 e 1933 pola ORGA, que adapta a súa maioría en 1934 con figuras de 'Republicanos Independentes'. O ano seguinte xa se atopa dirixido por homes do Partido Radical e/ou CEDA. A variabilidade é notable nas filiacións: en máis do 75% dos concellos houbo algún cambio na dirección da corporación entre 1931 e 1935. Aínda de todo isto, arredor do 10% dos concellos non mudaron a ningún dos seus concelleiros²⁵.

Mais as variacións serán moito máis perceptibles nas cidades, aínda que cada quen co seu carácter específico. Na Coruña haberá un dominio do reformismo republicano, que derivará tras outubro de 1934 na mestura de representantes do vello poder local e nova dereita. En Ferrol, o dominio do PSOE fará da cidade departamental unha cidade de enfrontamento e debate co Partido Radical, que representará a oposición primeiro e logo o goberno local xunto co apoio da dereita. O caso máis peculiar quizais sexa o de Santiago, onde a elección inicial dun número importante, mais non maioritario por si mesmo, de concelleiros reformistas sen adscripción ideolóxica definida permitirá que xogaran un espazo de centralidade e houbera unha notable continuidade na cor-



Coruña.- Manifestación organizada para llevar la bandera de la República al Ayuntamiento, al tenerse noticia del advenimiento del nuevo régimen.

Despois. Manifestacio cara ao Concello da Coruña o día 14 de abril de 1931. *Vida Gallega* 30/04/1931

poración compostelana ata a chegada da xestora da Frente Popular. Mais o da FP xa é outro proceso.

Naqueles anos trinta moraban toda unha serie de personaxes, comunidades e grupos, cos seus anxeos e esperanzas, de construción ou de estatismo, de cambio ou de moderación... Mais todos eles tiñan algo en común, decisivo para entrar nestas liñas de análise: non coñecían o futuro dramático que agardaba. Tampouco sabían que a ditadura resultante da sublevación do verán de 1936 ía durar catro décadas. Nin que o proceso de retorno da democracia ao Estado ía vir marcado por un acordo máis ou menos tácito de non remexer no pasado por medo ao que puidera saír. Isto determina moitas cuestións. A primeira delas os nosos prexuízos á hora de achegarnos a esta época. Tento utilizar a verba 'prexuízo' dun xeito absolutamente literal sen vontade de subxectividade.

Nestes cinco anos houbo máis continuidades que rupturas. Mesmo en boa parte das corporacións da provincia a chegada da xestora frentepopulista non foi a grande ruptura agardada. A grande ruptura veu sen dúbida en xullo de 1936...

XERACION PERDIDA CORUNA36

2. UN NOVO ESCENARIO: OS CONCELLOS DA FRONTE POPULAR

Manuel Pérez Lorenzo

Se existe un período histórico que teña sido especial obxecto de mitificacións, ese é o lapso de tempo que segue ao triunfo da Fronte Popular en febreiro de 1936. O que aconteceu despois, logo da sublevación militar de xullo, así o determinou. Malia se tratar da etapa máis breve da II República —cinco meses—, unha vez se converteu en parte do pasado, adquiriu consideracións enfrontadas nos esquemas mentais dos perdedores e dos vencedores da guerra. Transformouse no símbolo do que puido ser e non foi, da ocasión perdida, do punto de partida para construír un futuro en clave de modernidade que finalmente foi truncado. E foi empregado, precisamente polos que o truncaron, como representación de todo aquilo que os moveu a sublevarse.

Unha etapa breve, apenas nada. Pero que deu para moito, nun momento no que os ritmos aos que se movían as institucións, a cidadanía e o propio discurso da historia eran especialmente acelerados. Un momento no que cada paso adiante semellaba carecer de retorno posible, ata que chegou o tempo de desandar todos os pasos. A República foi iso: un lustro vivido a cámara rápida. Se nos situamos na pel dos cidadáns que en febreiro de 1936 se atopan ante a tesitura de determinar a composición do Parlamento e ollamos cara atrás, teremos atravesado, nese lapso de cinco anos, por unha sucesión de cambios e acontecementos que se nos amontoan na memoria como se se tratar de toda unha vida. Teremos presenciado a caída da monarquía e da ditadura e a chegada da democracia republicana. Dous procesos electorais municipais e dous estatais, con resultados de signo diverso. Unha sublevación militar, a de Sanjurjo de 1932, e un conato revolucionario, o de outubro de 1934. O nacemento e ascenso de organizacións e líderes políticos como Azaña, Gil Robles ou Prieto e a decadencia e desmantelamento de partidos e figuras como o PRR de Lerroux. Todo iso sen ter en conta os cambios derivados da actividade lexislativa das Cortes —o voto feminino, por exemplo— e da xestión política dos gobernos —reformas e contrarreformas—. E, ademais, nun contexto de crise das vellas democracias parlamentarias.

En febreiro de 1936, polo tanto, 1931 semellaba quedar xa moi atrás. As formas, as cosmovisións e, sobre todo, as persoas eran xa, en certa medida, outras. Unha nova xeración, formada á calor de todos aqueles procesos de cambio, abríase paso e reclamaba o seu papel na construción dese porvir imaxinado a base de encaixar pezas: experiencias vitais en tempos de crise económica e de desigualdades estruturais, frustracións polos procesos de reforma truncados e ilusión ante os novos paradigmas esperanzadores adquiridos na sala humilde do pequeno ateneo, na praza pública e salón de baile dispostos para o mitin, no artigo publicado en *Solidaridad Obrera* ou na conversa co veciño de “ideas avanzadas”. A nova xeración irrompía con ímpeto xuvenil e achaba a oportunidade que viña demandando: unhas eleccións como porta de acceso a un mundo novo.

Febreiro de 1936: un proceso electoral para escribir o futuro

Os comicios chegan precedidos de circunstancias excepcionais. A entrada no goberno da CEDA de Gil Robles constituíra para a esquerda unha ameaza evidente, á vista do daquela recente ascenso por vía electoral de opcións autoritarias en Alemaña ou Austria. Ademais, existe unha fonda fractura social marcada polos acontecementos de outubro de 1934, así as revoltas como a represión exercida a posteriori, coas cadeas ategadas de presos políticos. Por último, completa o complexo panorama do momento a desfeita que está a experimentar o PRR de Alejandro Lerroux, primeiro en escanos nas provincias galegas en 1933; un declive acelerado polos escándalos de corrupción —Estraperlo e Nombela— que saltaran á palestra meses atrás.

Nesa conxuntura, Gil Robles decide dar un golpe de temón: a CEDA abandona o goberno e esixe a presidencia do Consello de Ministros, en correspondencia coa súa posición como primeira forza do hemiciclo. O presidente da República, Alcalá Zamora, négase entón a entregarlle a Gil Robles o goberno, ao pertencer a unha organización política que se negara a proclamar a súa fidelidade á República, e opta por unha solución moito máis acorde coa súa personalidade: encarga a formación de goberno ao centrista Portela Valladares. Deste xeito, o 15 de decembro constituíase a nova equipa presidida por Portela que, non obstante, nacia cunha folla de ruta marcada pola convocatoria dunhas novas eleccións. O 7 de xaneiro disolvíanse as Cortes. Os comicios quedaban fixados para o 16 de febreiro.

Comezaba a carreira electoral. Unha competición que adquiriría carácter plebiscitario coa comparecencia de dous grandes bloques á esquerda e á dereita e a conversión do proceso nunha consulta para a redefinición do modelo de Estado. Do modelo,

mesmo, de sociedade. Nese contexto sumamente polarizado, o centro quedaba á marxe, malia á tentativa de Portela e Alcalá Zamora de configurar unha minoría que permitise ser chave de goberno. Por ambas bandas comezan axiña a organizarse as dúas plataformas políticas confrontadas. O 15 de xaneiro constituíase a Fronte Popular que integraba ás organizacións de esquerda, desde o ámbito do republicanismo (Izquierda Republicana e Unión Republicana) ata os partidos obreiros (PSOE, PCE ou POUM), e contaba con amplas correntes de apoio nas centrais sindicais. A estas forzas sumábanse formacións nacionalistas como o Partido Galeguista. A nova coalición nacía coa perspectiva electoral como primeira meta, cun acordo que facía fincapé na excarceración dos presos da Revolución de Outubro, na continuación das reformas do primeiro bienio e na posta en marcha dos procesos autonomistas. Porén, alén das eleccións de febreiro, os integrantes da fronte de esquerda vían na plataforma tamén unha ferramenta a consolidar a longo prazo co fin de afrontar procesos electorais posteriores. Sen demasiados problemas, nos primeiros días de febreiro quedaba conformada a candidatura na provincia da Coruña, conformada por Izquierda Republicana como forza preeminente —baixo o liderado de Casares, que encabezaba a lista—, PSOE e Partido Galeguista.

Na beira oposta, o proceso había ser bastante máis complexo, mercé, en boa medida, ás friccións entre a CEDA de Gil Robles, o partido de masas da dereita, e o Bloque Nacional de Calvo Sotelo, cun discurso abertamente monárquico e antidemocrático. As candidaturas negociáranse en cada provincia por separado, con disparidades en canto aos partidos integrantes. Na Coruña, a pugna polos postos na lista entre as dúas principais organizacións, os vestixios do Partido Radical de Lerroux —concentrados na figura de Abad Conde— e varias personalidades independentes fará que o proceso de negociación resulte dificultoso e se demore ata o último momento. De feito, o Bloque Contrarrevolucionario carecerá dun programa común homoxéneo con propostas concretas e terá como meta visible as eleccións, amosando na provincia coruñesa friccións durante todo o proceso. En todo caso, dúas semanas antes dos comicios as dúas alternativas antagónicas estaban xa dispostas a enfrontarse nunha carreira electoral sen precedentes.

A campaña será intensa, coa celebración de mitins en todos os recunchos da provincia, caracterizados, os máis, polo seu carácter multitudinario. Mesmo, con motivo desta afluencia masiva de público, farase uso de tecnoloxías anovadoras para a época, como era a reprodución dos discursos con altosfalantes en espazos ao aire libre inmediatos aos salóns e teatros de aforo insuficiente. Tamén se realizará un seguimento continuo das actividades electorais das principais figuras políticas, coa celebración de actos nos

que se retransmitían, vía radio, as intervencións de Azaña ou de Largo Caballero²⁶. O mitin, como espazo de reafirmación ideolóxica, de proselitismo ou mesmo como actividade de ocio, concitará, en moitos casos, a atención dun público masivo e non necesariamente politizado. A presenza de oradores de renome, acompañados de cadros das organizacións locais, despertará unha gran expectación. Na vila de Sada, o acto central da Fronte Popular daba lugar aos seguintes comentarios xornalísticos:

Desde las cinco de la tarde comenzaron a llegar taxis y ómnibus, camiones y coches de turismo completamente abarrotados de personas que venían a asistir al acto [...]. A las siete de la tarde estaba rebosante el amplio Salón Moderno —palcos, café inmediato, todas las dependencias y las casas contiguas; teniendo necesidad la gente de quedar en los pasillos y en la calle por ser materialmente imposible entrar.

[...] Al acto han asistido millares de personas, viéndose gran cantidad de mujeres y jóvenes.²⁷

Neste contexto de gran mobilización e de mediatización da campaña, predominará, á esquerda e á dereita, unha liña discursiva clara: a da exaltación da xuventude, de todo o que represente novidade. Fálase en termos de cambio, de instauración de novos paradigmas. As propostas restauradoras, de diverso signo, perden vigor. Nin 1931 ten xa a potencia simbólica de outrora, nin o retorno ao modelo anterior a 1923 está xa nas axendas. O propio Calvo Sotelo, moi activo na campaña en Galicia, dirixíase o 2 de febreiro ao público coruñés desde o escenario do teatro Rosalía para trasladarlle a seguinte mensaxe:

No; lo que cayó, bien caído está. Las escorias no deben revivir jamás, sobre todo, aquellas de las camarillas palaciegas y de la vieja política [...]. Por eso —agregayo no hablo de restauración, sino de instaurar; y en una nueva monarquía, un 95 por 100 sería nuevo²⁸

Ata alguén que ocupara altos cargos na ditadura de Primo de Rivera era quen de condenar a “vella política” e erixirse en abandeirado do cambio: dun cambio que puxera fin á experiencia republicana para percorrer a vía do totalitarismo²⁹. Non hai que esquecer que, naquela Europa de 1936, a idea de modernidade está moito máis ligada aos fascismos e ao socialismo que ao parlamentarismo liberal, se ben tamén as organizacións republicanas se contaxiarán desa estética anovadora. A exaltación da xuventude, por oposición a un pasado que se ve caduco, estará presente no discurso político, pero tamén no propio ambiente, nas crónicas xornalísticas que comentan a actualidade de cidades e vilas como, por exemplo, Noia:

están en abierta pugna diversas ideoloxías ya crónicas. Hay aquí también, a pesar de todo, una juventud animosa y decidida, exenta de prejuicios y de compromisos, que por su nobleza y por la pureza de sus actos es merecedora de grandes respetos. Y hay otro sector que, francamente dicho, es el de siempre. Aquí no caben los continuados tópicos.

Porque aquí no hay más que dos fuerzas antagónicas: los que mandan y los que desean mandar.³⁰

Desde o plano do nacionalismo galego, cun Partido Galeguista integrado na Fronte Popular, insistírase de cotío nesa mesma valorización da xuventude: o protagonismo da mocidade como forma de ruptura cun pasado ligado ao centralismo.

En todo caso, as diferentes alternativas en liza tiñan claro que o resultado dos comicios había ser transcendental. Non se trataba só de determinar a composición do Parlamento. *La Voz de Galicia* reproducía, xa ao comezo da campaña, unha entrevista con Gil Robles na que o líder da CEDA falaba da “batalla definitiva con la revolución para ventilar de una vez si España va a vivir en revolución permanente o si vencida la subversión ha de venir una etapa de reconstrucción nacional”³¹. Pola súa parte, o expresidente da Deputación da Coruña, Alfredo Somoza, dirixíase ao público de Cariño nun mitin para expor “el dilema ante el cual nos colocaban las circunstancias políticas”, afirmando que “ante esto había que ser de derechas o de izquierdas. Ser o no ser, desechando toda posición ambigua”³².

A incógnita sobre que futuro depararían as eleccións resolveríase o día 16. O centro obtiña unha representación cativa que non lle permitía ser chave de goberno, mentres que a dereita constataba o fracaso da vía electoral como forma de acceso ao poder, reafirmando a determinados sectores partidarios doutros métodos. Por escasa marxe, a Fronte Popular facíase coa vitoria. A esquerda recuperaba o poder, coa conformación dun goberno integrado por ministros de Izquierda Republicana e Unión Republicana e presidido por Manuel Azaña, que, non obstante, había cesar no seu cargo para ocupar a Presidencia da República en substitución de Alcalá Zamora. A Coruña non sería allea a este proceso; todo o contrario. Santiago Casares Quiroga, líder indiscutible do republicanismo herculino, sería designado en maio presidente do consello de ministros.

Tempo de cambio: a formación das novas corporacións

O primeiro paso estaba dado: gañar as eleccións. Agora había que gobernar. Unha vez acometidas as primeiras iniciativas —a conformación do novo aparello gobernativo³³ e a liberación dos presos políticos—, era o momento de recuperar o tempo perdido

retomando as reformas do primeiro bienio. Mais algo había que aínda non encaixaba. Na Galicia de 1936 era imposible pensar na posta en marcha de procesos transformadores sen contar para iso coa colaboración do poder local. E os concellos coruñeses, na súa maioría, estaban en mans da dereita e de individuos afíns ao maltreito Partido Radical. E o estaban, en moitos casos, por teren sido as súas corporacións cesadas parcial ou totalmente polo Goberno Civil logo dos acontecementos de outubro de 1934 —sen apenas repercusións na provincia, agás na bisbarra de Ferrol— e substituídas por xestoras formadas por concelleiros interinos. Dúas semanas antes das eleccións, o Comité Provincial del Frente Electoral de Izquierdas facía patente esta circunstancia en carta dirixida ao Gobernador:

A pretexto de sofocar el movimiento subversivo que en esta provincia no tuvo la menor repercusión, se desmantelaron gran número de Ayuntamientos de elección popular y se sustituyeron por Comisiones gestoras o Concejales gubernativos reclutados en los medios políticos más reaccionarios [...].

Gestoras y Ayuntamientos gubernativos destruyeron la administración municipal conduciéndose con notoria impudicia y, ahora, próximas las elecciones, emplean el mando conferido por la Autoridad republicana, en beneficio de los enemigos del Régimen, realizando en su favor todo género de coacciones.³⁴

Xa a finais de febreiro, o Ministro de Gobernación trasladaba ao novo Gobernador un telegrama do alcalde de Betanzos que facía fincapé na persistencia desta circunstancia: “Betanzos pide destitución inmediata corporaciones monárquicas que en número setenta funcionan esta provincia”³⁵.

Naquela conxuntura, era preciso tomar decisións que, dalgún xeito, revertesen a situación e puxesen fin ás excepcións derivadas dos nomeamentos efectuados no anterior bienio. A solución semellaba obvia: pasaba pola convocatoria de eleccións municipais, que xa foran adiadas en varias ocasións. Os comicios, de feito, serán fixados para o 12 de abril, coincidindo co quinto aniversario das eleccións que puxeran fin á monarquía; porén, o 3 de abril un novo decreto cancelaría a convocatoria. En todo caso, a previsión dun próximo chamamento a urnas non satisfacía a vontade, estendida entre sectores da esquerda, de actuar de forma inmediata para repor nos seus cargos aos concelleiros electos en 1931, unha das bandeiras da campaña electoral, nomeadamente a nivel local. Nun contexto como aquel, no que os tempos políticos semellaban discorrer a un ritmo vertixinoso, non había un minuto que perder. Así, unha semana despois da vitoria da Fronte Popular, o novo Gobernador Civil, Sánchez Gacio, dispón a reposición dos alcaldes e concelleiros cesados das corporación da Coruña e

Ferrol, procedéndose de xeito similar noutros municipios da provincia. O mandatario coruñés Alfredo Suárez Ferrín, no pleno no que retomaba o cargo, dirixíase ao público para xustificar a restitución:

Volvemos —dijo— limpios de conciencia, con la frente erguida, y dispuestos a no tolerar que se repita la afrentosa exoneración que se cometió entonces, en atropello que quedará en los fastos del Concejo como algo que el pueblo mismo no debe consentir que se reproduzca.

Entramos en esta casa con la altivez de quien no ha claudicado nunca y nuestras primeras palabras han de ser para reafirmar más y más nuestra fe republicana y para hacer votos reiterados de credo liberal y democrático.³⁶

As reposicións eran formuladas como un modo de republicanización dun réxime que a esquerda entendía que fora “secuestrado”. Baixo o titular de “Un ayuntamiento que se republicaniza”, unha crónica xornalística relataba o ocorrido no concello de Mesía:

Con fecha 22 del actual han tomado posesión de sus cargos los concejales de este Municipio que, como de elección popular se encontraban postergados en los mismos, debido a una caciquil maniobra fraguada por quienes de tiempo inmemorial todo lo arreglan a su gusto y manera dentro del partido de Órdenes, al que pertenece este distrito.³⁷

Non obstante, axiña comezan a xurdir obstáculos á hora de facer efectivas as reposicións. A prensa advirte de que moitos dos edís xa non están en disposición de retomar o seu cargo:

Adviértese en todas partes —acaso exista alguna excepción— que no pueden reconstituirse con la totalidad de sus miembros las Corporaciones municipales: fallecimientos, ausencias definitivas, alejamientos voluntarios de la vida pública u otras circunstancias, han reducido considerablemente, en la mayoría de los casos, el número de ediles que, a la hora de la reposición, se hacen cargo de sus sillas curules y de sus deberes concejiles.

Los Ayuntamientos funcionan así de modo deficiente y aun se dan ejemplos de Concejos en los que resulta difícil encontrar la persona adecuada por su categoría, su prestigio y sus condiciones personales, para ocupar la Alcaldía-Presidencia y otros puestos destacados.³⁸

Por outra parte, a reestruturación da esquerda nas localidades, agora articulada en comités da Fronte Popular nos que as organizacións políticas comparten peso con sindicatos e sociedades agrarias, fará tamén que, en certa medida, as actas de abril de

1931 adquiran trazos de papel mollado. A Fronte Popular, como coalición, non se sinte, en moitos casos, representada nas corporacións que inauguraron a II República. E isto obedece tamén á dinámica e ao discurso do que se tinguira a recente campaña: cumpría dar paso a xente nova. As fidelidades, as estruturas políticas e as redes de poder válidas noutrora xa non o eran agora por enteiro, e en moitos casos a acción governativa de alcaldes e concelleiros republicanos, sobre todo no primeiro bienio, supuxéralles un notable desgaste polas confrontacións cun movemento obreiro co que agora ían da man.

É polo tanto, unha vez constatadas as dificultades para a reposición das corporacións en non poucos municipios, cando se pon en marcha outra vía de carácter excepcional co obxecto de garantir o control do poder local ata a celebración de eleccións municipais. Os gobernadores civís cesan aos concelleiros e designan substitutos interinos. As variantes adoptadas serán case tantas como concellos. Nalgúns casos, óptase por non facer ningún cambio, ao terse mantido íntegra a composición da corporación desde 1931. Noutros, os menos, realízase a anunciada reposición. Serán moitos máis, preto de setenta, os municipios que se vexan afectados polo nomeamento de concelleiros interinos, ben de xeito parcial para cubrir vacantes ou ceses, ben na súa integridade, coa constitución de comisións xestoras. Esta nova determinación fora transmitida polo Ministerio de Gobernación ao Gobernador Civil da Coruña o 22 de febreiro a través dun telegrama no que se indicaba que “dicha reposición deberá efectuarse siempre y cuando no existan temores verdaderamente fundados de que con ella pueda alterarse el orden público en la localidad”. De non darse as circunstancias propicias, xa que logo, facultaba ao Gobernador para designar xestoras³⁹.


Cómpre reparar no procedemento que leva á conformación dos novos concellos interinos, e que obedece sistematicamente á presión exercida polos comités locais da Fronte Popular. Ás veces estas pretensións de renovación trasladábanse á rúa en manifestacións máis ou menos multitudinarias, como a que, organizada pola plataforma electoral de esquerdas, percorreu Pontedeume a comezos de marzo esixindo

Que se nombren comisiones gestoras municipales en los ayuntamientos de Puentedeme, Cabañas, Capela y Villamayor, por resultar que algunos concejales han variado de ideas políticas, siendo la mayoría contraria al régimen y por la política que desarrollan esos organismos, haría estéril la labor de los elementos de izquierda en las Corporaciones municipales antedichas.⁴⁰

En Rianxo ocorría algo similar. Un telegrama advertía ao Gobernador de que “manifestación popular grupos galleguistas al frente recorren pueblo pidiendo destitución inmediata corporación municipal antirrepublicana”⁴¹.

O proceso de nomeamento de concelleiros interinos será complexo, pois terase que acomodar á prerrogativa do Gobernador Civil de escollelos e, ao mesmo tempo, á determinación dos comités locais da Fronte Popular, de composición moi diversa en cada municipio e cunha participación representativa das organizacións obreiras⁴². Para afrontar procedemento de semellante calado, o Gobernador Civil designará un Delegado de Orden Público en cada comarca ou cidade. Notificarallo, tanto a el como ao secretario do municipio respectivo, mediante un oficio modelo no que transmitía a decisión de “suspender a los concejales” co obxecto de “evitar posibles alteraciones de orden público” e anunciaba que sería o Delegado o encargado de designar aos novos edís. O secretario estaba entón na obriga de convocar unha sesión plenaria para efectuar a toma de posesión dos interinos.

Pero o proceso non arrincaba na decisión do Delegado. Cando menos nos casos nos que hai constatación documental, Delegado e Gobernador actúan precedidos dun acordo do comité local da Fronte Popular, que é quen establece os nomes dos futuros concelleiros en correspondencia á correlación de forzas de cadanseu municipio. En Irixoa, por exemplo, o día 6 de marzo reúnense “todos los afiliados y simpatizantes del Frente Popular de Izquierdas” para elixir a “los hombres que han de formar la nueva Corporación municipal”⁴³. O resultado será o agardado. O día 11, o Gobernador Civil nomea concelleiros interinos aos sinalados naquela reunión e dous días máis tarde celébrase un pleno co obxecto de facer efectiva esta designación. Procedemento similar seguirase en Sobrado, onde un comité de enlace da Fronte Popular remite ao



Telegrama do Ministerio de Gobernación ao Gobernador Civil da Coruña instándoo a que repoñía os concellos cesados.
Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, G-2777.

Gobernador unha folla cos nomes dos elixidos, asinada por “El Presidente de Izquierda” e por “El Presidente Socialista” e cuñada cos selos do Casino Republicano e a Unión Agraria Socialista da localidade⁴⁴.

Esta pauta non é patrimonio exclusivo do rural. En Compostela prodúcese unha situación similar. Ante a posibilidade da reposición dos concelleiros electos en 1931, reuníase a coalición de esquerda na Casa da República e tomaba a o acordo de “no reponer de ningún modo el Ayuntamiento de abril”, ofrecéndose a reunir “personas competentes” para conformación dunha xestora⁴⁵. A razón: “los múltiples cambios de matiz político y la concomitancia con la derecha” de varios integrantes daquela Corporación⁴⁶. En consonancia, o día 20 unha manifestación popular “con banderas nacional y gallega al frente” concluírá coa toma do poder de xeito provisional por parte do comité da Fronte Popular:

el delegado gubernativo don Jesús Lema Lema, con otros varios dirigentes del Comité electoral del Frente Popular, subió al Palacio Consistorial, encargándose del Ayuntamiento, para lo que se levantó la oportuna acta.

Después hablaron desde uno de los balcones del Consistorio varios directivos de dicho Comité, recomendando a los componentes de dicha manifestación popular, que tranquilamente se disolviesen.⁴⁷

En resposta, ao día seguinte, un deses edís electos en 1931, Santiago Moure Paz, enviaba unha carta aos Delegados de Orde Pública –en Compostela eran tres– na que elevaba a súa protesta ao tempo que facía valer os seus dereitos:

Como Concejál electo por este mismo pueblo en la memorable fecha del 12 de Abril de 1931 y como hombre de izquierda protesto, con respeto sí, pero con energía, con la misma que puse y con la misma que luché para el advenimiento de la República con mi nombre y con todo lo que tenía, y con la misma con que luché para el rescate de la Libertad y de la República en estos momentos y en todos los actos de mi vida pública que bien patentes están.⁴⁸

En efecto, ese mesmo día o Gobernador remitía unha instancia ao secretario municipal cominándoo a dar posesión dos seus cargos aos edís que foran depostos pola dereita, entre eles Santiago Moure. Pero a Fronte Popular non estaba disposta a ceder. Comezaban entón as negociacións na procura dun acordo:

Ayer tarde y de noche los tres delegados gubernativos señores Teijeiro, Lema y Arias estuvieron reunidos con elementos directivos de los partidos que integraron el Frente Popular para tratar de si procedía designar Comisión gestora del Municipio.

No se ultimó la formación.

Esta mañana salieron para La Coruña los señores Lema y Caamaño, los cuales conferenciaron con el nuevo gobernador civil de la provincia, don José Sánchez Garcio [sic.], a fin de recibir instrucciones.⁴⁹

A viaxe a Coruña tiña unha finalidade: advertir ao Gobernador acerca das consecuencias da súa decisión. A reposición non ía ser ben acollida entre os obreiros, “produciría una gran contrariedad en estas gentes que degeneraría en constantes desórdenes públicos”. Compría “dar una satisfacción a las clases obreras”; ao cabo, na recente vitoria electoral tiveran moito a ver. O argumento semellaba ter producido o seu efecto. O novo consistorio, presidido polo galeguista Ánxel Casal, tomaba posesión o día 24 “con elementos designados por el bloque del Frente Popular”⁵⁰.

Conflicto análogo vivíase en Teo, só que, neste caso, cunha dimensión transoceánica. Ao se constituír a Corporación interina, os sectores agrupados en torno ao Centro Republicano de Teo sentíanse desprazados. Entre a colectividade galega de Buenos Aires existía daquela unha Agrupación Auxiliar do devandito Centro que se puña en contacto co Gobernador Civil para trasladarlle o seu malestar “por haber excluido de la nueva Comisión Gestora designada para el ayuntamiento de Teo al único partido republicano existente en dicho municipio, constituido en el Centro Republicano de Teo”. O argumento era similar ao esgrimido por Moure en Compostela:

Y nuestra razonable protesta se halla bien justificada, pues el Centro Republicano de Teo fue el que triunfó en la históricas elecciones municipales de 1931 y sus afiliados han sido los que proclamaron la República el 14 de abril del repetido año, y ha sido, esa misma organización local, la que sufragó los gastos en las campañas electorales que allí se efectuaron, figurando siempre como fuerza política de izquierdas.⁵¹

Neste caso, o republicanismo tradicional semellaba non sintonizar coa composición da Fronte Popular, máis ligada ao movemento obreiro.

Outros moitos municipios seguirían patróns similares aos anteriores, nomeadamente a partir de primeiros de marzo. A plataforma electoral da esquerda resultaba decisiva na determinación de nomear xestora e na designación dos seus integrantes. Dos datos anteriores, xa que logo, podemos deducir que, entre marzo e abril de 1936, abordouse un proceso de renovación das corporacións municipais de gran calado, polo seu alcance en termos cuantitativos. Este proceso renovador ten moito máis a ver coa necesidade da Fronte Popular de controlar as institucións municipais, cando menos de xeito provi-

sional —en tanto non se convocaran eleccións municipais—, que coa demanda de restitución das corporacións que gozaran da lexitimidade democrática que lles outorgaba o teren sido elixidas nuns comicios.

Evidentemente, hai que ter en conta a anomalía que representaba o feito de que algo máis de dúas decenas de corporacións —entre elas as das cidades e vilas de maior rango demográfico— foran total ou parcialmente cesadas no bienio anterior, co conseguinte nomeamento de interinos, mentres que, en boa parte das restantes, as baixas por diversos motivos foran cubertas tamén por edís eventuais afectos á dereita. Unha anomalía que estaba na orixe, precisamente, desa reivindicación de reposición, mais que, ao mesmo tempo, abortara ou dificultara en moitos casos a posibilidade de retorno a 1931, dado o tempo transcorrido e dada a evolución experimentada por organizacións e concelleiros.

Unha xeración que irrompe e unha experiencia truncada

Unha vez que se vai configurando o novo mapa político da provincia —nun escenario, en todo caso, marcado pola provisionalidade—, conséntase un feito anunciado. A nova xeración, nova en termos de idade e de experiencia nas institucións, faise protagonista ao acceder a cargos políticos naqueles municipios nos que se nomean concelleiros interinos. É a xeración da Fronte Popular, edís que, en moitos casos, non superan os 30 anos de idade. En Cabanas, por exemplo, cando menos 9 dos 12 concelleiros que conformaban a Corporación non traspasaran esa barreira (a metade deles con menos de 27 anos), e este patrón non resulta inusual. De feito, a media de idade de todos os representantes municipais que asumen o poder en 1936 e que despois sufrirían algunha modalidade represiva é de 36 anos⁵². Lixeiramente máis alta, a media de idade dos alcaldes que forman parte da listaxe anterior acada os 39 anos, se ben predominan os menores de 40 e mesmo hai varios (Cabanas, Coristanco, Miño...) que aínda non traspasaran o límite dos 30⁵³. O alcalde de Coristanco, Arturo Vila Moure, accedía á alcaldía con 29 anos, o que semellaba satisfacer aos sectores que reclamaban un relevo xeracional. Logo dun pleno presidido por el, o cronista amosábase satisfeito e, logo de manifestar que “hay que desechar de raíz los prejuicios de ayer”, concluía afirmando que “ante la evolución social hay que dejar paso a la juventud”⁵⁴.

A xuventude abríase paso como nunca antes o fixera: accedendo ás institucións. Participando con todo o protagonismo na xestión do público, en correspondencia co papel que xa estaba a xogar no tecido societario sindical ou cultural. Se nos anos previos por algo se tiña caracterizado ese proceso de ampliación da sociedade civil, de incremento da participación nos mecanismos de acción colectiva, era, precisamente, por unha pre-

senza ascendente da mocidade, así a nivel cuantitativo como cualitativo. O que agora acontecía non parecía senón a conclusión lóxica a ese proceso.

Atendendo ao papel desempeñado polos comités locais da Fronte Popular na designación dos novos concelleiros, explícase en boa medida a súa procedencia e o seu perfil ideolóxico. Se nun concello existe un determinado número de sindicatos e sociedades agrarias que formen parte da plataforma, cada un deles estará representado con igual proporción no comité da FP, xunto ás organizacións políticas. Do mesmo xeito, e en consecuencia, estas entidades societarias tamén formarán parte das novas corporacións, achegando concelleiros. Isto, malia á maior relevancia institucional dos republicanos de IR, moi marcada na provincia do casarismo, condicionará as políticas que se van desenvolver nos próximos meses, como poderemos ver.

As novas xestoras nacían xa non só como produto do triunfo da Fronte Popular nas eleccións estatais, senón tamén como resultado da continuidade do pacto máis alá do seu carácter electoral. É dicir, a Fronte Popular, logo da vitoria, convertíase nunha coalición de goberno, cunha esquerda republicana necesitada do apoio das masas proletarias e cunhas organizacións obreiras que, á súa vez, precisaban da alianza para poder influír na acción de goberno, nun contexto de recesión económica e altas taxas de desemprego. En termos de representatividade a nivel municipal, o republicanismo camiñaba cara a recuperación das súas cotas de poder previas a 1933, pero agora tiña que compartir espazo cos seus compañeiros de viaxe. Izquierda Republicana, con Casares á fronte, controlaba o Goberno Civil e ocupaba boa parte dos postos nas diferentes corporacións, se ben non fora capaz de facerse coas alcaldías das tres cidades da provincia. Seguían en relevancia o PSOE, con notable peso político nalgúns municipios da importancia de Ferrol ou Betanzos. Xa con niveis de representatividade moi inferiores atopamos a Unión Republicana, organización na que militaba o alcalde da Coruña, Alfredo Suárez Ferrín, e a uns incipientes PCE e PG, este último, como vimos, con especial presenza en Santiago de Compostela, onde se fai coa alcaldía para Ánxel Casal. Avanzando as semanas, e sobre todo logo do nomeamento de Pérez Carballo como Gobernador Civil e do acceso de Casares Quiroga á presidencia do Consello de Ministros, o casarismo fará o posible por ampliar a súa capacidade de influencia, o que podería explicar a dimisión de Casal e a daquela previsible renovación da corporación herculina. En todo caso, asistimos neses meses a un reparto das cotas de poder na esquerda sen precedentes ata o momento.

Con este panorama, e en medio dun clima de entusiasmo, aqueles que asumen o poder nos concellos dispóñense a realizar aquilo para o que foran chamados: facer

política. E facer política nese momento pasaba, inexorablemente, por retomar as reformas do primeiro bienio naqueles aspectos que competían ás administracións municipais. Logo de dous anos de parálise en moitos ámbitos, de retorno ao poder das vellas elites, os novos edís asumían a tarefa de, en certa medida, retornar a 1931 para superalo. É dicir, afondar nos procesos de cambio interrompidos para desenvolvelos con máis rapidez e determinación, condicionados pola presenza de sectores obreiros que, se ben cederan o protagonismo no ámbito institucional aos republicanos, eran os donos das rúas. Esa celeridade na aplicación das reformas será un factor clave para mitigar unha conflitividade social que, conforme avancen as semanas, amosará sinais de ir remitindo. No primeiro bienio, coa esquerda no poder, os niveis de violencia política estaban relacionados, en moitos casos, coas contradicións propias de gobernar co apoio das masas obreiras e actuar conforme aos criterios de organizacións que, realmente, tiñan por base social ás clases medias e á burguesía. Os tempos eran outros. Cando menos, a percepción que os novos mandatarios locais proxectaban cara a sociedade incidía na idea de que a República nacía de novo. Pero non a mesma República. No seu discurso de investidura, o alcalde comunista de Mugardos, Juan Prieto Balsa, afirmaba que era agora cando comezaba o seu camiño “la verdadera República del pueblo”⁵⁵.

Os novos concelleiros póñense axiña mans á obra para traballar en varias liñas de acción política que materialicen esa renovación. Direccións na forma de actuar que coinciden en moitos —e moi diversos— municipios, precisamente porque levan o selo da coalición que as impulsa e fiscaliza e da xeración que as executa, formada politicamente nos anos da República. A presenza do sindicalismo obreiro, ao que a Fronte Popular lle debe boa parte do seu apoio electoral, fará que as políticas sociais teñan un peso notable, nomeadamente no que respecta a aspectos como o ensino e o emprego. Tamén unha das primeiras disposicións en moitos concellos semella obedecer a acordos previos: decídese a readmisión do persoal da administración municipal despedido logo de outubro de 1934 por motivos de orde política e a revisión das contratacións efectuadas desde aquela data. As novas políticas urbanísticas, as municipalizacións de servizos, as sempre complexas relacións coa Igrexa ou a campaña polo Estatuto de Autonomía marcarán un mandato curto pero de grande intensidade.

Ademais de accións no ámbito sanitario, como as confeccións de listaxes de persoas sen recursos para a súa asistencia médica gratuíta ou a obtención de infraestruturas, conséntase un especial esforzo por dotar ao ensino dun maior número de centros educativos e dunhas instalacións máis acaídas. A prensa recolle multitude de novas relativas ás iniciativas das xestoras, encabezadas polos seus alcaldes, para a conse-

cución de novos edificios que poder destinar a estes fins. Quen ollase os titulares dun diario como *La Voz de Galicia* naquelas xornadas de marzo atoparíase con informacións practicamente a diario acerca das actuacións realizadas neste sentido. As viaxes de alcaldes a Madrid —con Casares Quiroga como chave de acceso aos ministerios— sucédense desde o inicio do mandato. Ánxel Casal, por exemplo, toma o camiño da capital aos poucos días de retomar a alcaldía. O motivo: conseguir a concesión definitiva do Conservatorio Rexional Galego de Música para Compostela. Regresa o 9 de marzo con ese compromiso e coa solución a un problema de infraestruturas educativas mediante o traslado de varias escolas⁵⁶. Nas mesmas datas viaxaban tamén a Madrid varios concelleiros da Coruña para, entre outras cuestións, acadar do Ministerio de Instrucción Pública a ampliación de crédito de máis de medio millón de pesetas para a prevista construción da Escola Normal (de maxisterio), a edificación dun inmobile destinado a Escolas de Comercio, Náutica e Pesca e o establecemento na cidade dunha Escola de Aparelladores, outra de Peritos Agrícolas e novos grupos escolares⁵⁷. Na Coruña teríase xa realizado un esforzo notable na creación de escolas no primeiro bienio da República, pero entendíase aínda insuficiente. Os plans eran, desde logo, ambiciosos:

El señor Paradela aclaró la proposición y expuso el plan escolar que él propulsa, apoyado por los compañeros de Comisión en el viaje a Madrid: [...] edificación de diez grupos escolares, quedando con ello dotada La Coruña de 200 escuelas.

Ahora tiene cien y este Ayuntamiento consiguió elevar a tal número el de 37 que antes había.

Es decir, que se crearon 63 escuelas y van a crearse otras 100.

De este modo se cumplirá el programa de la ley de Instrucción pública, dictada por Moyano en 1857.⁵⁸

Unha vía para a consecución de dotacións educativas radicaba na expropiación de inmobles das ordes relixiosas, proposta que formulaba o alcalde socialista de Ferrol a través dunha moción que obtería a aprobación unánime da Corporación. Engadíase unha emenda establecendo que, en tanto non fose aprobada polas Cortes unha lei nese sentido, se lle obrigaría ás entidades relixiosas a alugaren os seus locais ao municipio⁵⁹. No mesmo concello ferrolán, unha reunión do Consejo Local de Primera Enseñanza poñía sobre a palestra a carencia en materia de escolarización feminina, solicitando do ministerio a construción de cinco escolas para nenas e dúas mixtas⁶⁰.

O incremento e mellora das infraestruturas educativas non era patrimonio exclusivo das cidades. É máis, as iniciativas rexistradas en vilas e concellos rurais son tamén

constantes ao longo do período, e dan mostra de ata que punto os comités da Fronte Popular consideraban a extensión do ensino público como unha prioridade inaprazable. En Miño, por exemplo, o concelleiro Ventura Amado trasladaba ao pleno as deficiencias dos locais e as “condiciones insalubres en las que todos o la mayor parte de ellos están, con grave perjuicio para los niños que a ellos asisten” e propuña instruír expediente “con toda celeridad” para ver a posibilidade de construír grupos escolares⁶¹. Ortigueira, Muxía, Corcubión, Outes, Aranga, Sada, As Pontes, Vedra, Porto do Son, Pontedeume, Noia, Rianxo, Ordes, Mugardos... forman parte da longa lista de concellos que obran de forma semellante, solicitando novas dotacións escolares.

Outro campo de actuación no que os gobernos locais se han amosar especialmente activos é o das obras públicas. Isto obedece a dúas motivacións. Por unha parte, a de reparar carencias en infraestruturas e, nomeadamente en vías de comunicación, un déficit que afectaba a aspectos esenciais da vida cotiá e da actividade económica. Doutra banda, emprégase como medio para combater as altas taxas de desemprego, ao ocupar man de obra local en momentos nos que a emigración a América experimentaba un retroceso, co retorno de emigrantes que incrementaban a poboación activa. Os concellos, para conseguir financiamento, recorren fundamentalmente á Junta Nacional del Paro Obrero, que pon en marcha un plan de obras co obxectivo de fomentar a contratación. Todo isto obedece tamén ao papel que na Fronte Popular están a desempeñar as organizacións obreiras, nomeadamente a nivel local, onde as protestas de outrora reclamando investimentos reconvértense en presións aos municipios para que fagan efectivo o compromiso co que nacera a plataforma electoral da esquerda. Nunha editorial de finais de febreiro, *La Voz de Galicia* ligaba as políticas de obras públicas cos “compromisos electorales aceptados por el Frente popular y la urgencia con que los partidos proletarios demandan su cumplimiento”⁶². Desta volta, autoridades municipais e entidades obreiras irán da man na súa reclamación. Así ocorre en Padrón, desde onde se despraza unha comitiva á capital provincial:

Con el celoso alcalde D. Ramón Piñeiro y el competente secretario del Ayuntamiento, señor Stoll, vino ayer a La Coruña una Comisión de representantes de las agrupaciones obreras de Padrón.

No tuvo otro objeto el viaje que gestionar de las autoridades su apoyo para recabar del Estado la entrega de las 50.000 pesetas concedidas por la Junta nacional de Paro obrero, que se dedicarán a obras de pavimentación de algunas de las calles de aquel pueblo, donde la crisis del trabajo reclama una urgente solución.

Visitaron con aquel fin a varias autoridades y entre ellas al gobernador civil.⁶³

Nestes meses proliferan as iniciativas formuladas conxuntamente por varios concellos nas que se solicita a construción de estradas. A corporación de Muxía, por exemplo, acordaba solicitar ás de Cee e Corcubión que se sumasen á súa iniciativa de construír un vial vertebrador do tramo comprendido entre aqueles municipios, requirindo o compromiso dos poderes públicos correspondentes. O mesmo concello muxián dirixíase ao de Dumbría para pedirlle que “preste su cooperación a la construcción de una carretera del Estado en proyecto que unirá el lugar de la feria de Senande con la carretera de La Coruña a Finisterre”⁶⁴. Nos concellos rurais, a carencia de vías de comunicación deixábase sentir con especial dramatismo. A nova xestora de Aranga celebraba súa primeira sesión plenaria centrando a orde do día nun tema “alrededor del cual giró todo el interés”: o da paralización das obras dun camiño veciñal. Os concelleiros amosaban o seu entusiasmo “porque las obras no continúen paralizadas ni un día más”⁶⁵. Novamente, ao interese común na nova infraestrutura unían a súa repercusión en termos de ocupación laboral. E é que a ligazón entre investimentos e emprego era tamén unha sorte de pegamento que unía as disintas sensibilidades integradas nas xestoras.

Esta colaboración, produto do pacto electoral previo e da integración dos diferentes sectores nos comités da Fronte Popular, será un elemento clave na redución da conflictividade e da violencia política emanada desde o ámbito da esquerda obreira. De feito, naqueles casos nos que a corporación non está nas mans da Fronte Popular ou está abertamente en conflito con ela, si persistirán os enfrontamentos. Iso é o que ocorre en Sada, onde se manteñen os concelleiros electos en 1931 pero estes, na súa maioría, non se integran na plataforma nin en ningunha das súas organizacións. Reproducindo a estrutura da fronte, créase unha Junta Local del Paro que funciona de xeito asembleario á marxe da institución municipal e en confrontación coa mesma. En asembleas multitudinarias, nas que participan representantes do Partido Galeguista, Izquierda Republicana, Unión Republicana, PSOE, PCE, sindicatos da CNT e organizacións agrarias, acórdase asumir as funcións dunhas autoridades locais das que critican a súa inoperancia, constituíndose en Junta de Defensa para solicitar a concesión de obras en Madrid. O enfrontamento coa corporación tornarase dificilmente reconducible:

Intervienen diversos elementos de la Sala que estaba abarrotada de público de todo el término municipal, que propugnaron determinaciones enérgicas, para que los poderes públicos acudan a remediar la situación angustiosa que atraviesa la villa por la enorme cantidad de obreros parados que existen en la misma, y al mismo tiempo se les comunique cual fue el proceder del alcalde y concejales en este asunto y que mereció la más unánime protesta de la Junta del paro actual [...], y que las organizaciones obreras de acuerdo con el comercio fijen un plazo

para iniciar una protesta ante las autoridades superiores, llegando incluso al cierre y paro total, si no se atienden las peticiones de Sada, de darle trabajo, yendo incluida en esta proposición la destitución fulminante de la Corporación municipal por estar descaradamente en contra los intereses locales hace varios meses, y más claramente desde que se inició este movimiento que encarna los sentimientos del Frente Popular.⁶⁶

Algo moi semellante ocorre nas Pontes de García Rodríguez. A maioría na Corporación está en mans de antigos centristas que derivaran a súa posición cara o apoio a Casares Quiroga, pero mantiñan unha confrontación cunha Fronte Popular dominada por Izquierda Republicana. En marzo, os representantes locais do partido de Azaña dirixían ao alcalde un comunicado no que esixían o inicio de toda unha serie de obras para paliar o paro: novas infraestruturas (“construcción de aceras, cierre de solares que lindan con la vía pública y construcción de una plaza para mercado”), mellora e prolongación de camiños veciñais, dotacións educativas (“rápida creación de una escuela de niños para graduar la enseñanza instalándose en el edificio construído por los Naturales de Puentes”), optimización ou municipalización de servizos (“que el Ayuntamiento obligue a la Empresa de luz eléctrica a mejorar el servicio y en caso contrario, que municipalice éste”), establecemento dunha liña telefónica ou incautación dos cemiterios⁶⁷. Neste caso, si conseguirían o seu propósito. Uns meses despois, en xuño, a corporación era cesada e substituída por unha xestora que encabezaba o líder de Izquierda Republicana Servando López Cao:

Vista la actuación de la Corporación municipal [...], abiertamente en pugna con el actual régimen, y manifiesta desobediencia a las órdenes de las autoridades superiores y en constante incumplimiento de la ley, lo que propende a graves alteraciones del orden público y a la indefensión de los ciudadanos que no encuentran en ella el debido amparo en sus personas, bienes y derechos; —Considerando; que tan irregular actuación crea una situación asaz peligrosa para la paz pública, a la que hay que poner remedio de inmediato [...] HE ACORDADO suspender en el cargo de concejal a todos los ediles que constituyen actualmente la referida Corporación municipal⁶⁸

Idéntico proceder conséntase en Carballo, desta volta cunha proclama asinada polas organizacións obreiras anarquistas e socialistas na que se esixía a “republicanización” da Corporación municipal reposta, así como a adopción de medidas para paliar o paro, suplir carencias locais e facer cumprir a lexislación en materia laboral⁶⁹.

Á marxe de excepcións coma estas, nas que a continuidade dos gobernos municipais anteriores xera friccións con organizacións da Fronte Popular, onde os programas de

obra pública se fan máis ambiciosos é nas cidades. E aí si que a conflitividade irá experimentando un palpable retroceso. Isto non é casual. En anos previos, os sindicatos do ramo da construción tiñan amosado unha grande vitalidade e capacidade de mobilización, polo que partían dunha posición de forza nas súas reivindicacións. Ademais, estas iniciativas servirán tamén a outro fin: o de desenvolver un novo modelo urbanístico acorde coas tendencias europeas do momento, caracterizado pola racionalización dos espazos, a súa democratización e a procura dunhas cidades máis agradables para os seus habitantes. Ao pouco de tomar posesión, o alcalde da Coruña trasladaba ao pleno unha proposta relacionada co acondicionamento duns terreos en Santa Margarida que habían dar lugar ao futuro parque:

Repoblar ese monte, punto admirable por su perspectiva, por su situación, por ser o deber ser sitio en el que el ciudadano respire a pleno pulmón, descansando del ajetreo de la ciudad bulliciosa y en vértigo de vida, es una aspiración coruñesa a la que el Ayuntamiento no puede atender, por ser múltiples las exigencias que se le ofrecen como servicios cotidianos a cumplir ineludiblemente [...].

Momentos son los presentes en que la repoblación forestal y el paro obrero van enlazados, porque ambos problemas responden a principios sociales, que ya no pueden quedar en simple doctrina, sino que han de traducirse en realidad.

El ministerio de Trabajo, al que incumbe en estas circunstancias una labor extraordinaria que habrá de dar soluciones al problema de antiguo planteado y a los que no se había logrado hallar vía expedita y ejecución segura, puede contribuir a resolver el paro obrero en La Coruña, al mismo tiempo que coopere al programa trazado en orden a la repoblación forestal, destinando una cantidad que habrá de cifrarse aportando el Ayuntamiento el 25 por 100.⁷⁰

Aquelas viaxes de alcaldes e concelleiros a Madrid, das que se derivarían compromisos en materia de dotacións educativas, tiñan, precisamente, o obxecto fundamental de conseguir investimentos cos que paliar o desemprego. A comisión coruñesa cando se desprazaba á capital facíao coa intención de “conseguir frutos inmediatos que saquen a La Coruña del marasmo en que ha caído y conviertan en realidad proyectos que sirvan para intensificar el trabajo y dar colocación a los obreros”⁷¹. Esta relación estreita das novas xestoras cun mundo do traballo xestionado polos sindicatos fica patente na actuación dalgúns alcaldes. Lonxe das confrontacións pasadas co movemento obreiro, os edís chegarán a desempeñar un rol de mediadores en conflitos. Así o fai Ánxel Casal, que consegue dar solución a unha pugna entre traballadores e patrón que afectaba a unha fábrica de fundición desde había varios anos. A prensa atribuíu o cese das

hostilidades e a reanudación do traballo a “las buenas gestiones del alcalde”⁷². En relación tamén co peso do sector obreiro, aparecen iniciativas destinadas a garantir o subministro de produtos alimentarios básicos a toda a poboación. É significativo o caso de Betanzos, como paradigmático do papel que nesta conxuntura están a xogar as organizacións obreiras e o sindicalismo cenetista. Nunha crónica que publicaba en Madrid o diario conservador *Ya* relatábase desde unha perspectiva crítica a incautación, por parte do municipio, do dez por cento do trigo almacenado polos propietarios para o seu posterior reparto entre as persoas necesitadas:

La campaña electoral de las izquierdas se ha hecho a base de saquear los graneros de la ciudad en caso de que se triunfase en las elecciones. Visto el resultado de éstas, ya se intentó llevarlo a cabo, aunque de momento se pudo evitar. Entonces el alcalde, que es el diputado socialista señor Beade, reunió a los propietarios con intento de obtener por las buenas una entrega de trigo. Acudieron a la reunión varios de los propietarios, que se opusieron a la materialidad de la entrega del trigo por no considerarlo práctico y sí desmoralizador [...]. Pero como el Sindicato ha podido más que las autoridades, exigió la entrega del trigo, y el alcalde, apoyándose en un supuesto ofrecimiento, fijó que esta entrega se hiciera por un cupo del 10 por 100.

Ayer se presentaron los representantes del Sindicato, acompañados de representantes de la autoridad municipal, en casa de los propietarios y se dirigieron a los graneros, donde se les ha hecho entrega del 10 por 100 del grano [...]. Este trigo ha sido trasladado al local del Sindicato, en la Casa del Pueblo, donde se ha procedido a repartirlo entre los vecinos.⁷³

Noutros municipios, como Mugardos⁷⁴, lévanse a cabo xestións similares co obxecto de evitar o acaparamento de produtos de primeira necesidade.

Xestións desta índole, motivadas pola cohabitación co movemento obreiro, darán lugar á oposición dos sectores conservadores, desorientados pola derrota electoral. Porén, parte da dereita desistira xa de persistir no xogo democrático, optando pola vía da insurrección militar e procurando a axitación nas rúas que menoscabase a acción institución da Fronte Popular. É, de feito, un factor clave no desenvolvemento das políticas das xestoras o feito de actuaren estas nun período no que as tentativas golpistas se suceden. Pode que isto explique, en certa medida, a celeridade coa que se asume a posta en marcha das reformas. Reformas que, nalgúns casos, afectarán á relación entre as novas autoridades e a Igrexa. A aposta polo ensino laico estaba intimamente relacionada coa pretensión de retirarlle a unha Igrexa claramente decantada polas opcións

de dereita a capacidade de formar aos cidadáns do futuro. Isto, ademais, traducíuse nalgúns casos na apertura de procesos de expropiación de casas reitorais e edificios do clero secular. Neste sentido, as organizacións obreiras de Carballo, con motivo do Primeiro de maio, reclamaban a incautación dun inmovible:

Existe en este pueblo desde antiguo, una casa hoy en estado de abandono, que ha servido de casa rectoral interin se hallaba en construcción la casa parroquial. Como dicha casa sirve en la actualidad para depósito particular del párroco de esta villa, se interesa igualmente de los Poderes públicos la cesión inmediata para poder instalar en ella la Casa del Pueblo o domicilio social de nuestras respectivas organizaciones⁷⁵.

Tamén se retomará unha das medidas conflitivas do primeiro bienio: a municipalización de cemiterios parroquiais. Os plenos das xestoras aprobaban a incautación e secularización duns recintos que foran devoltos aos párrocos durante o mandato da dereita. Agora, a municipalización dos camposantos abordárase con maior axilidade que na anterior ocasión. De feito, malia ao discurso creado logo da sublevación militar, que pretendía facer dos ataques do Estado á Igrexa un xustificante do golpe, a relación entre ambos estamentos parecía avanzar cara un proceso de normalización. Percíbese isto, por exemplo, na correspondencia epistolar que as autoridades provinciais manteñen coa xerarquía eclesiástica, desenvoltas en moitas ocasións desde a corrección e mesmo a cordialidade. En xuño, o Gobernador Pérez Carballo dirixíase ao Vicario xeral da Arquidiocese de Santiago de Compostela para trasladarlle o seu malestar polo proceder dun sacerdote de Coristanco:

Lamentándolo, me veo en la necesidad de poner en conocimiento de V.I. la impropia actuación que viene desarrollando el Sr. Cura párroco de Seavia [...], inmiscuyéndose en asuntos políticos y haciendo objeto de campañas insidiosas a la Maestra de la localidad, cosas ambas que no se compaginan con lo espiritual y elevado de su ministerio, dando con ello lugar, no solo a quejas justificadas, sino a que su sagrada misión no inspire el respeto de los mismos creyentes y dificulte tal actuación equivocada el natural amparo de las autoridades. [...] le ruego llame seriamente la atención al mencionado párroco, para conseguir que en modo alguno se salga de los límites de su ministerio, por decoro propio y de la Iglesia⁷⁶

En resposta, o representante do Arcebispo, nun ton igual de respectuoso, agradecía a misiva do Gobernador e anunciaba a toma de medidas ao respecto. Noutra ocasión, a queixa proviña do Bispo de Mondoñedo. Alertado por un párroco de As Pontes da pretensión do municipio de incautar o cemiterio sen retribución compensatoria, puña

os feitos en coñecemento de Pérez Carballo concluíndo o escrito con toda cortesía: “Ruego a V.E. que me perdone esta molestia que le origino, y con sentimientos de la más ala estima se ofrece de V.E. atto.s.s.”. Neste caso era o Gobernador quen correspondía á demanda, solicitando informes ao municipio pontés⁷⁷. Se ben a vitoria electoral desatara nos días inmediatos a violencia contra os símbolos relixiosos, en forma de manifestacións e de conatos de incendio, estas actitudes desaparecerán ata despois do levantamento. Só persistirán ligadas a conflitos locais entre os párrocos e as súas comunidades, moitas veces desvinculados da cuestión relixiosa.

Outro proceso que se aborda nesta etapa e que conta coa participación directa dos concellos, malia ao seu rango extramunicipal, é o da plebiscitación do Estatuto de Autonomía de Galicia. Do mesmo xeito que a cuestión social adquire peso relevante nas políticas das xestoras pola presenza das organizacións obreiras, o apoio ao proceso estatutario formara parte do pacto de constitución da Fronte Popular en Galicia. Era condición *sine qua non* para a integración do Partido Galeguista na plataforma electoral. O papel dos municipios, unha vez o texto fora xa aprobado polo conxunto de concellos no ano 1932, estaba vinculado fundamentalmente á organización e financiamento da campaña previa á consulta, convocada para o día 28 de xuño. Os concellos contribuían coas cantidades que acordase cada pleno para acadar a autonomía de Galicia “al fin de conseguir para nuestra Región una mayor independencia en su administración, al objeto de conseguir para nuestra Tierra un régimen adaptado a las necesidades regionales”⁷⁸. Eran os comités da Fronte Popular, de novo, os que se dirixían aos municipios instándoo a colaborar coa empresa. Así o facía o comité de Ferrol, en carta remitida aos concellos da súa circunscrición e das de Pontedeume e Ortigueira, asumindo a proposta do Partido Galeguista:

Entiende este Comité que en este período histórico de renovación que vivimos los que nos hemos entregado a la hermosa tarea de edificar una República que sea fiel reflejo de la Constitución del 31, en estos momentos en que pueblos como el aragonés y el valenciano anuncian su propósito de votar sus respectivos Estatutos, próximo a ser aprobado por las Cortes el de Euzcadi, y restaurado en toda su integridad el de Cataluña, Galicia, que constituye una nacionalidad con personalidad propia dentro de la variedad ibérica, no debe retrasar ni un momento la conquista democrática de organizarse en región autónoma, para así poder desarrollar toda su capacidad cultural y económica, procurando a la vez, como la experiencia demostró, el fortalecimiento de la República.⁷⁹

Iniciábase unha campaña que enchería a provincia de actividades propagandísticas nas que adquirirían un notable protagonismo os galeguistas. A intensidade daqueles días

lembraba ao aínda recente mes de febreiro. Outra vez se despregaban os escenarios en calquera recanto e os muros enchíanse de vistosos carteis, algúns deseñados por artistas como Castelao, Díaz Baliño ou Seoane. Comezaba o verán coas súas festas e ese ambiente lúdico impregnaba tamén os quefaceres de militantes entregados á tarefa de reivindicar o voto afirmativo. Polas cidades, vilas e aldeas circulaban camionetas engaladas con bandeiras e cartelaría. A bordo ían mozos que berraban, por medio de alt falantes, as súas consignas: “Autonomía, ¡Si, si, si!” e “Estatuto, Estatuto, Estatuto!”. Outra vez, a mocidade asumindo un papel activo e principal:

En los lugares en los que se encuentran con algún grupo de gentes improvisan mítines relámpagos y repartiendo propaganda expresan a los campesinos la conveniencia de votar favorablemente el día 28 la autonomía de Galicia.

[...] En todos los establecimientos públicos del trayecto que sigan, improvisan charlas de divulgación del Estatuto, que son escuchadas por los oyentes con gran entusiasmo, a la vez que se deja en ellos gran cantidad de propaganda.⁸⁰

O ímpeto xuvenil depositado na campaña empapábo todo: mesmo as festas de San Xoán, nas que se improvisaban actos públicos “oídos con gran atención por todos los romeros”. Non quedaba recuncho sen visitar. As crónicas reflectían a intensidade do momento:

Ayer se celebró el anunciado mitin en Cambre [...]. El mitin de hoy será en Arteijo, a las ocho de la noche [...]. Pasado mañana, jueves, se celebrarán en Mera y San Pedro de Nós dos mítines [...]; el viernes, por la mañana, en Villarmayor, y por la tarde, en Bergondo y Miño, y el sábado, en Betanzos y Cecebre. Para el domingo se organizan mítines en Bayo, Mugía, Trazo, Tordoya, Boimorto, Camariñas, Corcubión, Curtis, Sobrado, Vilasantar y Órdenes.⁸¹

O entusiasmo dos sectores implicados acrecentábase conforme se aproximaba a data do plebiscito. O día 27 concluía a campaña cun evento multitudinario na Coruña. “Todos los adjetivos que en una información periodística puedan dedicarse a un acto celebrado, resultarían empequeñecidos ante el espectáculo inolvidable que la noche del sábado dio La Coruña”, líase nas columnas de *El Pueblo Gallego*. Segundo o diario vigués, nos xardíns de Méndez Núñez reuníranse máis de 30.000 persoas para escoitar as arengas dos oradores. A identidade plural da Fronte Popular saía a relucir cando, para pechar a celebración, se cantaba o Himno Galego e a Banda do Hospicio interpretaba o Himno de Riego e a Internacional. Aquela era unha xornada de festa:



Santiago.—Concurrentes a la sesión celebrada en el Ayuntamiento para acordar la fecha del plebiscito para el Estatuto de Galicia.—Foto Ksado.



El prólogo del Estatuto

D. Angel Casal, Alcalde de Santiago, que presidió la Asamblea del Estatuto y viene con sagrando grandísima atención al trascendental asunto.—El Sr. Blanco Rajoy, infatigable secretario de la comisión gestora del Estatuto, sobre quien pesa desde hace largo tiempo un abrumador trabajo realizado con gran brillantez.



Asemblea celebrada en Compostela coa asistencia de representantes locais na que se acordan a data do plebiscito do Estatuto. *Vida Gallega*. 10/06/1936.

Mientras se pronunciaban las arengas, estallaban en los aires bombas y cohetes de lucería y se elevaban profusión de globos.

Cuando terminó la parte oratoria, volvió a cantar “Follas Novas” y danzaron en el tablado unas graciosas parejas de niños vestidos con el traje típico regional.

Obtuvieron asimismo un gran éxito, que se repitió más tarde en el Riego de Agua ante la casa del alcalde, a quien el coro fue a dar la serenata.

Otra salva de bombas atronadoras puso fin al festival, cuya finalidad fue recomendar por última vez al vecindario que vote hoy en masa la autonomía de Galicia.

A las doce y media de la noche —plácida, suave, verdaderamente de verano— desfilaba la enorme concurrencia llenando las céntricas vías que ofrecían aspecto inusitado.⁸²

Ao día seguinte, celebrábase a votación. Avanzábase un novo chanzo dun proceso no que os concellos tiveran unha participación directa e decisiva, xa desde a proclamación da República, pero tamén na etapa da Fronte Popular. Era outra máis das empresas abordadas pola coalición de esquerda; unha de singular contido simbólico, nun percorrido que, para eles, acababa de comezar e se proxectaba no horizonte con incerteza mais con inequívoca vocación de futuro.

Naqueles meses previos, as xestoras abrangueran, co seu labor, ámbitos diversos e de fondo calado social. Hai que ter en conta que a política municipal constituía o nivel de contacto máis directo do pobo coas institucións, o que leva a pensar que eran fundamentalmente os concellos os que proxectaban a imaxe máis visible da Fronte Popular. E esa percepción tiña que ser, forzosamente, a dunha xeración nova, eclosionada nas eleccións de febreiro pero impulsada no seu ascenso en anos previos por personalidades que vían nela a expectativa dun mañá diferente. Así se expresaba, por exemplo, o deputado Ramón Suárez Picallo:

Está planteada en nuestro país una lucha hondamente dramática, de generaciones. Estamos ante la lucha de padres contra hijos —en el orden espiritual e ideológico se entiende [...]. El “desencuentro” empieza en el hogar y se proyecta en todo el ámbito social. [...] Del triunfo de uno de los dos depende que se abra en la historia un nuevo ciclo [...].

Los viejos siguieron viviendo su pasado. Y los nuevos que repugnaban aquel pasado, integralmente, diéronse a presentir lo nuevo.⁸³

Xullo de 1936 vivíase con optimismo nas mentalidades dos que asumían o seu papel como novos protagonistas da historia. O futuro estaba nas súas mans. Ou non. Malia ás coñecidas pretensións golpistas de determinados sectores da dereita –que poden explicar en boa medida a celeridade coa que as autoridades municipais xestionaran as reformas–, nada facía presaxiar o que acontecería após a sublevación militar de xullo. Cinco meses e un día tiñan transcorrido desde a vitoria da Fronte Popular. Apenas nada e, ao mesmo tempo, un mundo: espazo suficiente para que esa nova xeración, nova en idade e nova en canto á súa formación política, adquirise un protagonismo inusitado en semellantes franxas de idade. Os seguintes capítulos desta historia teríanos tamén a eles por protagonistas.

3. AS CORPORACIÓNS REPUBLICANAS NA RESISTENCIA AO GOLPE MILITAR

Eliseo Fernández Fernández

As corporacións da Fronte Popular nas vésperas do golpe militar

As persoas que compoñían as corporacións da provincia da Coruña no período da Fronte Popular, algúns reintegrados aos seus postos, outros recén chegados a eles nos días finais de febreiro e nos primeiros de marzo, non tiveron excesivo tempo para desenvolver a súa tarefa nos concellos. As manifestacións de recibimento aos presos amnistiados polos sucesos de outubro, as celebracións do 1º de maio e a campaña polo Estatuto foron algúns dos fitos dun curto mais intenso período de axitación social. En todo este período, a posibilidade dunha sublevación dos sectores sociais opostos ao réxime republicano constituíu unha ameaza crecente para as novas corporacións.

Unha fonte importante para a reconstrución da actividade das corporacións municipais deste período da fronte popular é a tese de José Galán Ortega arredor da figura do derradeiro gobernador civil da provincia da Coruña, Francisco Pérez Carballo. É así porque en todo o referente ao mantemento da orde pública, os concellos ficaban subordinados ao mando do gobernador civil, que nos últimos tempos da República tentaba facer unha política de contención da conflitividade, con medidas como a prohibición aos alcaldes de facer detencións gubernativas sen autorización previa do gobernador civil. Polo traballo de Galán sabemos que a maior parte da actividade do gobernador civil nos tempos anteriores ao golpe militar estaba dirixida a tentar controlar a conspiración entre os mandos militares existentes na provincia.

O mando directo de Francisco Pérez Carballo sobre os concellos en todo o que tiña que ver coa orde pública viña amparado na Ley de Orden Público de 28 de xullo de 1933 (*Gaceta de Madrid*. Madrid, 30/07/1933), que fora impulsada polo coruñés Santiago Casares Quiroga dende o Ministerio de Gobernación. Esta norma encadrábase dentro do aparello normativo que o republicanismo viña creando dende a proclamación da II

Un hombre del nuevo Estado que desaparece

Florentino González Vallés: ¡¡Presente!!

Fué en nuestro número 76, en septiembre de 1936, donde rendíamos al señor González Vallés, bajo el título de "Hombres de la Nueva España", el elogio que su actuación merecía como Delegado de Orden Público y Gobernador Civil de la provincia, y por su actuación antes y en el Glorioso Movimiento. Ahora es un triste recuerdo, ante su desaparición; nosotros, que hemos vivido a su lado momentos de angustia y zozobra, sabemos cuanto era su espíritu, y cuanto valor moral tenía su arrogancia, puesta exclusivamente al mejor servicio de la Patria, como su clara inteligencia, que dictó normas que ahí están estampadas en el periódico oficial de la provincia, producto de su clara visión de lo que era y lo que perseguía, el Glorioso Alzamiento, ante los que detenían los mandos de los destinos de España. Normas, órdenes y organizaciones, que fueron más tarde confirmadas por el Gobierno del nuevo Estado y copiadas otras, para servir de ejemplo en otras ciudades.

Y todo ello, porque González Vallés además de ser un gran español, caballero intachable, con corazón de buen padre de familia, era Guardia Civil, Militar consciente de los deberes que impone la disciplina, y camarada de F. E. T. de las J. O. N. S.

González Vallés, cuantos contigo colaboramos en tu labor de aquellos momentos, guardaremos de ti el recuerdo eterno, del buen Jefe, y del mejor patriota.

A tus órdenes, ¡Arriba España!



Florentino González Vallés, Delegado de Orden Público da provincia da Coruña tras o golpe militar de 20 de xullo de 1936; A.C.G. Num. 102-103. 11-12/1938.

República para tentar defender ao réxime xurdido do 14 de abril dun posible levantamento monárquico ou dereitista.

Os alcaldes eran, segundo esta lei, autoridades competentes en materia de orde pública, baixo as ordes do Ministro de Gobernación primeiro e dos gobernadores civís, despois:

Todas las Autoridades de la República, tanto las pertenecientes al poder central cuanto a las Regiones, Provincias y Municipios, velarán por la conservación del orden público, cuyo mantenimiento y defensa competirá especial y directamente, en todo el territorio nacional, al Ministro de la Gobernación, y subordinadamente, dentro de cada provincia, al respectivo Gobernador civil, y de cada Municipio, al correspondiente Alcalde

Probablemente as corporacións recién chegadas no período da Fronte Popular ou o propio gobernador civil, novo no cargo e con tan só 25 anos de idade, estaban diante dun problema fronte ao que non estaban demasiados preparados. Mais o feito de que o promotor da devandita Ley de Orden Público, Casares Quiroga, ocupara nos momentos do golpe militar os postos de presidente do Consello de Ministros e Ministro de Guerra debería facernos pensar que á fronte do goberno sí que debía de existir unha previsión para a actuación diante dun golpe militar que non foi sorpresa para ninguén. Tanto máis canto que estes mesmos responsabeis políticos viñan preparándose para un movemento deste tipo dende o mesmo 14 de abril de 1931.

A actuación dos concellos para o mantemento da orde pública nunha situación de inestabilidade estaba recollida no artigo 8 da Ley de Orden Público que establecía que “Los Alcaldes, bajo la autoridad y dirección del Gobernador civil correspondiente, coadyuvarán a la conservación del orden público, dentro de sus respectivos términos municipales”. Malia a claridade destas disposicións e o espírito da lei, non existen noticias de que existira algunha posible coordinación previa ao golpe militar entre o goberno republicano e as corporacións municipais no artellamento dunha posible resistencia.

Unicamente atopamos un pequeno sinal de que é posible que existira algún tipo de coordinación clandestina entre as devanditas autoridades: unha carta que despois do golpe militar deu orixe á apertura da causa militar 147/1937 de Ferrol; tratábase dunha comunicación escrita por un militante republicano dende París ao presidente da Deputación Provincial José López Bouza, o 10 de xullo de 1936, e no que lle comentaba a posibilidade de artellar un desembarco en Cariño (probablemente de persoas ou armas), coa posible participación de militantes da CNT e de IR de Cariño e de Juan

Rilo Rodríguez, secretario do concello de San Sadurniño, como home encargado do enlace entre as localidades de Cariño e Ferrol. Malia a existencia destes contactos, o devandito desembarco non se produciu nunca, pois poucos días despois os militares subleváronse contra o goberno legalmente constituído.

Tiveron que chegar as primeiras novas da sublevación militar, o venres 17 de xullo de 1936, para que comezara a desenvolverse unha frenética actividade de coordinación entre o goberno civil e as corporacións municipais de toda a provincia. É de supoñer que nestas comunicacións Francisco Pérez Carballo estaba pola súa parte seguindo en todo momento as instrucións que recibía do goberno da nación (ou polo menos mentres mantivo comunicación directa con Madrid). Dende o primeiro momento, o gobernador civil da Coruña estimulou a creación dos chamados Comités de Defensa da República ou Comités da Fronte Popular, que estiveron localizados maioritariamente nas casas consistoriais e integrados en boa parte polos responsabeis políticos e sindicais de maior relevo en cada termo municipal, en moitas ocasións encabezados polos alcaldes ou ben por concelleiros integrantes dos partidos da Fronte Popular.

José Galán considera que, ao contrario do que pasou por exemplo en Pontevedra co gobernador civil Gonzalo Acosta Pan, o gobernador civil da Coruña sí que mantivo a súa influencia e mando sobre os distintos comités formados ao longo da provincia; o aspecto no que se concretou o control de Pérez Carballo foi o relativo á posibilidade de que as milicias locais tomaran medidas de forza conducentes a conseguir pola súa conta armamento para a resistencia ou se enfrontaran directamente con militantes das organizacións de dereitas ou forzas de orde pública. Estas eventualidades foron conxuradas en parte pola orde dada polo gobernador civil aos comandantes dos postos da garda civil para que entregaran armas aos alcaldes e colaborasen con eles; a verdade é que a devandita colaboración non chegou a concretarse mais que de xeito incompleto coa entrega de armas nos postos de Fene e Mugardos e a colaboración puntual da garda civil con algúns alcaldes en labores de mantemento da orde pública, sen ir moito máis alá diso.

Entre os días 18 e o 19 de xullo de 1936 o gobernador civil da Coruña dirixiu telegramas a algúns alcaldes (os de Betanzos ou A Coruña, por exemplo), autorizandoos para deter ás persoas dereitistas sospeitosas de apoiar a sublevación. Neste tipo de comunicacións cos alcaldes o gobernador civil foi auxiliado pola súa propia esposa, Juana Capdevielle, quen tomou nas súas mans a tarefa de poñerse en contacto coas autoridades locais dalgúns concellos, e polo secretario do goberno civil Leovigildo Ta-boada. A causa 182/36 de Ferrol inclúe unha transcripción de parte das conversacións

telegráficas mantidas dende o goberno civil da Coruña, en que por exemplo, o alcalde de Ordes informaba a Pérez Carballo da existencia dun numeroso grupo de militantes de esquerda que poderían desprazarse a onde fora necesario, e tamén da conta de cómo o presidente de Izquierda Republicana desa localidade resultou ferido nunha perna ao ser disparado por dereitistas nunha requisa de armas.

Polas transcripcions das conversacións telegráficas sabemos que entre os concellos cos que o gobernador civil mantivo maior comunicación destacan os de Ordes e Ferrol, seguidos polos de Porto do Son, Noia, Betanzos, Corcubión, Pontedeume, Fisterra, Santiago e Camariñas, entre outros. Outro importante medio de comunicación do gobernador civil coas autoridades municipais de toda a provincia foi a emisora de Radio Coruña, que actuou como voceiro das iniciativas que partían do goberno civil até o día 20 de xullo, en que os seus locais foron tomados pola garda civil e a emisora se colocou do lado dos sublevados.

Cumpre sinalar ademáis que tres importantes cargos da administración local estaban na altura do golpe militar en Madrid, participando nos actos de entrega do recién aprobado Estatuto de Autonomía de Galicia ao presidente das Cortes. Eran o presidente da Deputación José López Bouza, de Izquierda Republicana, o alcalde (dimisionario) de Santiago Ánxel Casal, do Partido Galeguista, e o alcalde de Betanzos Tomás López Datorre, do PSOE. Naquela complicada situación, tomaron a determinación de retornar a Galiza inmediatamente para participar na resistencia ao golpe militar; saíron de Madrid o mesmo 18 de xullo e, non sen dificultades, chegaron á cidade da Coruña na tarde do día 19. Mentres Ánxel Casal e Tomás López Datorre se dirixían aos seus respectivos concellos, o presidente da Deputación da Coruña, José López Bouza considerou que a súa presenza podía ser máis necesaria en Ferrol e despois de pasar pola Coruña se dirixiu ao concello da cidade departamental coa intención de unirse aos resistentes. Probablemente a dificultade de coordinar aos deputados provinciais e os escasos medios en poder da Deputación fixeron que desbotara a posibilidade de ficar na Coruña a fronte deste organismo. Non é descartable que no transcurso da súa comisión a Madrid algún dos representantes galegos tivera contacto con autoridades ou membros do goberno que lles deran instrucións e información sobre o golpe militar que comezaba a producirse no norte de África.

Os concellos como aglutinadores da resistencia ao levantamento

Se ben é verdade que o goberno civil era o órgano máximo encargado da coordinación da resistencia á sublevación, foron os concellos os organismos que aglutinaron a ac-

tividade dos partidarios da legalidade en toda a provincia. Na maior parte dos municipios os edificios consistoriais centralizaron a actividade da militancia dos partidos e sindicatos opostos ao golpe militar. A actividade resistente estivo dirixida polos alcaldes e concelleiros en combinación cos chamados Comités de Defensa da República ou do Frente Popular, que seguindo ordes do gobernador civil emprenderon a requisa de armas, de vehículos e aparatos de radio, o control dos líderes dereitistas e as conversas coas forzas de orde pública, ás que reclamaban o respecto á legalidade.

Na cidade de Compostela a situación foi extremadamente confusa, pois toda a corporación municipal tiña demitido dos seus cargos o día 9 de xullo, segundo parece por disconformidade do alcalde Ánxel Casal e o resto dos concelleiros galeguistas cos concelleiros máis ligados ao sindicalismo compostelán, pois ao parecer estaban implicados na conflictividade laboral do período. Segundo Eduardo Rey, toda a corporación seguiu actuando en funcións á espera de que o gobernador civil nomeara novos concelleiros, polo que o 18 de xullo ocupaba accidentalmente a alcaldía o primeiro tenente de alcalde o republicano federal José Germán Fernández, que substituíu a Ánxel Casal, de viaxe en Madrid polo acto de entrega do Estatuto.

Á hora en que se tivo coñecemento das primeiras novas da sublevación militar, o alcalde en funcións José Germán Fernández, seguindo instrucións de Francisco Pérez Carballo, convocou aos dirixentes de esquerda máis significados da cidade, para formar un Comité de Defensa da República integrado por políticos e sindicalistas, entre os que estaba o concelleiro republicano federal José Miguel Alcalde. Pola súa banda, José Germán Fernández se poñía en contacto coa comandancia da garda civil, pedindo aos gardas civís que fixeran entrega das armas que posuían ao concelleiro Manuel Martínez García (tenente de Infantería retirado, de Unión Republicana), mais os gardas civís negáronse a entregar as armas, aducindo que non podían entregarlle arma ningunha pois non existían outras que as que tiña a dotación do cuartel. Posteriormente, foi o propio alcalde José Germán o que requeriu persoalmente ás forzas da garda civil para a entrega de armas e para que se uniran ás forzas de asalto na defensa da República. Do mesmo xeito facilitou aos membros do Comité de Defensa da República e ás milicias esquerdistas que actuaban en Compostela e a súa bisbarra ordes escritas para a incautación de armas en domicilios de coñecidos dereitistas e tamén en diversas armerías da cidade.

Mentres tanto, Ánxel Casal chegaba a Compostela na tarde do día 20 de xullo, de volta da cerimonia da entrega do Estatuto en Madrid, reincorporabase ás súas responsabilidades no Concello, e asumía de novo a alcaldía. Seguindo a Eduardo Rey Tristán no seu

traballo en “Anos de odio”, entre as actuacións de Ánxel Casal no escaso tempo que encabezou a resistencia estivo a de comisionar a José Carnero Valenzuela para facerse cargo das emisións radiofónicas de Unión Radio Galicia, aínda que fora por pouco tempo, pois ao ter noticia da saída das tropas á rúa, evacuaron as instalacións da emisora.

Segundo a tese de José Galán, o alcalde de Compostela Ánxel Casal freou ás organizacións obreiras que querían tomar unha posición máis activa na cidade ocupando edificios estratéxicos e facendo fronte de xeito directo á sublevación militar; foi na altura das dúas da madrugada do día 21 de xullo cando Casal rematou abandonando o concello, pouco antes da chegada do comandante José Bermúdez de Castro, que ao mando de tropas de artillería e garda civil ocupaba a casa consistorial compostelá.

Segundo o traballo de Eduardo Rey Tristán, a actividade do concello compostelán abranqueu tamén a outros concellos próximos como eran Enfesta, Vedra, O Pino, Boqueixón ou Teo, a onde chegaron as actividades de requisa ordenadas dende o concello de Compostela e onde probablemente non se constituíron comités propios; foi ao edificio do concello de Compostela a onde se levou a maior parte das armas requisadas por estas patrullas. No concello de Vedra puideron atopar ademáis a colaboración dalgúns membros da corporación, como o tenente de alcalde Juan Gaiteiro Devesa, de Izquierda Republicana, que asinaba as ordes de requisa de armas como autoridade municipal, e que foi acusado posteriormente de suministrar unha caixa de foguetes, aproveitando a súa facilidade para acceder a este tipo de material polo seu oficio de pirotécnico.

Nalgúns concellos, como Padrón, os comités da Fronte Popular estiveron integrados maioritariamente por membros de partidos e sindicatos; nesta localidade, e seguindo novamente a Eduardo Rey, o alcalde Ramón Piñeiro e o concelleiro Antoliano Correa Jamardo formaron parte do Comité da Fronte Popular, que como noutras localidades activou a requisa de armas e dinamita, a vixilancia das forzas de orde pública e a relación con resistentes doutras concellos da zona; ademáis promoveu a ocupación da central telefónica da localidade. O comité ficou establecido no concello, a onde se levaron as armas que conseguiron, e as ordes de requisa levaban o selo da alcaldía. Nesta zona produciuse un incidente grave no asalto ao domicilio de Benito Rodríguez López, ao resistir as persoas que estaban na casa, co resultado da morte dun dos asaltantes e con feridos por ambas partes; ademáis deste incidente cumpre lembrar tamén que un grupo de mineiros de Sanfins pasou por Padrón naqueles días.

En Ferrol, o alcalde socialista Antonio Santamaría liderou a resistencia no edificio consistorial e dende alí tentou convencer ao almirante Azarola para que asumira o mando do Arsenal e dese xeito frustrara o levantamento da guarnición militar. Antonio Santa-

maría dera ordes de requisar armas en diversas armerías da cidade e de fortificar o concello para artellar a resistencia. Foi dende a casa consistorial dende onde se lanzaron os tres foguetes que ás 15:15 do día 20 de xullo marcaban a saída dos resistentes ás rúas para tentar conxurar os movementos dos militares sublevados.

Dende o concello de Ferrol foi de onde partiu o 18 de xullo o militante comunista Guillermo Cedrón, cara a Cedeira, para manter unha xuntanza con diversos militantes de esquerda daquela zona; a raíz das xuntanzas mantidas por Guillermo Cedrón na zona foron detidos varios coñecidos dereitistas locais, dirixentes de Falange Española e mesmo o crego da vila, e se constituiron patrullas que se dirixiron a Porto do Cabo e Valdoviño.

Pola súa banda, o día 19 de xullo o alcalde de Valdoviño, o mestre Frutos Burgos Ramos, de Izquierda Republicana, achegouse ao concello de Ferrol para intercambiar impresións con Antonio Santamaría e o presidente do Comité da Fronte Popular Francisco Carballo; á súa volta a Valdoviño, ordeou a requisa de armas na zona.

En Fene, Mugardos e Ares o día 20 de xullo formaronse patrullas de mariñeiros de permiso e civís que acodiron aos concellos para recibir instrucións, e dalí partiron formando patrullas: nunha delas que foi ao domicilio do párroco de Sillobre, segundo Bernardo Máiz, participou o concelleiro de Fene Jesús Cernadas Veloso, ao carón dun numeroso grupo de cabos da Armada. Nesta zona o enfrontamento máis grave foi o que tivo lugar cando un grupo de mais dun cento de voluntarios se dirixiron o día 21 de xullo ao pazo de Piñeiro (en Caamouco-Ares), onde se refuxiaron os donos do pazo e o crego de Caamouco; alí xerouse un enfrontamento aberto que rematou coa morte dun carabineiro, do fillo dos donos do pazo e do crego de Caamouco. En Fene a dirección da resistencia estivera en mans do alcalde socialista Ramón Souto González, mentres en Mugardos era o alcalde comunista Juan Prieto Balsa o que asumía a devandita responsabilidade, nun comité no que estaba tamén o concelleiro de Izquierda Republicana Ramón Ríos Sordo. Entre as iniciativas de Juan Prieto Balsa, estivo a detención de varios militantes de dereitas, que foron conducidos ao depósito municipal.

En Cariño, a resistencia estivo protagonizada pola militancia do Sindicato de Industria Pesquera da CNT local encabezada polo secretario do sindicato José Suárez; en canto tiveron noticias fiables da sublevación os sindicalistas de Cariño tomaron o control da vila, desarmando aos dereitistas e mesmo aos carabineiros da localidade, e incautaron o vapor “Arkale”. Na confusión reinante, foron incendiados tamén os armacéns dalgúns coñecidos dereitistas como Jesús Díaz e Teodoro Fanego, que tiñan abandonado a vila. Nesta zona os concelleiros tiveron un papel pouco relevante, pois os resistentes de Ca-

riño malia formar unha columna armada de perto de dous centenares de milicianos non chegaron nos seus desprazamentos a Ortigueira, onde poderían ter tomado contacto cos integrantes da corporación municipal.

Pola contra, en Mañón foi o alcalde de Izquierda Republicana Jesús Castaño Galdo un dos líderes da resistencia popular na zona, emitindo ordes de requisa de vehículos e armas que serviron para artellar un dispositivo de control gubernamental. As autoridades municipais contaban coa colaboración dalgúns carabineiros, encabezados por Manuel Ventosinos Pereira; os resistentes da zona concentráronse no campo da feira de Mañón, facendo o amago de marchar cara a Ortigueira.

O Comité da Fronte Popular de Pontedeume formouse seguindo as instrucións do gobernador civil, e nel estiveron integrados o alcalde Manuel López Seijo, do PSOE, e os concelleiros Juan Ares, Luis Nodar e Ramón Ares; nas actividades de resistencia estivo ademáis implicado o concelleiro Robustiano Freire Herva, que aínda que non pertencía oficialmente ao Comité estivo moi activo nos preparativos para o combate e mesmo marchou cara a cidade da Coruña cos mineiros vivarienses que pasaron por Pontedeume. Despois de tentar manter a orde na localidade e efectuar requisas de armas, os compoñentes do Comité remataron por dispersarse despois do triunfo dos sublevados en Ferrol. Segundo o coengo Silva Ferreiro, os resistentes de Pontedeume mantiveranse á espera do restablecemento da legalidade na Coruña e Ferrol e foi por iso que non fixeron movementos fora da súa xurisdicción.

En Miño os resistentes despois de reunirse no Bar “Miño”, propiedade do alcalde socialista Ricardo Pérez Medín, foron ao propio concello, onde o alcalde arengou á xente chamando á tranquilidade. Dalí saíron as patrullas cidadás que percorreron as parroquias de Miño, Bemantes, Leiro, Perbes e Castro, que ademáis de requisar armas detiveron aos cregos de Vilanova, Perbes e Bañobre, levandoos ao concello. Existe constancia na causa 394/1939 de Ferrol de que dous camións de milicianos saíron do concello de Miño en dirección á cidade da Coruña nas primeiras horas do día 22 de xullo, aínda que non estiveron na cidade herculina máis alá das 14 horas dese día.

Tamén en Sada e Betanzos as corporacións participaron na organización da resistencia: en Sada o alcalde Antonio Fernández Pita asinou con data 20 de xullo unha orde de requisa de armas, mentres que o concelleiro Justo Rodríguez participaba tamén nas actividades de organización da resistencia; en Betanzos o alcalde Tomás López Datorre tomou a iniciativa en canto retornou da súa viaxe a Madrid para a entrega do Estatuto, o día 19 de xullo; entre as iniciativas que tomou o alcalde de Betanzos estiveron as de manter conversas cos mandos da garda civil na localidade para esixirilles lealdade e



El Pueblo Gallego. 09/08/1936.

intervir no enfrontamento cos cregos que se fixeran fortes no domicilio do sacerdote Eliseo Barros, que tentaban evitar a requisa de armas por parte das milicias leais á república. O incidente solventouse coa chegada da garda civil a instancias de López Datorre e coa detención dos cregos no cárcere do partido.

O alcalde de Carballo José Monteagudo, de Izquierda Republicana, non atendeu os chamamentos do gobernador civil o 18 de xullo para a detención de elementos de dereita, mais si que convocou aos representantes de partidos e sindicatos leais á República e promoveu a saída dunha expedición comandada por el mesmo cara A Coruña o día 20 de xullo. O coengo Silva Ferreiro acusou tamén de participar na resistencia ao primeiro tenente de alcalde Francisco Bolón. O alcalde retornou a Carballo e tentou retomar o control da localidade, en pugna co tenente da garda civil; segundo o traballo de Emilio Grandío José Monteagudo estivo no seu posto até o 28 de xullo.

Non existe demasiada información sobre a resistencia na zona de Malpica e a posible intervención de concelleiros nela, mais na obra “O mar e a memoria” de Redondo Abal hai constancia dos informes negativos das novas autoridades sobre varios concelleiros da localidade como Cándido Carrillo Cousillas (concelleiro pola CNT en sucesivas

corporacións) e José Carril Rodríguez, sinalado como alcalde en funcións nos días do levantamento militar. Nestes informes sinalase que tanto un como o outro promoveron xuntanzas de elementos extremistas nas súas casas para artellar a resistencia.

O coengo Silva Ferreiro sinalou na súa obra “Galicia y el movimiento nacional” aos cargos municipais da Costa da Morte que consideraba responsabeis da organización da resistencia naquela zona: en Zas os sinalados eran o alcalde Jorge Varela Rial e o primeiro tenente José Ferreiro Pardiñas, de Izquierda Republicana, e en Vimianzo os irmaos José e Manuel Albores Gándara, alcalde e tenente alcalde de Vimianzo, de Izquierda Republicana, aos que responsabiliza de liderar un asalto ao castelo da localidade, que foi o acto máis significativo da resistencia naquela zona. En Corcubión e Cee a iniciativa parecía estar máis ben en mans da militancia dos potentes sindicatos da localidade, e as autoridades municipais non parecían estar tan activos nas actividades da resistencia. Tampouco hai constancia dunha forte actividade de resistencia en Fisterra, aínda que despois do golpe militar o seu alcalde Cipriano Fernández Brage, de Izquierda Republicana, foi vítima da represión en forma de paseo.

Luis Lamela informanos de que a actividade de José Germán Fernández en Compostela afectou tamén ao concello de Ordes, a onde por indicación do gobernador civil, o alcalde compostelán enviou a varios comisionados para facerse cargo do xeral de carabineiros Aurelio Rodríguez Ocaña, e do comandante de carabineiros Eliseo Subiza Puicercús, que foran detidos e retidos polas milicias comandadas polo alcalde en funcións Germán Doval García. Unha vez conducidos a Santiago, estes dous militares foron interrogados por José Germán Fernández, antes de ser conducidos aos calabozos municipais. A figura do mestre Germán Doval é representativa do caos vivido naquela situación, pois non constaba como concelleiro antes do golpe militar, e malia todo, na maior parte da bibliografía aparece sinalado como a persoa que desempeñaba o posto de alcalde en funcións de Ordes, substituíndo ao titular Antonio Fuentes.

Segundo Eduardo Rey Tristán, en Ordes actuaron tamén algúns gardas de seguridade de procedentes de Compostela, mentres a garda civil, malia participar nunha requisa de explosivos, negábase a entregar as súas armas aos resistentes. A actividade das patrullas formadas en Ordes abrangueu mesmo a concellos veciños como foron os de Tordoia e Mesía; neste último concello e segundo o traballo de Manuel Pazos Gómez “A República da Berxa”, as acusacións dos sublevados estiveron dirixidas ao edil Antonio Sánchez Uzal pola súa participación nun grupo de requisa de armas, mentres pola súa banda o alcalde Antonio Gómez Carneiro, de Unión Republicana, era acusado de facer requisas e de colaborar nalgunhas incautacións efectuadas polos mineiros de Lousame

en Ordes. Pola súa banda, no concello de Oroso foron tamén milicias procedentes de Compostela as que dirixiron as requisas.

No concello de Noia, o alcalde Severino Iglesias Siso, de Izquierda Republicana, e o capitán de carabineiros Francisco Marín Moya, decidiron non proclamar o estado de guerra e manterse á espera controlando a zona para a República. No veciño concello de Muros o alcalde José Veloso Mayo deu ao Comité da Fronte Popular ordes escritas para que lles foran entregadas as armas que tiveran no seu poder dereitistas da localidade. Con este documento foi co que requisaron algunhas armas en diversas casas da vila. Aínda que o concello de Porto do Son estivo dominado pola tranquilidade nos días da sublevación, o alcalde Jesús Mariño nomeou comisionados que integraron unha patrulla de leais á República, na que destacaba o tenente de alcalde e militante do Sindicato Protección Obrera da CNT Andrés Abeijón Ageitos.

Xerardo Agrafoxo nos conta cómo o alcalde de Noia, Severino Iglesias Siso, apoiado polo primeiro tenente de alcalde, Xosé Pedreira Bures e outros concelleiros como Xosé Mato Blanco, promoveron a celebración de diversas xuntanzas na casa do pobo e no concello, mantendo contacto constante co gobernador civil. A súa actividade estivo dirixida inicialmente a controlar aos mineiros de San Finx para evitar que causaran danos en propiedades privadas, para o que estaban en estreito contacto co dirixente do sindicato mineiro da CNT, Enrique Fernández. Tamén se ocuparon de incautar ou inutilizar varios aparatos de radio en propiedade de dereitistas de Noia.

O comité republicano de Compostela estableceu contacto co alcalde de Noia e con Enrique Fernández, a través de Alfonso Fandiño Ricart, militante da CNT de Compostela. Malia que o gobernador civil rexeitou inicialmente a cooperación dos mineiros en espera de definición clara da actitude dos militares coruñeses, poucas horas despois, na tarde do 20 de xullo, pediu aos leais noieses a súa cooperación enviando homes e armamento á cidade herculina; e pouco máis tarde estableceu un novo contacto co concello de Noia para pedirlle que paralizara temporalmente o envío de apoio. Agrafoxo mesmo ten sinalado que o alcalde de Lousame Xosé Filgueira se amosou disconforme coa saída dos mineiros cara a Compostela, considerando que a súa iniciativa sería inútil. Finalmente, os mineiros de Sanfins remataron por sair cara a Santiago e A Coruña nas horas seguintes.

Canto ao sul da península do Barbanza, a situación era moi variable en función do concello: houbo alcaldes como o de Ribeira, José Fernández Bermúdez, que estaba nunha situación de extrema debilidade, pois tiña tentado dimitir do seu cargo en varias ocasións e, cando comezou o levantamento militar foi desprazado do mando do

concello polo gobernador civil. Segundo Rey, o uxetista Manuel Fernández Sendón, e o cenetista Vicente Iglesias Rodríguez, acompañados despois pois un comité máis amplo, asumiron a coordinación da resistencia, en colaboración cos resistentes da Pobra do Caramiñal, dirixidos polo alcalde socialista Antonio Pérez Gómez.

Pola contra, en Boiro o Comité da Fronte Popular estivo integrado por un numeroso grupo de concelleiros, entre os que estaban o mestre José Martínez Virel, José Benito Segade, Antonio Lago Outeiral, José Caballero Rubio, Francisco Castro Castro, José Iglesias Peiteado e o alcalde socialista Juan Somoza Rebolledo; na mesma corporación que eles estivera Brígida Muñiz, a única muller que foi concelleira na provincia da Coruña neste período histórico. Como froito das xuntanzas que tiveron lugar no concello de Boiro despois de coñecerse a sublevación, comezou tamén a incautación de armas, municións e aparatos de radio nesta zona.

No concello de Arzúa a resistencia tivo tamén como protagonista ao alcalde da Fronte Popular, Juan M. Vidal García, que segundo Eduardo Rey organizou grupos de vixilancia co obxectivo de manter a orde pública e cortou a estrada entre Lugo e Santiago interpoñendo un camión e cavando unha trincheira. Neste concello só houbo dous intentos de requisa de armas, un dos cales fracasou pola negativa dos propietarios a facer entrega do armamento, e unha tentativa fracasada de enviar unha expedición até Betanzos.

A organización da resistencia ao golpe militar en Frades estivo tamén relacionada coa actividade das patrullas procedentes de Santiago, que se entrevistaron co médico Arturo Briones Varela, dirixente de Izquierda Republicana na localidade, pois o alcalde Jesús Lodeiro Souto estaba xusto nesa altura cuestionado polos propios concelleiros que o tiñan nomeado. Arturo Briones, que contaba coa colaboración doutros militantes de esquerda, entre os que estaba o concelleiro Ramón Cabo, foi quen lle pasou á firma ao todavía alcalde Jesús Lodeiro, as ordes para a recollida de armas e a detención dalgúns dereitistas, que foron levados ao cárcere de Santiago.

Pola contra, e sempre seguindo a Eduardo Rey, a resistencia en Curtis estivo máis influída pola da cidade da Coruña, moito mais que pola da cidade de Santiago. A resistencia comezou cunha xuntanza entre os membros do sindicato local e o alcalde Benjamín Núñez (Partido Comunista), na cal se decidiu comezar a recollida de armas. O día 20 de xullo algúns grupos de resistentes da zona de Curtis foron a Betanzos e A Coruña, onde participaron nos combates de rúa; ao día seguinte retornaron a Curtis mais adoptaron unha actitude máis pasiva, agardando ao desenvolvemento dos acontecementos. As memorias de Isabel Ríos son moi significativas da situación xeral ao lembrar que cando

o alcalde de Curtis retornou de Betanzos traía unha impresión moi clara: “realmente lo que sobraaba era gente, faltaban armas”.

O alcalde de Negreira, o médico Victoriano Fabeiro participou inicialmente na requisa de armas, mais era contrario á súa entrega as milicias de sindicatos e partidos; foi por elo que moi cedo foi superado por un comité integrado por membros de Izquierda Republicana e do Sindicato de Oficios Varios da CNT, que asumiron o control das actividades resistentes; segundo Silva Ferreiro, o comité mesmo comunicoulle a súa destitución e cese na alcaldía, colocando no seu lugar a Alfredo Caamaño Pato. As patrullas formadas da zona lograron conformar un grupo armado de máis de 200 homes que se dirixiu a Compostela, mais cando chegaron alí se atoparon con que os militares xa tiñan o control da cidade, polo que voltaron de novo a Negreira sen entablar combate e algúns deles mesmo sen pisar Compostela.

Mapa de movementos da resistencia á sublevación: do urbano ao rural, pasando polo vilego

O carácter fundamentalmente militar da sublevación marcou o signo da resistencia contra os golpistas, pois determinou que os movementos das forzas leais á República estiveran dirixidos a tentar conxurar os movementos das guarnicións militares máis importantes das existentes na provincia, especialmente en Ferrol, A Coruña e Santiago. Outro factor que condicionou os movementos das autoridades republicanas foi a presenza (ou ausencia) de milicias activas de partidos e sindicatos, e de corpos armados aliñados coa legalidade republicana, como gardas de asalto, carabineiros ou gardas municipais.

A conformación da resistencia consistiu nun agrupamento variable de milicias resistentes en diversas zonas da provincia que, dependendo do seu potencial humano e armamentístico, tomaron unha postura activa dirixíndose ás zonas onde existían guarnicións militares ou ben unha postura máis prudente, tentando manter a legalidade republicana nas súas zonas de influencia. E existiron tamén, naturalmente, lugares onde a correlación de forzas mesmo frustrou dende o mesmo inicio do golpe o artellamento da resistencia.

Nunha visión global, podemos constatar que o triunfo da sublevación na provincia da Coruña se xogou principalmente nos grandes núcleos urbanos como A Coruña e Ferrol, onde existían ademais os máis importantes acuartelamentos militares, do exército de Terra na Coruña, da Armada en Ferrol (tamén con unidades de artillería nada despreciables); malia ter tamén un importante continxente militar, o papel de Santiago

nos movementos de forzas ocupou un lugar secundario, pois se ben é verdade que a cidade compostelá viviu a chegada dos mineiros de Sanfins, finalmente os resistentes se dirixiron á cidade da Coruña e foi alí onde finalmente entraron en acción contra os militares sublevados. Segundo Eduardo Rey, os responsabeis municipais e o Comité da Fronte Popular de Compostela dirixiron a súa actuación ao mantemento da orde, mais non promoveron o enfrontamento directo co exército; nesta liña estivo a decisión de dirixir aos mineiros de Sanfins cara A Coruña, decidida nunha xuntanza mantida no concello, e na que algunhas forzas máis radicais propuxeron a posibilidade de contar cos mineiros para efectuar o asalto aos cuarteis da cidade.

A actuación das autoridades locais en relación coa columna de milicianos procedente das minas de Sanfins pode ser representativa dalgunhas diverxencias entre os protagonistas da resistencia: por unha banda as autoridades locais, maioritariamente aliñadas coa legalidade republicana dende unha perspectiva moderada, e pola outra os representantes de partidos e sindicatos que integraron os comités da Fronte Popular, xunto ás milicias que conseguiron artellar, que en determinados momentos podían sobordar as intencións do gobernador civil, alcaldes e concelleiros. Carlos Fernández reproduce unha conversación entre o cenetista Alfonso Fandiño e o alcalde de Noia Severino Iglesias Siso, que chega a dicirlle “Ustedes lo que quieren es hacer la revolución”. Do mesmo xeito, Eduardo Rey tamén sinala que Ánxel Casal, alcalde de Compostela, estaba incomodo coa presenza dos mineiros de Sanfins e foi por iso que os animou a marchar cara A Coruña.

A desconfianza das autoridades cara as columnas dos mineiros (tanto os de Lousame como os de Viveiro) viña xustificado tanto pola dificultade de controlar en xeral a todo tipo de milicias populares (pola comisión dalgúns excesos anticlericais ou a realización de delitos contra a propiedade), como pola posibilidade de que puideran ir máis alá da mera defensa da república e tomaran actitudes de carácter revolucionario. Se ben é verdade que existiron algúns enfrontamentos con cregos en diferentes localidades, sería precipitado atribuílo unicamente ao sentimento anticlerical, pois a maior parte dos feitos desta natureza estiveron relacionados con requisas de armas nas que os relixiosos resistiron dalgún xeito ás milicias populares.

En xeral, os esforzos dos membros das corporacións estiveron dirixidos nun primeiro momento a manter o control das súas zonas de orixe e só cando conseguiron este obxectivo, se desprazaron a outras localidades ou promoveron algunhas iniciativas pouco coordinadas para apoiar o combate que se estaba producindo cada vez máis abertamente nas rúas da Coruña e Ferrol; a sublevación das guarnicións militares marcou o momento no que estes agrupamentos tentaron facer efectiva a súa cativa forza.

Ao longo dos escasos días que durou a resistencia ao golpe, os membros das corporacións locais e os integrantes dos comités de resistencia conseguiron manter a legalidade na maior parte da provincia nos días do golpe militar, neutralizar aos civís que puideran secundar o golpe militar, armar e conseguir vehículos para as milicias cidadás, ou mesmo tomaron o control dos territorios baixo a súa xurisdicción cando as súas forzas foron claramente superiores ás forzas da orde pública (maioritariamente reacias a asumir a defensa da legalidade, agás algúns gardas de asalto, carabineiros ou axentes municipais).

Ao longo de todos os días en que se foi desenvolvendo o golpe militar houbo envíos de xente dende os concellos até A Coruña, Ferrol, Santiago ou as cabeceiras de comarca, mais cumpre distinguir entre a saída de enviados que ían na procura de información, de apoio para localidades máis pequenas ou de armamento e a saída de expedicións integradas xa por milicias armadas que tiñan vontade de participar nos combates que puideran producirse. Entre o primeiro grupo de expedicións podería estar aquela da que da conta Xosé Manuel Suárez, cando o vapor “Virgen del Mar” saíu de Cedeira para a capital provincial coa intención de conseguir armas para as milicias da localidade; o vapor e os seus tripulantes retornaron de valeiro a Cedeira e, como consencuencia, as milicias ficaron pobremente armadas.

Houbo varias zonas baixo control leal que se mantiveron nunha posición estática, sen asumir unha acción decidida fronte aos golpistas; foi o caso de Mañón, Cariño, Compostela, Noia ou Muros. Aínda que de Noia partiu a columna dos mineiros de Sanfins (que pasou tamén por Santiago) o caso é que boa parte das forzas leais nestas zonas orientaron a súa acción ao mantemento da orde, e mesmo en Cariño, Boiro e Muros, tiveron mesmo a previsión de incautar embarcacións (“Santa Eulalia” e “Santa Rosa” en Muros, “San José Nº 2” en Cabo de Cruz, “Arkale” en Cariño) para o caso dunha eventual derrota.

Constátase tamén que incluso en zonas limítrofes ás cidades chave tampouco houbo unha vontade decidida de marchar cara aos grandes centros militares da provincia. Por exemplo, en Fene, Mugardos, Ares e Cedeira, as milicias formadas arredor dos concellos se mantiveron á espera e non houbo unha marcha conxunta cara a cidade de Ferrol, un dos lugares onde se estaba xogando a derrota ou a victoria do golpe militar. Aínda que á cidade da Coruña chegaron expedicións de diferentes localidades da provincia (Arteixo, Carral, Cambre, Betanzos, Curtis, Miño, Noia e Lousame) e mesmo de fora (Viveiro, Rábade e incluso Ribadeo), Emilio Grandío constata en “Anos de odio” que a chegada de milicias de fora da Coruña respondía máis a iniciativas xurdidas nas

propias localidades que a un chamamento do goberno civil, e que non existía ningún tipo de coordinación nin instrucións para actuar na cidade herculina.

Ben por un exceso de confianza ou ben por descoñecemento do alcance real da conspiración, non parece que inicialmente existiran ordes de Pérez Carballo aos alcaldes e comités da provincia para a marcha sobre A Coruña ou Ferrol. En certa medida, o gobernador civil estableceu unha división do traballo na cal alcaldes e comités da Fronte Popular se ocupaban da parte civil do operativo, vixilando e desarmando a dereitistas, mentres era o propio gobernador civil o que se ocupaba de xestionar a fidelidade das forzas armadas e de orde pública.

Francisco González Vidal reproduce a testemuña do militante comunista ferrolán Antonio Ares Abelleira, que fala da grande cantidade de xente que se tiña agrupado no concello de Ferrol e o feito de que o alcalde Antonio Santamaría negouse a que os concentrados na casa consistorial saíran á rúa aducindo que nas conversas que mantiña con Madrid lle decían “que estuviesemos tranquilos, que la situación estaba siendo controlada”.

Segundo recolle a tese de doutoramento de José Galán, só foi o 20 de xullo e diante da sublevación xeralizada das guarnicións cando membros do Comité de Defensa da República da Coruña iniciaron unha frenética rolda de comunicacións cos concellos para solicitar axuda para resistir no edificio do goberno civil. Pola súa banda, Luis Lamela indica que o propio gobernador civil pediu ao dirixente da CNT José Moreno Torres que saíra polos concellos limítrofes para recoller voluntarios para a defensa do goberno civil. O cambio de opinión da máxima autoridade provincial estaba relacionado coa evidencia da traición do exército e a garda civil da cidade, mais probablemente tamén tiña que ver coa perda de comunicacións con Madrid, despois da última conversación mantida entre as doce e a unha da tarde do día 20.

Naquela altura probablemente xa era moi tarde. A chegada á cidade da Coruña das columnas de mineiros de Sanfins e Viveiro, engrosadas por voluntarios, non parecía responder a un plan organizado. Os mineiros de Sanfins foran pola súa iniciativa a Compostela, mais non parece que a súa intención inicial fora a de encamiñarse á cidade da Coruña; só despois de recibir o chamado desesperado dos resistentes no goberno civil foi cando marcharon cara a capital provincial. Pola súa banda, os mineiros vivarienses viñan doutra provincia e non hai constancia de que a súa marcha cara A Coruña estivera coordinada polo gobernador civil da Coruña ou polo goberno da República. Finalmente, cando os mineiros de Sanfins e Viveiro se xuntaron coas milicias

obreiras da Coruña e doutras localidades, xa non puideron revertir unha situación que era completamente desesperada para os leais á República.

Diante da sublevación xeralizada dos cuartes, tamén a garda civil, que evitara o confronto nos concellos rurais e nas vilas, mais non colaborara na resistencia (agás excepcións), remataba por dar tamén un paso adiante, sumándose a sublevación na práctica totalidade dos concellos. A derrota das forzas populares nas cidades foi moi cedo seguida pola toma do control de toda a provincia co levantamento dos destacamentos da garda civil, apoiado por medio de columnas integradas por militares, voluntarios e garda civil que iniciaron a mal chamada pacificación.

O papel dos alcaldes: ausencias, presencias e liderazgo

Existiron moitas diferencias na implicación dos alcaldes na resistencia á sublevación militar, en función da orientación das corporacións ás que pertencían, das organizacións políticas ou sindicais en que estaban inscritos, ou tamén dependendo do carácter e compromiso persoal de cada un deles.

Existiron corporacións municipais que se mantiveron constantes na súa composición en todo o período republicano e iso pode ser representativo de dúas situacións: unha primeira era a de concellos pequenos con escasa mobilización política e sindical e nos que non se rachara coa tradición caciquil dos tempos anteriores; a outra era a de corporacións de esquerdas elixidas en 1931 e que non foran substituídas no Bienio Negro, probablemente pola súa moderación ou pola falta dunha alternativa política viable. Algúns dos alcaldes das corporacións do primeiro grupo destacaron pola súa escasa implicación na resistencia ao golpe, como foi o caso do republicano moderado José Fernández Bermúdez en Ribeira ou de Victoriano Fabeiro García, do Partido Republicano Conservador en Negreira.

Pola súa banda, o papel do alcalde da Coruña, Alfredo Suárez Ferrín, estivo ensombrecido polo feito de que fora o gobernador civil da Coruña o que asumira a coordinación dos resistentes na cidade herculina. Diante do papel dirixente de Pérez Carballo na organización da resistencia, Suárez Ferrín non tomou iniciativas de relevo diante da sublevación militar. Luis Lamela mesmo recolle informacións sobre a súa oposición a que as milicias obreiras foran armadas polas autoridades.

En función do tamaño dos concellos e do liderazgo dos seus alcaldes, é posible constatar tamén que houbo algúns alcaldes que exerceron unha grande influencia sobre os concellos da súa bisbarra, como foi Antonio Santamaría en Ferrol, José Germán

(mentres estivo actuando) en Compostela ou Severino Iglesias Siso en Noia. Todos eles tiveron un papel activo enviando emisarios a concellos da súa bisbarra, ou recibindo comisións destes concellos, que en determinados momentos puideron servir para coordinar as actividades das forzas de esquerda nas súas bisbarras de influencia

Parece claro que o papel desempeñado polos alcaldes e concelleiros das corporacións da Fronte Popular foi moi variable en cada unha das zonas, dependendo da influencia de partidos políticos e sindicatos na organización da resistencia, e do propio carácter dos responsabeis municipais. Dese xeito atopamos a alcaldes que asumiron a coordinación da resistencia nos seus termos municipais e mesmo promoveron a relación con resistentes doutras zonas, mentres que outros preferiron poñerse de lado e declinar a súa responsabilidade nos Comités da Fronte Popular que se formaron en moitas localidades.

En todo caso, cumpre salientar que as corporacións máis poboadas e politizadas da provincia sentaron os alicerces da resistencia ao golpe militar, actuando en coordinación co gobernador civil e asumindo as súas instrucións. Ao cabo, unha boa parte dos alcaldes e concelleiros cumpriron disciplinadamente as funcións que lles correspondían pola Ley de Orden Público, e, sobre todo, responderon diante dos seus conveciños e da súa conciencia na defensa do rexime democrático nos cargos para os que foran designados.

A derrota militar das corporacións republicanas e a represión en quente

En Compostela, José Germán Fernández entregouse aos militares sublevados na mañá do 21 de xullo; pouco tempo despois foi detido tamén o concelleiro Manuel Maza Cardama; Ánxel Casal estivo fuxido uns días até que foi detido por unha cuadrilla de falanxistas perto de Melide. Os dous homes que desempeñaron o cargo de alcalde no período da Fronte Popular, Ánxel Casal e José Germán, foron asasinados, o primeiro paseado o 19 de agosto, o segundo condenado a morte e executado despois dun consello de guerra, o 3 de decembro.

En Ferrol, a caída da casa do concello en mans dos sublevados tivo lugar na mañá do día 21 de xullo, ao rendirse ás forzas de artillería que ameazaban con cañóns ás autoridades municipais e aos resistentes; alí resultaron detidos o presidente da Deputación José López Bouza, o alcalde Antonio Santamaría, e os concelleiros Francisco del Río Barros, Ventura Dios Lojo, Adolfo Rodríguez Sánchez, Manuel Morgado González del Valle e Federico Pérez Lago.

O alcalde Antonio Santamaría foi condenado a morte nun dos primeiros procesos militares efectuados despois do golpe; tivo a sorte de lograr escapar da prisión antes de que a sentenza for a executada, e despois de tres anos de persecución, conseguiu fuxir xunto ao alcalde de Ares e outros resistentes no vapor “Ramón”, xa rematada a guerra, en xullo de 1939. Non correron a mesma sorte José López Bouza, o ex alcalde Xaime Quintanilla, paseados, e o seu compañeiro de corporación Manuel Morgado, condenado á pena de morte pola súa participación na resistencia.

O coengo Manuel Silva Ferreiro relata na súa obra “Galicia y el movimiento nacional”, unha curiosa xuntanza entre o almirante da Base Naval de Ferrol, varios mandos militares e un parlamentario do cruceiro “Almirante Cervera” cando os combates aínda non remataran no arsenal de Ferrol; segundo Silva Ferreiro, foron levados a esa reunión o contralmirante Azarola e o alcalde Antonio Santamaría, en condición de detidos, coa intención de que aconsellaran aos mariñeiros resistentes no “Cervera” que se rendiran aos militares sublevados. Santamaría resistiu ás presións de Azarola para que pedira aos resistentes a rendición, mais finalmente parece que rematou aconsellando aos mariñeiros que aceptaran unha tregua de 48 horas proposta polas autoridades militares.

Para a zona norte da provincia da Coruña, Xosé Manuel Suárez sitúa a toma de control dos concellos rurais e das vilas entre o 23 e o 30 de xullo, agás en Ortigueira, onde a destitución do alcalde tivera xa lugar o 21 de xullo, mesmo antes da saída dos resistentes da zona no “Arkale”, dende o porto de Cariño. Dúas zonas que tardaron tempo en ser controladas foron as de Cariño e Cedeira, que estiveron algúns días máis controladas polos partidarios da República. Finalmente, resistentes da zona norte da provincia da Coruña, dende Ferrol até Viveiro, conseguiron embarcar en Cariño para fuxir cara a Francia o día 23 de xullo.

Coas novas do trunfo do levantamento das grandes guarnicións militares e o fin da resistencia, dérase aviso aos resistentes de Boiro, a Pobra, Ribeira e Porto do Son para tentar unha saída dende Muros en dous bous incautados: o “Santa Eulalia” e o “Santa Rosa”. A orde de incautación fora estendida polo alcalde de Muros José Veloso ao uxetista LinoTieles, que se fixera cargo das embarcacións. O bombardeo de Noia por un hidroavión sublevado procedente de Marín o 25 de xullo marcou a fin da resistencia e acelerou a saída dos resistentes da zona; ordeadamente, os resistentes repregaronse cara a Muros, onde agardaban o “Santa Eulalia” e “Santa Rosa”, mentres algúns mineiros tentaban voar varias pontes para impedir o avance dos militares. Nestas embarcacións incautadas fuxiron o alcalde de Muros Xosé Veloso Maio, o ex-alcalde Manuel Tobío Romaní e os concelleiros Manuel Mayo e Juan Malvárez Baamonde, o

alcalde de Noia Severino Iglesias Siso, e os concelleiros Xosé Pedreira Burés e Miguel Vázquez Valiño, integrando un numeroso grupo de resistentes da zona. Coa saída dos resistentes da ría de Muros-Noia cara Euzkadi, remataba a resistencia ao golpe militar na provincia da Coruña. E comezaba unha durísima represión contra as persoas máis significadas na defensa da República.

Segundo Silva Ferreiro, foi o día 26 cando as tropas sublevadas procedentes de Santiago entraron a Boiro pola estrada de Noia: ao verse ameazados algúns resistentes fuxiron tamén na motora “San José Nº 2” do porto de Cabo de Cruz; entre eles estaban os concelleiros José Martínez Virel e Antonio Lago Outeiral. Esta embarcación dirixiuse aos portos de Palmeira e Insuela, onde recolleu a outros resistentes da Pobra, entre os que estaba o alcalde Antonio Pérez Gómez. Dende alí partiron cara ao sul, chegando ao porto portugués de Leixões.

As columnas militares formadas en Ferrol, A Coruña e Santiago comezaron a tomar o control de todas as localidades e inmediatamente comezou a represión sobre os membros das corporacións: un dos primeiros alcaldes vítimas da represión foi o primeiro edil de Mugardos, Juan Prieto Balsa, que o día 24 de xullo foi detido e executado sumariamente en Ombre-Pontedeume. Outro dos membros de corporacións executado neste primeiro andazo represivo foi o ex alcalde de Betanzos José Novo Rodríguez, asasinado o día 29 de xullo

Mesmo un alcalde que non tivera un protagonismo demasiado forte na resistencia como o primeiro edil coruñés Suárez Ferrín, foi vítima tamén dos andazos represivos. O alcalde da Coruña foi detido o día 21 de xullo e aínda que posteriormente foi liberado, rematou por sel xulgado nunha causa militar que o condenou a morte, tendo na requisa da dinamita dun depósito municipal no seu coche oficial un dos principais motivos aducidos polos seus acusadores para condenalo. Foi executado no Campo da Rata o 31 de agosto de 1936. Foi o mesmo caso de Ánxel Casal, que tampouco tivo moito tempo de actuar na resistencia, e que despois de abandonar o concello fuxiu a Arzúa; alí foi detido o 4 de agosto e pouco despois, o día 19 do mesmo mes foi executado irregularmente.


En xeral a pertencencia ás corporacións da Fronte Popular foi motivo de persecución para as novas autoridades; os que non tiveran un forte protagonismo na resistencia salvaron en primeira instancia a situación, mais sobre eles caeu a sospeita por parte dos organismos represivos dos sublevados. Carlos Velasco ilustra a situación de moitos edís do período da Fronte Popular co caso de Oleiros, onde o alcalde Tomás Arévalo Pardo e os concelleiros José Collazo Pita e Bartolomé Fernández Candamio solicitaron

pasaporte para emigrar a Buenos Aires en setembro de 1936, sen que haxa constancia de se finalmente conseguiron marchar.


Un caso singular foi o do alcalde de Negreira durante todo o período republicano, Victoriano Fabeiro García, destituído polos resistentes ao golpe nos días da sublevación segundo Manuel Silva Ferreiro. Despois da caída da República Victoriano Fabeiro foi confirmado no posto de alcalde e mesmo ocupou tamén o posto de Delegado de Orden Público no concello por algún tempo. A súa inhibición na resistencia, recollendo algunhas das armas requisadas na súa propia casa e fora do alcance das patrullas, foi valorado como un mérito polas novas autoridades que confiaron nel para continuar desempeñando o mesmo cargo que tivera no período da Fronte Popular.

A partir de agosto de 1936, ben a través de causas instruídas pola xurisdicción militar, ben por medio de execucións irregulares, numerosísimos alcaldes e concelleiros pagaron coa súa vida o seu compromiso coa defensa do réxime democrático. Polo mesmo motivo, moitos outros foron vítimas de persecución, encarceramentos, palizas, incautacións ou sancións económicas, ao longo de todo o período franquista.

Concelleiros da II República na provincia da Coruña



A CORUÑA
Ángel Senra Fernández
(V.AA., 2001a)



A CORUÑA
Alfredo Suárez Ferrín
(V.AA., 2001a)




A CORUÑA
A. Suárez Ferrín, segundo pola esquerda (*Nomes e voces*)



A CORUÑA
Alfredo Suárez Ferrín
(*Nomes e voces*)



A CORUÑA
Antonio Lagares Canosa
(V.AA., 2001a)



A CORUÑA
Antonio Lens Vieira
(V.AA., 2001a)



A CORUÑA
Antonio Zapata Fernández
(V.AA., 2001a)



A CORUÑA
Arturo Taracido Vieira
(*AC Irmáns Suárez Picallo*)



A CORUÑA
Arturo Taracido Veira
(VVA4., 2001a)



A CORUÑA
Eduardo Blanco Lemus
(VVA4., 2001a)



A CORUÑA
Ernesto Sastre Delgado
(VVA4., 2001a)




A CORUÑA
Félix Estrada Catoira
(Estrada Catoira, 1984)



A CORUÑA
Faustino Domínguez
de la Cámara
(VVA4., 2001a)



A CORUÑA
Francisco Portela de Fano
(VVA4., 2001a)




A CORUÑA
Jenaro Valeiro Souto
(VVA4., 2001a)



A CORUÑA
Joaquín González Rodríguez
(VVA4., 2001a)

A CORUÑA
José Fandiño Arrojo
(W.AA., 2001a)




A CORUÑA
Julio López Marey
(W.AA., 2001a)



A CORUÑA
José García Fernández
(W.AA., 2001a)




A CORUÑA
Julio Suárez Ferrín
(W.AA., 2001a)



A CORUÑA
Juan González Rodríguez
(W.AA., 2001a)



A CORUÑA
Manuel Iglesias Corral
(W.AA., 2001a)



A CORUÑA
Manuel Insua Sánchez
(W.AA., 2001a)



A CORUÑA
Manuel López Campanioni
(W.AA., 2001a)



A CORUÑA
Santiago Casares Quiroga
(Grandío, 2011)



A LARACHA
Ramiro Suárez Moreno
(campodafeira.blogaliza.org)



A POBRA DO
CARAMIÑAL
Antonio Pérez Gómez
(desdepobra.com)



A POBRA DO CARAMIÑAL
Ricardo Puente Santos
(desdepobra.com)



AMES
Óscar Lojo Batalla
(prazadeames.com)



ARES
José López Lourido
(Fondo de Enrique Barrera
e Eliseo Fernández)



José Lopez Lourido, alcalde Socialista de Ares,
asesinado en Puenteume, en 1936.



ARES
Benito Feijoo Seguin e Juan Castro Villar
(Fernández Fernández, 2006)

ARZÚA
Juan Manuel Vidal García
(Nomes e voces)



BETANZOS
Agustín Costoya Fraga
(Erias, 2001)



BETANZOS
Antonio Lagares Gómez
(Erias, 2001)



BETANZOS
Emilio Ferreira Muíño
(Erias, 2001)



AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
José Vilaboy Pajón, 2.º pola dereita
(blog.phottic.com)

BETANZOS
Bernardo Miño Abelenda
(Erias, 2001)



BETANZOS
José Iglesias Pérez
(Erias, 2001)



BETANZOS
José Novo Rodríguez
(Erias, 2001)



BETANZOS
José Rey Milia
(Erias, 2001)



BETANZOS
José Veiga Roel
(Erias, 2001)



BETANZOS
Manuel Villuendas Pena
(Erias, 2001)



BETANZOS
Ramón Beade Méndez
(Erias, 2001)



BETANZOS
Ramón Montes Navaza
(Erias, 2001)



BETANZOS
Ricardo Bonome Seoane
(Erias, 2001)



BETANZOS
Santiago Moretón Simón
(Grandío, 1992)





BETANZOS
Tomás López da Torre
(Erias, 2001)



BETANZOS
Víctor Cancela Noguerol
(Erias, 2001)



BETANZOS
Vicente López Mancera
(Erias, 2001)



BOIMORTO
Antonio Felpete Budiño
(Rivas Cruz, 2007)



BOIMORTO
Pedro López Bodelo
(Rivas Cruz, 2007)



BOIRO
Brígida Muniz Suárez
(VVAA, 2014)



BOIRO
Juan Somoza Rebolledo
(www.myheritage.es)



CARBALLO
Francisco Bolón
(carballonamemoria.org)



CARBALLO
José Monteagudo Rodríguez,
no centro, 2.ª fila,
con Emilio González López
(Fraga, 1996)



CULLEREDO
Eladio Freire García
(*Nomes e voces*)



CORISTANCO
Arturo Vila Moure Alcalde
(Portal Movimientos Migratorios Iberoamericanos)



CULLEREDO
Electo Carballo Matos
(Pereira, 2015b)



CULLEREDO
José María Louzán Martínez
(Pereira, 2017)



CULLEREDO
Manuel Lastres Abente
(Pereira, 2015a)



CULLEREDO
Manuel Lastres Abente
(Pereira, 2015a)



FENE
Andrés Iglesias Garrote
(radiodifusiñ.eu)



FENE
Ramón Souto González
(galiciaartbradigital.com)



FERROL
Antonio Santamaría López, deitado no centro
(Fondo de Enrique Barrera e Eliseo Fernández)



FERROL
Edmundo Lorenzo Santiago
(galiciaartbradigital.com)



FERROL
Jaime Quintanilla Martínez
(Quintanilla Martínez, 1998)



FERROL
José López Bouza
(Castro, 2016)



FISTERRA
Cipriano Fernández Brage
(Lamela, 2016)



LOUSAME
Francisco Martínez Blanco
(Agrafoxo, 1995)



LOUSAME
José Carou Vázquez
(Agrafoxo, 1995)



LOUSAME
José Filgueira Pérez
(Agrafoxo, 1995)



LOUSAME
José Ramón Castro Servia
(Agrafoxo, 1995)



LOUSAME
Manuel Alborés Fernández
(Agrafoxo, 1995)



LOUSAME
Manuel Blanco Moares
(Agrafoxo, 1995)



LOUSAME
Manuel Chouza Neu
(Agrafoxo, 1995)



LOUSAME
Manuel Collazo Filgueira
(Agrafoxo, 1995)



LOUSAME
Manuel Rego Romero
(Agrafoxo, 1995)



LOUSAME
Ricardo Barreiro Ferreiro
(Agrafoxo, 1995)



LOUSAME
Venancio Bargo Gómez
(Agrafoxo, 1995)



MAÑÓN
Jesús Castaño Galdo
(facebook Republicanos de Mañón)



MAZARICOS
Perfecto Sande Martínez
(lavozdegalicia.es)



MESÍA
Antonio Gómez Carneiro (esq.)
(Pazos, 2014)



MIÑO
Ricardo Pérez Medín
(<http://www.fpabloiglesias.es>)



MUGARDOS
Juan Prieto Balsa
(Fondo Eliseo Fernández)



MUROS
José Veloso Mayo
(Agrelo Hermo, 2005)



MUROS
Manuel Tobío Romani
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Constantino Nimo Freire
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Emilio Seijas Ageitos
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Francisco Fernández Rodríguez
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Francisco Martínez Agra
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Francisco Martínez Agra 2
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Germán Vidal Barreiro
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Germán Vidal Barreiro
(enciclopediaemigraciongalega.com)



NOIA
G. Vidal Barreiro, 2.º pola dereita, detrás de Suárez Picallo (Pérez Leira, 2008)



NOIA
Isidoro García Castelo
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Joaquín Fernández Luces
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Joaquín María Agra Cadarso
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
José Blanco Hombre
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
José Mato Blanco
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
José Montero Campos
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
José Pedreira Burés
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
José Tuñas Pérez
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
José Viñas
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
José Vieites Malvárez
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Manuel Antelo Lourido
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Manuel Lestayoy Romarís
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Manuel Mariño Boullón
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Manuel Pérez Pérez
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Manuel Roo Pais
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Manuel Villaverde Nieto
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Miguel Vázquez Laiño
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Miguel Vazquez Valiño
(www.familysearch.org)



NOIA
Pedro Sáez Pichel
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Ramón Calvo Rodríguez
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Ricardo Abeijón Suárez
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Rodrigo Romani Riva
(Agrafoxo, 1995)




NOIA
Rodrigo Romani Riva 2
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Segundo González Pérez
(Agrafoxo, 1995)




NOIA
Severino Iglesias Siso
(Agrafoxo, 1995)



NOIA
Severino Iglesias Siso
(Agrelo Hermo, 2005)



NOIA
Severino Iglesias Siso
(Agrafoxo, 1995)




NOIA
Severo González Riva
(Agrafoxo, 1995)



OLEIROS
Tomás Arévalo Pardo
(federacion.republicanos.info)



OLEIROS
Tomás Arévalo Pardo
(alternativadosvecinos.org)



ORDES
Antonio Concheiro Iglesias
(ordestories.blogspot.com.es)



ORDES
Jesús Liste Remuiñán
(productosdegalia.wordpress.com)



ORDES
Jesús Liste Remuiñán
(productosdegalicia.wordpress.com)



ORTIGUEIRA
Luis Pita Armada
(público.es)



OUTES
Jesús Martínez Arcos
(*Agrafoxo*, 1995)



SADA
Antonio Fernández Pita
(memoriadesada.com)



SADA
Francisco Babio Pérez,
1º pola dereita
(memoriadesada.com)



SADA
Justo Rodríguez Pérez
(memoriadesada.com)



SAN SADURNIÑO
Ángel Carregado Felgar
(falamedesansadurnino.org)



SAN SADURNIÑO
José Salgado Salgado
(falamedesansadurnino.org)



SAN SADURNIÑO
Vicente Castro Naveiras
(falamedesansadurniño.org).jpeg



SANTA COMBA
Francisco Mouro Castro
(santacombanamemoria.es)



SANTIAGO COMPOSTELA
Arturo Cervigón Díaz.
(Real Academia Nacional de
Medicina. Banco de Imaxes)



SANTIAGO DE COMPOSTELA
Ánxel Casal Gosenge
(Iglesias e Grandío, 2017)



SANTIAGO DE COMPOSTELA
Enrique Rajoy Leloup
(memoriasdecompostela.blogspot.com.es)



SANTIAGO DE COMPOSTELA
Felipe Gil Casares
(portal.uc3m.es)



SANTIAGO DE COMPOSTELA
Jesús San Luis Romero
(emigración.xunta.gal)



SANTIAGO DE COMPOSTELA
José Pasín Romero
(memoriasdecompostela.blogspot.com.es)



SANTIAGO DE COMPOSTELA
Laureano Santiso Girón
(wikimedia.org)



SANTIAGO DE COMPOSTELA
Raimundo López Pol
(*Nomes e Voces*)



SANTIAGO DE COMPOSTELA
Sebastián González García
(*RAG Arquivo*)



SANTIAGO DE COMPOSTELA
José Germán Fernández
por Camilo Díaz Baliño
(*Biblioteca de Galicia, Depósito Díaz Pardo*)




SERANTES
Alejandro Porto Leis
(elpais.com)



SERANTES
Alejandro Porto Leis 2
(lavozdegalicia.es)



TEO
Constante Liste Forján, dereita
(*Nomes e voces*)



TEO
José Rodríguez Vázquez
por Camilo Díaz Balino
(Biblioteca de Galicia,
Depósito Díaz Pardo)



VALDOVIÑO
Alfonso de Cal y Fernández
(concellodevaldovino.com)



VALDOVIÑO
Frutos Burgos Ramos
(concellodevaldovino.com)



ZAS
José Ferreiro Pardiñas
por Camilo Díaz Balino
(Biblioteca de Galicia,
Depósito Díaz Pardo)


4. OS NÚMEROS DA REPRESIÓN

Alfonso Iglesias Amorín e Rosalía Regueiro Méndez

O principal obxectivo do proxecto Xeración Perdida é analizar polo miúdo a represión exercida dende xullo de 1936 sobre os membros das corporacións municipais republicanas da provincia da Coruña. Os membros destas representaban para os sectores sublevados a personificación do que combatían. A sublevación ten difícil unidade de acción, mais se ten algunha é botar abaixo o rumbo que está levando a administración republicana, neste intre baixo o Goberno da Fronte Popular. Unha coalición que naceu como plataforma electoral, sen que o contexto de urxencia posibilitase a concreción de demasiados matices. A procurada converxencia de votos para chegar ó Goberno deu paso a unha fase distinta de execución do poder do Estado. Os representantes públicos retornados aos seus cargos locais ou aqueles novos designados pola Fronte Popular —que non puido facer eleccións locais para o 14 de abril de 1936 como estaban convocadas debido ó crispado clima social— convertíanse na imaxe máis unitaria da causa común da sublevación golpista.

Para facilitar a análise dos datos reunidos, optamos por establecer unha serie de categorías que nos permitiran estruturar e comprender mellor o obxecto de estudo. A pauta veu dada polas distintas accións que os concelleiros sufriron despois do golpe de Estado como castigo por ter formado parte do proxecto republicano. Así, clasificamos a represión en asasinados, executados, encarcerados, fuxidos, exiliados, sancionados e procesados. Cómpre ter en conta que estas categorías non son caixas pechadas, nin pretenden reducir a meras cifras as vidas truncadas, mais os historiadores precisamos de ferramentas de traballo que nos axuden a comprender. Tamén hai que ter en conta que non son excluintes entre si senón que se abre un amplo abano de combinacións entre elas que nos falan dunha enorme variedade de casuísticas dentro da lóxica represiva dos sublevados. Así, un alcalde ou concelleiro puido estar procesado, ser condenado a pena de morte e esta conmutada por pena de prisión, entrando, pois, en varias das categorías propostas. Nestes casos, optouse por primar a que consideramos máis dura.

Categorías da represión




Todo isto fálanos dunha maquinaria represiva que, agás en determinados intreos máis caóticos, sobre todo nos inicios da sublevación, funcionou seguindo unha organización que tiña o obxectivo de debilitar ao contrario ideolóxico, eliminándoo se iso se consideraba necesario. Este contrario tiña moitas caras, pero as máis visibles eran os representantes do réxime republicano, especialmente aqueles vencellados á Fronte Popular e que estaban nos seus cargos no momento do golpe. Por iso, estes representantes, entre os que os municipais eran os máis numerosos, foron un dos primeiros obxectivos que o novo Estado se propuxo anular

A II República foi un período breve, apenas 5 anos. Porén, o contexto do primeiro terzo do século XX fixo que os procesos foran intensos e veloces. Era moito o que se quería cambiar, pero tamén moitos eran os remisos ao cambio. Fixémonos, por un intre, nos tempos. Neses cinco anos sucedéronse varias corporacións –1931, 1932, 1935 e 1936–, como tradución local do que acontecía a nivel estatal.

Así, pescudando en diversas fontes, tanto primarias como secundarias, puidemos contabilizar un total de 2.467 concelleiros para o conxunto dos concellos coruñeses durante todo o que durou a República. Sobre esta cifra, cando menos 334 sufriron algún tipo de represión, é dicir, un 13,5% dos concelleiros padeceron penas de privación de liberdade, foron executados como consecuencia dunha sentenza a pena de morte ou paseados, multados ou sancionados, exiliáronse, fuxiron ou foron procesados.


Esta porcentaxe aumenta dun xeito considerable se temos en conta só os datos da Fronte Popular en 1936. Neste caso, dos 1.294 alcaldes e concelleiros, 266 sufriron algún tipo de represión, é dicir, un 20,5%. De feito, dos 334 represaliados, só 48 non

formaron parte das corporacións constituídas en 1936, namentres que 286 si o fixeron (o 85,6%). Ademais, deses 286, ata 183 era a primeira vez que se convertían en concelleiros, mentres que 103 xa tiñan formado parte de corporacións anteriores.



Se ollamos os datos polas distintas categorías, que nos seguintes apartados analizaremos polo miúdo, atopamos un total de 88 mortos, 83 encarcerados, 37 exiliados, 40 fuxidos, 104 sancionados e ata 164 procesados. Estes datos son acumulativos, o que quere dicir que un mesmo concelleiro pode entrar en máis dunha categoría, polo que a suma é superior aos 334 represaliados. Pero por exemplo moitos dos fuxidos remataron na cadea, e só con estas cifras se obtén unha idea global do volume que acadou cada forma de represión por separado.

Categorías da represión (totais)





La Coruña.— El secretario general de F. E., Sr. Correa, hablando en el acto celebrado el 29 de octubre en la Plaza de María Pita

A.C.G. - Núm. 77. 10/1936.

Como complemento, elaboramos un listado no que a cada un dos 334 concelleiros represaliados lle asignamos unha única categoría represiva, escollendo a de maior nivel, en base á seguinte gradación: morto, encarcerado, exiliado, fuxido, sancionado e procesado. Deste xeito podemos entender con máis claridade o alcance da represión nos individuos e, por exemplo no caso dos fuxidos, se as cifras anteriores permitían facerse unha idea do total de concelleiros que pasaron por esa situación, o novo dato o que mostra é que a maioría remataron nunha categoría peor que a referida, por iso esta é tan baixa. Segundo esta contabilización falaríamos de 88 mortos, 78 encarcerados, 34 exiliados, 12 fuxidos, 86 sancionados e 36 procesados.

O elevado das cifras de mortos e encarcerados, que comprenden a máis da metade dos represaliados, corroboran a idea da Guerra Civil e da represión posterior como un dos episodios máis traumáticos da nosa historia máis recente, que marcou non só as vidas dos que a sufriron en carnes propias senón tamén a dos veciños, familiares e achegados que viron esmorecer, a miúdo en cuestión de días ou semanas, a vida dos protagonistas directos. E é que así o buscou o franquismo, que nacía matando o anterior.

Por outra banda, o avultado das cifras dun obxecto de estudo limitado ó persoal político municipal dun momento tan concreto, fálanos do selectivo desta maquinaria represiva que se cebou, dende o principio, sobre aqueles que representaban á República no ámbito máis próximo: o local. Non en van, xa o xeneral Emilio Mola falara dunha acción “en extremo violenta” contra “directivos de partidos e sindicatos republicanos”.

As vidas que se perderon

Dos xuízos ás cunetas: as formas de reprimir para sempre

O golpe de Estado abriu unha perigosa veda que converteu a represión en algo cotián. En Galicia non houbo apenas guerra, sendo os combates puntuais e de escasa relevancia, polo que o país pasou a converterse en retagarda moi rapidamente. Unha retagarda na que a represión foi unha ferramenta eficaz para que o sometemento da vella orde republicana fose completo, e para iso ningún medio resultaba máis eficaz que a eliminación física dos inimigos. Deste xeito, os mortos da Guerra Civil en territorio galego non foron mortos en combate, agás unhas poucas excepcións, senón mortos asasinados a sangue fría. Moitos destes asasinatos se envolveron dunha cuestionable legalidade, precedidos de sentenzas de penas de morte en xuízos sumarísimos por tribunais militares que non ofertaban ningunhas garantías. É por iso polo que, aínda que na realidade a miúdo a diferenza entre os coñecidos como “paseos” e as execucións dos condenados a morte era mínima, na nosa análise distinguimos entre dúas categorías diferentes.

A maior parte dos 88 mortos contabilizados nas corporacións municipais coruñesas perderon a vida sen que mediara unha condena de morte. Un total de 67 concelleiros foron asasinados sen que nin tan sequera existise un esforzo por tratar de darlle unha aparencia legal ao asunto. O mecanismo máis empregado foi o do “paseo”, un eufemismo para referirse a execucións sen sumario nas que os obxectivos eran sacados das súas casas ou do cárcere e levados a lugares apartados, como descampados, ou mesmo aos cemiterios, onde se remataba con eles. Aínda que algúns logo eran identificados e sepultados, moitos destes “paseados” remataron en fosas comúns, e só en tempos recentes se puido avanzar bastante na súa exhumación e identificación. Outros morreron durante a súa reclusión, antes de que dera tempo a calquera tipo de xuízo. Varios deles recibiron un disparo, mostra inequívoca de que non se quixo agardar ao resultado do xuízo, namentres que outros pereceron froito de malleiras recibidas, que podían ter ou non o obxectivo de rematar coas súas vidas.

Por outra banda, os concelleiros republicanos da provincia condenados a morte e executados ascenderon a 21. A diferenza dos “paseos”, que tiveron lugar por toda a xeografía galega, as execucións estaban moi centralizadas nas cidades, onde se situaban as principais institucións militares. Así, na Coruña, Ferrol e, en menor medida Santiago, tiveron lugar todos os xuízos e posteriores execucións. Lugares como o coruñés Campo da Rata ou o ferrolán castelo de San Felipe verían apagarse a vida duns concelleiros que eran case sempre acusados de rebelión militar, unha imputación moi flexible que permitía aos tribunais militares acusar doadamente a aqueles suxeitos considerados politicamente perigosos. Así, se o historial do acusado facía recomendable a súa eliminación, tiña pouca importancia a súa maior ou menor entrega na defensa da República durante os días posteriores ao golpe, e os xuízos non tiñan ningunhas garantías legais para os acusados. Con todo, hai que sinalar que a maior parte dos xulgados nos tribunais militares non foron condenados a morte, namentres que ir “paseado” era case sinónimo de perder a vida, sendo moi poucos os que conseguiron salvarse destes intentos de asasinato. Por iso as cifras de asasinados nos “paseos” son moi superiores ás dos executados despois dunha condena a morte.

A grande maioría dos mortos pertenceron á derradeira corporación republicana, a da Fronte Popular, unha boa demostración do interese por descabezar a orde existente, e tamén de que era a etapa que deixara máis débedas pendentes cos sectores reaccionarios. En total, 79 dos 88 concelleiros que perderon a vida pertencían á corporación de 1936 (aínda que algúns tamén estiveron en anteriores), e só nove non formaran parte dela.

Os obxectivos da eliminación física

Este nivel tan elevado de violencia resultou especialmente singular por ter rematado tan cedo na provincia o conflito bélico. Falamos entón dunha violencia “de retardarda”, nalgúns casos perfectamente estruturada polas novas autoridades, e noutros máis anárquica, que xorde de circunstancias concretas. Pero sempre hai uns obxectivos detrás, que poden ser de moi diverso tipo e que imos tentar analizar:

É en boa medida unha violencia coa intención de exterminar. Outras formas máis “suaves” de represión teñen un obxectivo claro de impoñerse sobre o inimigo ideolóxico, pero no caso da eliminación física vaise un paso máis aló, pois o que se está é negando a propia existencia a ese inimigo. Este pensamento tan radical intensificárase pola polarización da sociedade durante o período republicano, e por iso en 1936 existía unha maior predisposición que noutras etapas a estas formas de violencia, algo favorecido tamén pola estrutura paramilitar que adquiriran algunhas formacións políticas, nomeadamente Falange no caso das conservadoras. Esta formación, se ben tiña unha magnitude moi escasa con anterioridade ao golpe de Estado, adquiriu moita forza nada máis comezou este, e serviu de acubillo a individuos diversos para poder cometer atropelos con total impunidad.

Hai un obxectivo relacionado coa consolidación dunha nova orde política. A democracia republicana demostrara que a dereita podía acadar o poder, pero do mesmo xeito podía perdelo, concedendo tempo e capacidade ás esquerdas para levar a cabo políticas ás que logo custaba darlle a volta. Porén, esta rotación no poder á que podía dar lugar a República non se produciría se se facía desaparecer a oposición. Así que nada mellor para asegurar o control político e ideolóxico sobre a sociedade que descabezar as forzas contrarias á nova orde que se quería instaurar. Ademais, que o triunfo do golpe de Estado só fose parcial anticipaba un conflito máis longo, e esa perspectiva tivo moito que ver en dar un maior énfase aos asasinatos e execucións, que se xeneralizan en agosto, cando son nomeados os delegados de orde público e aos “paseos” que xa viñan funcionando se engadiron as execucións “legais”, que demostraban unha estratexia definida.

O obxectivo do control político e ideolóxico é o que mellor explica as execucións máis “organizadas”, pero non sempre resulta válido para entender algúns dos “paseos”. É aquí onde os conflitos e as rivalidades persoais aparecen a miúdo como un forte vector, cobrando importancia a relación anterior entre reprimidos e represores. Por exemplo, a vinganza por feitos acontecidos durante a etapa republicana foi frecuente, sendo un bo exemplo o do cura párroco de Boimorto, que sinalou unha serie de concelleiros de

esquerdas que debían ser eliminados, e cos que tiña unha grande inimidade polas discrepancias cando estiveran no Goberno, por asuntos como a expropiación do cemiterio.

Tamén cómpre pensar na rendibilidade que se podía tirar destes asasinatos de xeitos diversos. Por exemplo, a morte de persoas que traballaban como funcionarios facía que eses postos quedaran libres para ser ocupados por outros, e mesmo nalgúns casos había un manifesto interese por realizar espolios ou incautacións. O cárcere ou as sancións administrativas tamén podían ter ese efecto, pero só a morte era unha situación definitiva, polo que, nun momento no que segar unha vida podía ter un risco mínimo para o verdugo, esta opción foi, desgraciadamente, moi aproveitada. Por suposto, no caso dos concelleiros os motivos políticos e ideolóxicos estiveron case sempre no primeiro plano, pero na maioría da poboación as vinganzas por razóns persoais ou o interese por obter vantaxes incidirían moitísimo.

Os verdugos

Un dos temas máis complicados para a historiografía á hora de analizar o proceso represivo posterior ao golpe do 18 de xullo ten sido todo o relacionado cos represores. Durante todo o período franquista foi case imposible estudar a represión por razóns obvias. Despois de 1975, porén, comezaron a aparecer traballos que afondaban neste tráxico proceso que comezara en 1936, pero case sempre centraban as miradas nos reprimidos, mentres os represores quedaban nun cómodo segundo plano, saíndo nomes e apelidos con moita dificultade, e ficando comodamente ocultos baixo denominacións como “os falanxistas da localidade” ou meros pistoleiros anónimos. A miúdo os veciños sabían moito do que acontecera, pero o medo a falar notábase cando os historiadores facían preguntas, especialmente nos anos setenta e oitenta, nos que aínda se lembraba demasiado ben o poder social que tiñan os represores, e as consecuencias que podía ter falar en contra deles. Dalgún xeito, isto demostrou a existencia de mecanismos da represión tan eficaces que non se apagaron de todo trala fin da ditadura.

Os mandos sublevados estiveron detrás de moitas das accións represoras que acabaron en morte. Resultaba evidente cando estas eran efectuadas por amplos grupos de homes armados e uniformados, ás veces mesmo acompañados por algún oficial. Un bo exemplo é o de José Novo, que fora alcalde de Betanzos, e que foi asasinado por seis gardas civís e carabineiros mandados por José González Rodríguez, tenente da Garda Civil. Segundo parece, Novo chamara a José González “muñeco uniformado” antes da sublevación⁸⁴, polo que podería ser un caso de vinganza, neste caso favorecido porque o represor pasara a estar nunha situación na que tiña moito poder e total impunidad,

sabendo que non tería que render contas do feito. Así, procedeuse a sacar a Novo do cárcere o 27 de xullo, e levouse directamente ao cemiterio para ser asasinado. Algúns veciños de Betanzos comentaban que o tenente fora enviado dende Carballo como castigo por non ter metido a ninguén no cárcere, e que por iso foi moi expeditivo no seu novo destino, pois baixo o seu mando tiveron lugar case todos os “paseos” na localidade. Sexa isto certo ou non, o que está claro é que en moitos casos as autoridades militares foron responsables fundamentais, non só das execucións, senón tamén dos “paseos”⁸⁵.

No caso das execucións sabemos algo máis porque temos datos dos que participaron nos procesos. Xa que o franquismo axiña se preocupou por buscar aparencia de legalidade, o volume de páxinas con dilixencias, declaracións, testemuñas... é inimaxinable. Deste xeito, declaracións, solicitudes de probas, interrogatorios, nomeamento de defensores, sentenzas, etc., son asinadas por quen corresponda, con nome e apelidos. Así, “defensa”, acusación, auditores, xuíces, testemuñas... deixan pegadas cos seus datos persoais. O problema é que ás veces estes datos non van máis aló do seu nome e apelidos, da súa sinatura estampada, mal que ben, nunha folla hoxe escurecida polo tempo. Por outra banda, estes procesos case sempre eran unha farsa, e aínda que a miúdo había xente que defendía aos acusados, cando as autoridades tiñan claro que alguén debía ser eliminado pouco se podía facer. É dicir, que o resultado do proceso se coñecía de antemán.

Fóra dos uniformes oficiais, o principal peso da represión na provincia recaeu nas cuadrillas de falanxistas, que aparecen constantemente como responsables dos “paseos”, e nas que o posible obxectivo político era doado de recoñecer. Non obstante, hai que pensar en Falange como unha organización política case residual na provincia o 18 de xullo de 1936, e que en poucos días comezou a sumar adictos ás súas ringleiras, nun proceso no que máis importante que o factor ideolóxico foi o que supuña de seguridade, poder e impunidade, polo que moitos deses novos falanxistas non terían unha especial afinidade cos principios da formación. Por suposto, para aqueles que tiñan interese en danar a alguén ou rematar coa súa vida, era a opción con máis garantías, e sen dúbida iso axudou a que na formación fosen especialmente abundantes individuos propensos á violencia.

Ademais dos executores, había outras persoas que participaban en maior ou menor medida, ás veces por propia vontade e outras baixo coacción, facilitando así a acción dos represores. Por exemplo, cando se sacaba un preso do cárcere, alguén tiña que abrir ou permitir a entrada dos que se encargaban do traballo. Tamén ás veces colabo-

Las brillantes fuerzas de Falange coruñesa



Coruña. - Desfile de las centurias de Falange Española por los Cantones.- Una sección femenina de Falange Española desfila airosamente ante el entusiasmo patriótico de la ciudad herculina.



EL VALIENTE FALANGISTA D. JOSÉ GONZÁLEZ VARELA, UNO DE LOS HÉROES DE LA GRAN BATALLA, GANADA POR LAS TROPAS GALLEGAS, EN LA ES. PINA (ASTURIAS)

Vida Gallega. 20/09/1930.

raban os xuíces que ían levantar o cadáver, e que empregaban eufemismos para evitar afirmar que o falecido fóra tiroteado ou golpeado, e non poñían moita vontade nos procedementos que deberían seguir para un bo exercicio da profesión.

Neste sentido cómpre lembrar o papel da burocracia, que dende moi cedo foi sabendo con quen tiña que cooperar para poder manterse no seu posto de traballo, e non podía poñer moitas trabas aos diferentes sectores relacionados co golpe de Estado que acababa de triunfar. Así que, á marxe da afinidade ideolóxica co novo réxime, xa na altura de agosto de 1936 a maior parte do aparello administrativo actuaba como del agardaba o novo réxime, consciente das consecuencias que podería supor non facelo.

Tampouco se debe esquecer o papel da Igrexa, que nalgúns casos sinalou directamente os obxectivos que debían ser eliminados ou encarcerados. Non se pode xeneralizar, porque hai testemuños de moitos sacerdotes que intercederon para salvar vidas, pero o enorme peso que as opinións dos eclesiásticos ían ter á hora de definir o destino das persoas fixo que foran claves na represión.

Historias cun triste final

O estudo realizado polo proxecto Xeración Perdida ten como principal obxectivo a elaboración dun listado de nomes o máis completo posible, e concede moita importancia aos aspectos estatísticos. Porén, detrás das cifras e os nomes, que ás veces son algo fríos, existen historias, feitos, vivencias... elementos que dan unha imaxe máis clara e visible do que aconteceu, que nos achega ao que foi aquel tempo, e ao que pasaron aquelas persoas ás que a vida lle cambiou nun instante. Non hai sitio para todos, e de moitos é moi pouco o que sabemos, pero ao falar de cada unha das formas de represión queremos achegarnos a algúns casos significativos, para que as conclusións sexan moito máis que nomes e números. Neste primeiro apartado, os alcaldes serán un bo fío condutor para entender os distintos modos nos que funcionou a represión que se saldou co peor dos resultados.

Entre os 88 concelleiros que perderon a vida tras o golpe de Estado poucos son tan emblemáticos como o alcalde compostelán Ánxel Casal, unha das figuras máis destacadas da Galicia da época, non só pola súa actividade política, senón tamén pola cultural. Ánxel Casal fora elixido alcalde de Compostela o 23 de febreiro de 1936, durando o seu mandato ata o 9 de xullo cando dimitira por cuestións de política interna. O día 17 de xullo, cando a sublevación contra a República comezou en Melilla, Casal atopábase en Madrid como parte da comisión que entregou o Estatuto de Autonomía de Galicia. O 20 de xullo, en pleno golpe de Estado, volvía tomar o mando da alcaldía da cidade para

tentar endereitar a complicada situación na que se atopaba. Pouco puido facer, pois esa mesma noite a autoridade militar o obrigaba a ceder o mando, coa promesa de que facéndoo salvaría a vida. Non ía servir de nada porque o 4 de agosto foi detido en Vilantime (Arzúa), a súa aldea natal, onde se refuxiara. Casal foi levado á prisión coñecida como A Falcona, en Santiago, como moitos outros republicanos, entre os que estaba o seu amigo o artista Camilo Díaz Baliño, que lle fixo alí mesmo un retrato a Casal que aínda se conserva. O ex alcalde tivo que declarar como testemuña o 8 de agosto no proceso que se abriu contra os membros do Comité de defensa. Pero Casal non foi condenado, non houbo unha sentenza a pena de morte. Foi sacado do cárcere na noite do 18 ao 19 de agosto e asasinado nunha curva de Cacheiras, próxima ao cemiterio. Exemplo claro de “paseo”, e triste final para unha das grandes figuras da cultura galega da época. A chama do primeiro gran editor de libros en galego apagouse en silencio, ás agachadas, por uns intereses que descoñecemos, pero que, como en tantos outros casos, terían moito que ver co papel político da vítima.

Quen si tivo condena e execución foi o alcalde coruñés Alfredo Suárez Ferrín, fusilado no Campo da Rata o 31 de agosto de 1936. Membro do Partido Republicano Radical-Socialista, xa fora elixido concelleiro antes que alcalde, cargo que ocupaba cando a Revolución de Asturias en 1934 e que, precisamente por estes acontecementos, se viu obrigado a abandonar. Peor rematou a súa segunda etapa como alcalde cando poucas horas despois da sublevación na cidade foi detido na súa propia casa, xa que a ela se dirixiu. Probablemente non podía nin imaxinar o que acabaría por ocorrer: un grado de represión política nunca visto. E é que, tras unha primeira liberación que non volvería repetirse, o 21 foi preso novamente e “xulgado” xunto con outros persoeiros da vida política local como Ramón Maseda, recoñecido líder do socialismo, ou o deputado de Izquierda Republicana, Manuel Guzmán García, entre outros. Para os dez se pediu a pena de morte e seis deles foron condenados. Así, o último día daquel fatídico agosto foi tamén o derradeiro de Alfredo Suárez Ferrín, quen caeu perante o pelotón de fusilamento. Varias fontes recollen que, debido ao cariño e respecto que os coruñeses sentían por el, os soldados erraron os tiros a propósito, sendo necesaria unha segunda descarga.

Con respecto á terceira das cidades da provincia, dous alcaldes coñeceu Ferrol naquel 1936, Xaime Quintanilla e Antonio Santamaría. O segundo accedeu ao cargo logo da renuncia do primeiro no mes de febreiro. Após do golpe foi detido, levado ao Baluarte, e condenado a morte. Do recinto militar conseguiu fuxir para permanecer agochado varios anos ata que logrou fuxir dende o porto de Ares abordo do bou *Ramón*, do que se falará unhas páxinas despois. Grazas a esta fuxida chegou a Francia, de onde partiría

a finais dese mesmo ano con destino a México. Posteriormente, chegaría a Nova York, instalándose alí en 1940 para pasar os seus derradeiros días ata que faleceu en 1948.

Peor sorte tería o primeiro. Xaime Quintanilla era médico, ademais dun home con grandes intereses culturais que o levaron a escribir en prensa ou a dirixir a Editorial Céltiga, entre outros proxectos como a campaña a prol do Estatuto de Autonomía. A súa preocupación polos máis desfavorecidos valéalle o aprecio dos seus veciños, porén non sería abondo para salvarlle a vida. Igual que lle pasara a Suárez Ferrín, logo do golpe foi apresado por dúas veces na súa casa. Da segunda xa non habería volta atrás e a súa vida chegaría á fin a mediados de agosto do 36, cando foi fusilado xunto con outras catorce persoas.

Foron 18 os alcaldes republicanos da provincia asasinados, pero só dous ocuparan ese posto no mesmo concello. Foi o caso de Betanzos, onde tanto o ex-alcalde José Novo Rodríguez como o alcalde no momento do golpe, Tomás López da Torre, perderon a vida. Segundo relata Alfredo Erias Martínez os seus camiños cruzáronse neses complicados días de xullo porque Tomás López non quixo fuxir ao monte, e pensou en refuxiarse con amigos en Asturias. O 29 de xullo convenceu a José Novo Rodríguez para ir xuntos en taxi cun “chaufer”, pero esta viaxe truncouse ao ser interceptados á altura de Guitiriz, dende onde os levaron ao cárcere de Betanzos. José Novo tiña 5 fillos e era ateo. Os seus ataques ao clero, os rumores de que tiña unha amante e outras historias que se contaban sobre el fixeron que tivera unha especie de “lenda negra” entre as familias de dereita. Ademais, non axudaba a súa incontinencia verbal, e atribuíanselle frases como: “Mirade, nada de contemplacións, un tiro na nuca e xa está”. Todo iso pasoulle factura e foi fusilado o mesmo día 29, o que demostra que era un obxectivo moi claro. Ao ser sacado da cadea fíxoselle un “consello de guerra” sen ningunha garantía, no que foi acusado de revolucionario e do incendio na igrexa de San Francisco. Pola noite buscaron un taxi para fusilalo no cemiterio, pero o taxista alcumado “o Machacante” negouse porque Novo era parente da súa muller, pero ao final veríase obrigado a levarlos e ía ser asasinado despois de Novo. Pola súa banda, Tomás López fora un avogado de prestixio, que en 1934 se distinguira pola súa defensa de traballadores rebelados en Asturias, algo que, sumado á indignación das dereitas por feitos que acontecieran durante o seu mandato, fíxolle moi difícil salvar a vida. Tras dous meses na cadea e un xuízo sumarísimo foi condenado a morte na Coruña e fusilado o 1 de outubro no Campo da Rata, onde morreron moitos republicanos.

A historia do alcalde de Arzúa, José Manuel Vidal García, tamén tivo final trágico. Este destacado industrial fixera fortuna en América, dende onde financiou escolas en varias

parroquias, e de onde importou moitos dos apeiros de labranza que supuxeron a principal mercancia do seu negocio. De carácter conciliador, ao chegar á alcaldía en 1932 fixera un chamamento a depoñer “sen humillacións nin rancores para ninguén, determinadas actitudes en ben e para a tranquilidade desta honrada veciñanza”. Porén, isto non serviu de moito á hora de ser capturado pola nova autoridade e xulgado en Santiago de Compostela a finais de agosto. A sentenza foi a declaración en rebeldía, que non tiña por que supoñer unha condena a morte, pero tratábase dunha especie de eufemismo que servía ás autoridades de comodín, e que podía rematar de varias maneiras. Neste caso, poucos días despois do xuízo, Vidal foi “paseado” en Compostela, segundo varios testemuños a mans dunha cuadrilla de falanxistas da cidade. Pero o castigo para este político non rematou aí. A súa familia padecería as consecuencias do pasado do pai, e quedaría sen a licenza para comercializar apeiros

Entre os alcaldes asasinados tamén estivo José López Lourido, militante do PSOE e primeiro alcalde republicano de Ares (1931-1934), cuxo corpo apareceu en Pontedeume con feridas de bala o 10 de agosto do 36. Nesa mesma localidade tamén foi asasinado o que era alcalde de Mugar dos no momento do golpe, Juan Prieto Balsa. Era membro do Partido Comunista e contaba cunha longa carreira política e sindical, que comezara xa como emigrante na illa de Cuba, da que foi deportado en 1930. A súa significación política fixo que o “pasearan” en Ombre (Pontedeume) xa o 24 de xullo de 1936, quedando a súa morte rexistrada por “causa de ferida de bala por disparos feitos pola forza pública”.

Ferrolterra foi sen dúbida a comarca que levou a peor parte da represión na provincia, e ata 6 dos 18 alcaldes asasinados exerceran nos concellos que a compoñen. Aos xa sinalados de Ferrol, Ares e Mugar dos podemos sumar a Alfonso de Cal Fernández, primeiro Alcalde de Valdoviño na II República, xulgado e executado en Ferrol; igual que Manuel Fernández Freijeiro, alcalde de Cedeira durante a etapa da Fronte Popular, militar retirado e que fora director do coro Toxos e Froles; e tamén Ramón Souto González, derradeiro alcalde republicano de Fene. Este último demostrara o seu compromiso político en 1934 cando o seu apoio á revolta asturiana o levou a ter que marchar á Coruña con outros compañeiros para refuxiarse nunha casa amiga. Menos de dous anos despois xa chegara á alcaldía do concello, ao substituír a José Pita Cortés pola súa avanzada idade e problemas de saúde. Ramón Souto foi detido na propia Casa do Concello, xunto cos concelleiros Andrés Iglesias Garrote e Eduardo Barcia, entre outros. O feito de que no balcón da casa consistorial ondeara a bandeira branca en sinal de rendición e paz ou de que, como o mesmo Ramón Souto lle dixera á súa muller “non

fixen mal a ninguén”, non constituíron un impedimento para que os tres foran “mortos en Ferrol a mans da forza pública”.

Ter mostrado un considerable apoio pola revolución asturiana en 1934 foi algo recorrente entre os executados, pois fora o momento de maior ruptura do período republicano antes de xullo de 1936, e definiu unhas posicións que non se esquecerían doadamente. Outro exemplo disto nolo da o primeiro alcalde republicano de Serantes, Alejandro Porto Leis, que sufriu un consello de guerra en 1934 que non só supuxo a súa destitución da alcaldía, senón tamén o seu encarceramento. Coa amnistía da Fronte Popular volvería ocupar a alcaldía, esta vez por Izquierda Republicana (a primeira vez o fora coa ORGA), pero en xullo viuse obrigado a agocharse e sería paseado despois de dous anos fuxido. Tamén perdeu a vida anos despois de “botarse ao monte” o alcalde de Cabanas Álvaro Puentes Antón, ao que nos referiremos cando falemos dos fuxidos.

Outros alcaldes “paseados” foron Cipriano Fernández Brage, rexedor de Fisterra entre 1932 e 1936, que fôra deputado provincial, radiotelegrafista e artífice da chegada do alumeado eléctrico á Costa da Morte; Pablo Rico Couceiro, alcalde de Monfero en 1936, antigo emigrante na Arxentina que retornara en 1914 e que xa chegara a ser concelleiro durante a ditadura de Primo de Rivera (1924); Ramón Piñeiro, rexedor de Padrón e de profesión electricista, que fora levado ao cárcere de Santiago da que saíu sen que se volvera saber nada del; e Antonio Iglesias Corral, alcalde de Vilasantar, que sobreviviu ata agosto de 1938, cando foi asasinado “a mans da fuerza pública” segundo se inscribiu no Rexistro Civil cinco meses despois da súa morte.

Finalmente, a lista dos alcaldes mortos na represión complétase con tres que foron executados tras unha condena por rebelión militar nun consello de Guerra, fórmula que serviu para xustificar a maior parte das penas de morte dos concelleiros. Foi o caso do alcalde de Mañón, Jesús Castaño Galdo, de Izquierda Republicana e morto en Ferrol; o de Sada, Antonio Fernández Pita, executado na Coruña en outono de 1936; e o de Abegondo, Manuel Vidal Pardo, executado tamén na Coruña en febreiro de 1937.

Malia non estar no listado de concelleiros elaborado por este proxecto, queremos referirnos a un caso moi representativo pola importancia política da figura: o do gobernador civil da Coruña, Francisco Pérez Carballo, executado o 25 de xullo, xunto co comandante e o capitán da Garda de Asalto da Coruña. Un final trágico que tamén tivo a súa muller, a bibliotecaria e pedagoga Juana Capdevielle, que estivera con el e lle axudara nas intensas horas posteriores ao golpe de Estado, o que contribuíu a que en certos sectores militares se creara a idea dela como unha xefa guerrilleira. Embarazada, foi detida pouco despois da sublevación e “paseada” en agosto en Rábade. Esta serie de

asasinatos é unha mostra clara de que se seguía unha estratexia de eliminación física das figuras que puidesen poñer en dúbida a lexitimidade dos golpistas, e tamén de quen colaborara con eles. Faise un consello de guerra para darlle certa autoridade, e mándase unha mensaxe ao pobo. Incluso se propagou a falsa nova de que Pérez Carballo confesara publicamente os seus pecados políticos, algo que tiña un claro interese propagandístico.

Á marxe dos alcaldes, se atendemos ao número de concelleiros que morreron en cada concello, Boimorto ten a cifra máis avultada de toda a provincia con nada menos que 8 asasinados, todos eles pertencentes á corporación da Fronte Popular, que só tiña 12 membros, polo que dous terzos da mesma foron liquidados en poucos días. Estes datos explícanse doadamente se facemos un percorrido polo que pasou neste municipio da comarca de Arzúa.

Dise que o párroco, Don Emilio, estaba moi resentido coa política contra a Igrexa da República, e a súa influencia foi decisiva na actuación dunha cuadrilla falanxista que, aproveitando que o golpe xa triunfara claramente en Galicia, fixeron que se chamara a 17 homes que tiñan que presentarse na Gándara, onde estaba a escola. Nese grupo estaban moitos dos principais representantes da esquerda na localidade, incluíndo case toda a corporación da Fronte Popular, pero a maioría non sospeitaron o que lles agardaba. Ao concelleiro Ramón Sánchez Rapela dixéronlle que puxera a roupa dos domingos. Dos 17 homes, tres escaparon por medo (entre eles o ex alcalde Pedro López Bodelo) e outros dous salváronse pola intercesión de curas doutras parroquias. Os doce restantes, entre os que había nove concelleiros da última corporación republicana, foron levados ao cárcere de Sobrado dos Monxes, onde os retiveron dous días sen comida nin bebida e obrigándoos a transportar sacas cheas de pedras. Finalmente, o 20 de agosto separáronos en dous grupos de seis, levándoos cara sitios diferentes, pero con idéntico resultado para todos eles agás un. A metade serían levados a Ortoño, no concello de Ames, onde perderon a vida cinco representantes municipais: José Tojo García, Manuel Espiñeira López, José Barreiro Pérez, Juan Martínez Bao y Ramón Enjamio Pombo. Cinco dos outros seis atoparon a morte en Amenal (O Pino), entre eles tres concelleiros: Ramón Vázquez Garea, Antonio Felpete Budiño e Ramón Sánchez Rapela. Na fuxida desesperada na que se lles dixo que correran e foron tiroteados polas costas só se salvou un, José Cabanas, ao que deron por morto e que conseguiu escapar.

En Ortoño os veciños levaron os cadáveres á igrexa, e o cura viu que algúns levaban símbolos cristiás, polo que foron enterrados relixiosamente nunha fosa común. Os ve-

ciños de Ortoño referiríanse a eles con mágoa como “os homiños de Boimorto”. En Ameal, porén, os propios falanxistas escolleron a veciños simpatizantes da República para cavar unha foxa e, de paso, meterlles o medo no corpo. O de Boimorto é o caso máis evidente de eliminación sistemática dos inimigos políticos por parte de forzas afíns á sublevación que atopamos en toda a provincia. A vella orde non esquecía o que consideraba desafíos, e non perdeu a oportunidade de axustar contas nun intre no que a impunidade estaba asegurada. Non foi un xuíz para o levantamento dos cadáveres, non se fixeron fotografías, non houbo partida de defunción. Matar saía de balde, e aqueles que mataron non tiveron que responder ante ninguén por uns asasinatos que non se podían acoller a ningunha legalidade.

Política entre reixas

Encerrados non molestan: a cadea como represión

A abraiante frecuencia que tiveron os “paseos” e execucións decote nubra a vista dos demais aspectos da represión, pero que outros medios fosen menos drásticos non os fai menos interesantes á hora de entender como funcionou ese edificio de varios pisos. O recurso ao asasinato era moi extremo, mais un extremo ao que se chegou cunha frecuencia esaxerada, polas facilidades que ofrecía o contexto e que xa comentamos. Con todo, seguía sendo algo moi difícil de facer para moitos, e por iso a privación da vida se completou con algo que foi moito máis común, aínda que, por sorte, menos definitivo: a privación da liberdade.

Así, os cárceres galegos enchéronse dende xullo do 36 de persoas de esquerdas do máis diverso tipo, dende líderes políticos a simples afiliados sindicais. Sen ningún tipo de garantías legais, eran introducidos en prisións nas que quedaban á mercé dos carcereiros e das novas autoridades, civís ou militares, que tiveran potestade sobre elas. Nos xuízos dos tribunais militares eran máis os enviados á cadea que os condenados a morte, polo que as cifras de presidiarios creceron rapidamente.

Dentro da provincia da Coruña houbo prisións militares, como as de Ferrol; prisións provinciais, como a que había na cidade herculina; municipais, como o cárcere Falcona en Compostela, ou prisións feitas de novo porque o espazo se mostra insuficiente dende moi cedo. O caso de Ferrol é especial polo forte control que exerceron os militares, á marxe das autoridades penais. Os detidos na cidade departamental foron repartidos en diferentes lugares, como a *Escollera*, un dos diques do arsenal, barcos requisados (Plus Ultra, Contramaestre Casado, Genoveva Fierro...) e tamén os cuarteis no castelo de San Felipe ou mesmo o *Baluarte*. Finalmente, ía haber tamén campos de concen-



Después de muchos años de reclusión en la cripta que las guarda en la catedral compostelana, las cenizas del Apóstol Santiago fueron sacadas procesionalmente por las ruas milenarias para pedir a Dios una honrosa y redentora paz para España.— Foto A. Blanco.

Vida Gallega. 15/09/1936.



Santiago. — Jugadores del partido Pro-Ejército, en que intervinieron brillantemente el Celta y una selección de Artillería.— Foto Ksado.

Vida Gallega. 30/10/1936.

tración, como os de Cedeira, Ferrol e Muros, pero non foi habitual a presenza neles das antigas autoridades republicanas da provincia, porque se fixeron sobre todo para os prisioneiros de guerra. De feito, o verán de 1937, cando se poñen en marcha, coincide coa toma de Santander, tras a que Galicia tivo que dar cabida a moitos prisioneiros do Exército republicano. Posteriormente habería tamén campos deste tipo en Compostela e A Coruña, de novo en boa medida pola ocupación de máis territorios republicanos polos sublevados. Rematada a guerra, en 1940, estableceuse unha prisión central en Santiago de Compostela, a de Santa Isabel, que chegaría a ter 1.600 presos xa nese ano. Toda esta rede de cárceres tivo unha certa indeterminación sobre as responsabilidades ata novembro de 1936, habendo mesmo problemas de competencias entre os comandantes militares e os gobernadores civís. Axiña a situación se foi regulando progresivamente ata que, co decreto de marzo de 1938, podemos falar dun sistema penal centralizado e xerarquizado.

As condicións de vida nestes cárceres eran moi variables pero, como é doado imaxinar, adoitaban caracterizarse por ser moi negativas. Problemas como a sobreocupación, a mala alimentación ou a falta de condicións hixiénicas eran endémicos, e foron numerosos os que arrastraron secuelas de por vida por ditas condicións, e algúns mesmo perderon a vida. A benevolencia (ou ausencia dela) dos carcereiros era decisiva para a vida dos reclusos, que estaban nas súas mans en moitos aspectos, por exemplo no da comunicación co exterior, fundamental non só para a moral dos presos, senón tamén porque era difícil subsistir sen o complemento á dieta que achegaban familiares ou amigos, e que non sempre chegaba ao seu destino. Con respecto ás comunicacións cómpre salientar que dende moi cedo, e como por outra banda resulta lóxico, se estableceu un sistema de censura. Grazas a este, temos novas da dureza das condicións dos presos polas cartas que, unha vez censuradas, se incorporaron ás causas dos consellos de guerra.

Respecto aos ingresos na cadea, en xeral podemos distinguir unha primeira fase no verán de 1936, na que os favorables ao golpe deteñen a todos os esquerdistas significados que poden, e que coincide coa maior parte da represión que non seguiu as vías da legalidade establecida polos sublevados. Outra fase estenderíase dende o outono do 36 ata a segunda metade de 1937, cando se completa o proceso depurador de xeito máis “ordenado”, polo que se manteñen moi elevadas as cifras de entradas no cárcere. A partir de aquí, o volume de ingresos nas prisións redúcese moito, e o modelo de depuración cambia porque as necesidades son outras.

En definitiva, todo este sistema de encarceramento tiña por obxectivo axudar á nova orde política e isto foi algo que se mantivo durante toda a Guerra Civil e mesmo despois. Asegurar o control das institucións de poder e da sociedade era máis doado se se tiña entre reixas ás principais figuras do vello sistema. Pero tampouco hai que deixar de lado a importancia que o sistema penal tivo á hora de saciar os desexos de vinganza, e moitos encarceramentos ían máis aló do feito de ter cometido un delito ou de supoñer un perigo real: o que había era a intención de dar exemplo ao resto dos cidadáns, ao tempo que os castigados purgaban as súas culpas, como a de pensar diferente.

Distintas condenas, mesmos delitos


A maior parte dos fusilados en consellos de guerra pasaran un tempo na cadea, á que posiblemente irían resignados a ter que pasar moito tempo, pero moitos dificilmente podían pensar no destino que os agardaba.

Dos 163 membros das corporacións municipais “xulgados” mediante consello de guerra, 27 foron condenados a pena de morte. Destas condenas, 16 serían executadas, (en Ferrol, A Coruña e Compostela), 5 conmutadas por cadea perpetua, 3 serían “sacados ou paseados” antes da execución da condena, 2 descoñecemos o final e 1 conseguiu fuxir.

Pola cadea, con maior ou menor sorte, pasaron 83 concelleiros e alcaldes, se ben esta cifra ascende se temos en conta que, aínda que varias das sentenzas acabaron en sobresemento ou absolución, non quita que os procesados e inculpados de seguro terían pasado algún tempo detidos. Así, a cifra dos que se viron retidos entre reixas, ascendería ata os 112.

A duración das condenas variou entre a reclusión perpetua (30 presos) e os dous meses e un día (1 condenado). Entre unhas e outras, o abano é variable: 20 anos ou 20 anos e un día, 15 anos, e 12 anos ou 12 anos e un día. Ademais, sabemos de algo menos dunha trintena de casos que sufriron algún tipo de prisión/ detención, mais as fontes non especifican tempo.

Duración das penas de prisión



Se ben é certo que co paso dos anos e por diferentes motivacións as penas foron véndose reducidas grazas ás conmutas, a elevada cifra de condenas a reclusión perpetua fálanos, unha vez máis, do afán do réxime nacente por poñer fin a todo o que tivera que ver coa vida política republicana. E é que se á reclusión perpetua engadimos as penas de morte executadas, a cifra aumenta de xeito importante. Unha vez máis, a inequívoca vocación de poñer fin a calquera posibilidade de retomar o proxecto republicano. Ademais, cómpre engadir a intención exemplificadora das condenas nunha provincia de retagarda na que o novo Estado necesitaba asentarse axiña e na que se atopara cunha férrea defensa da República nos momentos iniciais da sublevación.

Vexamos algúns exemplos das distintas condenas.

Ramón Beade Méndez, chegara á alcaldía de Betanzos en 1933 tras a renuncia de José Novo e el mesmo renunciaría a esta no 36 pola súa incompatibilidade co cargo de Deputado. Destacado membro do socialismo galego, participara na elaboración dun primeiro borrador do Estatuto de Autonomía. A partir de 1934 tentou combinar as súas dúas vertentes ideolóxicas, a socialista e a galeguista, fundando a Unión Socialista Galega. Mais este experimento, no que tamén participaban, entre outros, Xaime Quintanilla, o alcalde ferrolán executado pouco despois do golpe, non durou moito e disolveuse pouco despois. Precisamente, nese mesmo ano de 1934, foi a primeira vez que Ramón Beade foi detido e coñeceu a cadea polo seu apoio ao movemento revolucionario de outubro. Despois do golpe de Estado Beade ía estar agochado durante varios anos, e en 1947 conseguira contactar con personalidades do socialismo no exilio participando activamente no intento de reconstrución do socialismo na provincia. Pouco despois, foi detido e xulgado na Coruña. A condena, vinte anos de prisión, non a cumpriría integramente

polo seu falecemento en 1956. Fiel aos seus principios ata a fin, o seu enterro foi civil e, a pesar da constante vixilancia policial, a el acudiu un elevado número de persoas.

A 20 anos e un día foi condenado Juan Gaiteiro Devesa, fogueteiro e tenente de alcalde de Vedra en todas as corporacións republicanas, que foi xulgado en Compostela. Porén, os vinte anos non serían pena abondo para as novas autoridades e esta foi acompañada, como sucedía decote, por outro tipo de sanción, neste caso de tipo económico, ao ser multado con 2.000 pesetas e, segundo conta o seu neto nunha entrevista dispoñible na rede⁸⁶, tamén lle foron confiscadas varias leiras. O seu oficio de fogueteiro, por increíble que pareza, había ter moito que ver na súa fuxida da cadea compostelá na que foi recluído. Sempre segundo a narración do seu neto, o día do Apóstolo solicitou permiso para ver os fogos xa que fora seu fillo o encargado dos mesmos. Aquí veu Juan Gaiteiro a súa oportunidade de fuxida, primeiro cara Portugal e despois cara Brasil. Alí tomaría nome e apelidos portugueses e enviaría cartas á súa familia en Vedra, evitando dar pistas sobre o seu paradiro ás autoridades franquistas mediante o seu nome falso, así como chamando “afillado” ao seu fillo, etc.

Menor condena tiveron Cándido Carrillo Cousillas ou José Carril Rodríguez, membros de todas as corporacións no concello de Malpica, posto que a súa sería de 12 anos e 1 día. O primeiro, estraño caso dun concelleiro militante da CNT, traballou durante a guerra na CAMPSA de Barcelona e, antes de volver a España en 1943, exerceu de mariñeiro en Francia. Dous anos despois, foi xulgado en Ferrol xunto con varios compañeiros de fuga, acusado de rebelión militar, pola súa participación na fuxida da lancha a motor San Adrián⁸⁷. O segundo tivo o seu consello de guerra na praza da Coruña coa mesma acusación de rebelión militar.

Semellante sorte correron outros como Manuel Cernadas Ares, Vicente Ramos Iglesias e Antonio Gómez Carneiro, concelleiros e alcalde da Fronte Popular de Mesía, respectivamente. Este último non conseguiu evitar a cadea pese a estar fuxido ata 1942; e a ela volvería cinco anos despois acusado de colaboración coa guerrilla, concretamente co coñecido *Foucellas*. Xa non saíra ata 1953.

A diferenza na duración das penas estaría relacionada coa gravidade do suposto delito do que se fora acusado. Así, as penas maiores (condena a morte, cadea perpetua ou 20 anos, por exemplo) adoitaban coincidir co suposto delito de “rebelión” ou “auxilio á rebelión”. Porén, outros delitos foron considerados menos graves. Sería o caso, por exemplo, da deserción pola que son condenados a 6 anos de reclusión José Saavedra Sardina, Nicolás Sánchez Marín ou Juan Eiroa Sánchez, todos eles concelleiros de Cabanas en 1936 que non se presentaran ao chamamento a filas.

Fuxidos na súa terra

Nin me vou nin me entrego: os que se “botaban ao monte”


Como máis adiante veremos, fuxir de Galicia cara a España que se mantivo fiel á República ou ao estranxeiro foi unha alternativa moi válida para escapar dunha represión case segura, pero houbo quen se resistiu a caer en mans das autoridades sublevadas e tamén a ter que saír da terra. Nalgúns casos porque existía o desexo de permanecer en Galicia e seguir loitando dende ela; en outros porque se tiña medo a ser capturado no camiño ao exilio e esconderse nunha casa ou no monte era unha seguridade máis próxima, menos definitiva pero que estaba ao alcance da man. E así temos aos fuxidos, dos que basicamente podemos diferenciar entre dous tipos: os que se agochaban no monte e os que o facían en casas de familiares ou amigos. Para uns e outros era difícil que a vida non se convertese nun pesadelo. “Botarse ao monte” supoñía a miúdo ter que vivir case como un nómade, lonxe da sociedade e co medo constante a ser abatido ou atrapado polas autoridades. Algúns só tentaban asegurar a súa supervivencia, namentres que outros quixeron manter a loita armada contra os sublevados, conformando o maquis ou guerrilla antifranquista. Por outra banda, esconderse nunha casa ou na súa contorna supuña vivir baixo unha presión constante e poñendo en perigo ás persoas que estaban tentando dar protección, vivir nun espazo terriblemente reducido e perder case calquera posibilidade de traballar ou de socializar, o que acaba derivando inevitablemente en problemas mentais.

Estas situacións eran habitualmente concibidas como provisionais, albergando esperanzas de que o paso do tempo trouxese cambios a mellor e disipara o perigo que supuña entregarse ás que entón eran as autoridades. Nos primeiros anos da guerra, a idea de que a República podía gañar e dar a volta á situación en Galicia era un anelo no que se tiña fe, aínda que se foi disipando contra o final do conflito e desapareceu finalizado este, o que levou a moitos agochados e fuxidos a entregarse. Pero co contexto da II Guerra Mundial, moitos aínda confiaban nunha implicación de España na contenda, que a volvea a converter nun escenario bélico e que permitira derrocar ao triunfante réxime franquista. Isto nunca aconteceu, como tampouco a desexada posibilidade de que os Aliados acabaran coa ditadura unha vez rematada a guerra. Foi o golpe de graza á resistencia, e despois de 1946 apenas quedarían loitadores no monte.

Moitas destas historias de agochados ou fuxidos remataron abruptamente ao ser descubertos polas autoridades, cun resultado que moitas veces foi fatal. Noutras, era o propio escapado o que poñía fin á súa situación, sendo os métodos máis habituais pasar ao exilio ou entregarse ás autoridades agardando que a pena non fose moi elevada.

Tentando analizar as cifras, atopámonos con grandes problemas, porque estamos ante unha categoría que resulta moi complicado delimitar. Cos que estiveron moito tempo agochados en casas ou fuxidos polo monte non hai dúbida, pero con canto tempo podemos considerar que unha persoa estivo fuxida? Os primeiros días despois do golpe foron interceptados polas autoridades moitos concelleiros que tentaban fuxir, podemos consideralos fuxidos nese curto lapso de tempo? Por definición probablemente si, pero resultaría relativamente confuso. Por outra banda, para moitos dos concelleiros non contamos con información suficiente, e estar un tempo agochado é algo que apenas deixa rexistro, polo que de seguro houbo algúns concelleiros que poderían ter entrado nesta categoría, pero dos que non temos os datos. En todo caso, ata 40 encaixan claramente nesta categoría, dos que catro foron asasinados, 17 pasarían polo cárcere e sete marcharon exiliados. Isto indica claramente que os que tentaban desaparecer tiñan bos motivos para facelo, e só uns poucos (menos de un terzo) non parece que recibiran castigo posteriormente, aínda que nalgúns casos podería deberse tamén á falta de información.

Como remataron os fuxidos



Historias fuxindo

Resulta case imposible saber ata que punto desaparecer permitiu a estes concelleiros salvar a vida, pero nalgúns casos non podemos albergar moitas dúbidas ao respecto. Así acontece con Pedro López Bodelo, o que fora alcalde de Boimorto e ao que apartaran do seu cargo en outubro de 1934 pola represión xeneralizada que seguira á revolta asturiana. Pedro López fuxiu poucos días despois do golpe, e pouco antes de que nove compañeiros seus fosen apresados, dos que só un se salvaría. Sendo Boimorto o concello de toda a provincia no que un maior número de concelleiros foron asasinados,

non parece difícil pensar que o ex alcalde tiña todas as papeletas para acompañalos. A súa fuxida durou ata 1941, cando decidiu entregarse, sendo xulgado en Santiago de Compostela e condenado a 8 anos de prisión. Porén, a pesar de que a condena foi en xaneiro do 41, para decembro dese ano xa sería liberado, en boa medida porque os informes da Garda Civil de Sobrado, aínda que non eran moi favorables respecto ao aspecto político, falaban de conduta pública e privada *intachable*.

Máis complicado o tivo o seu compañeiro José Cabanas, que si estivo entre o grupo de 12 homes que os falanxistas da localidade apresaron coa clara intención de acabar con eles. Cabanas foi o único dos doce que se salvou do “paseo”, porque o deron por morto e conseguiu escapar, e despois uns campesiños axudáronlle a sacar unha bala da perna. Unha traxedia cambiouse por outra, pois aínda que José Cabanas non morreu, comezou unha longa e difícil vida agochado. Quince anos sobreviviu a esa situación, moito tempo “emparedado” na súa casa segundo se dicía, e con varios intentos de suicidio ata que finalmente perdeu a vida en 1951. É un destes casos nos que a xente se preguntaba se non lle tería sido mellor morrer canda os seus compañeiros, a vivir unha silenciosa e desesperante represión de tres lustros.

Se Pedro López tivo que pasar pola cadea e José Cabanas morreu como fuxido, temos tamén o exemplo do que puxo fin á súa etapa de fuxido converténdose en exiliado. Así aconteceu con Evaristo Eive Vilar, concelleiro de Cabanas, que se exiliou por mar como outros moitos, pero que non o fixo ata 1946. Foi dos que agardara durante toda a II Guerra Mundial a unha intervención aliada, pero ante o convencemento de que esta non ía acontecer cambiou de idea. Así, fuxiu no buque *Santa Teresa* con outras vinte persoas que levaban dez anos vivindo na clandestinidade. Só na corporación republicana de Cabanas xa temos os tres exemplos de fuxido que remata noutra das categorías principais segundo a división que seguimos: o que é asasinado, o que vai á cadea e o que se exilia. As frondosas Fragas do Eume serviron de protección a moitos políticos e sindicalistas da comarca, sendo unha das zonas con máis fuxidos, como o referido Evaristo Eive Vilar e os seus compañeiros, Ramiro Martínez e Álvaro Puentes Antón, que fora o derradeiro alcalde republicano da localidade. O que correu peor sorte foi este último, asasinado polas costas despois de catro anos fuxido. Segundo os veciños, foi un infiltrado o que perpetrou o asasinato, despois de ter feito un pacto coa Garda Civil, corpo no que entraría a formar parte. Álvaro Puentes estaba a piques de exiliarse con outros compañeiros, o que acelerou a intervención do infiltrado e forzou a abortar a operación. Pola súa parte, Ramiro Martínez López decidiu entregarse en 1947, pero volveu fuxir antes de ser capturado en 1951 e condenado a 20 anos. Poucos

aguantaron ata tan tarde, pero non foi o único que chegou fuxido á década de 1950, pois o mesmo aconteceu co referido José Cabanas, ou con José Alborés Gándara, de Vimianzo, que estivo máis de 14 anos agochado ata que se presentou en 1950 para ser sentenciado a 15 anos de cárcere.

Agocharse a tempo podía ser a diferenza entre a vida e a morte, sobre todo na primeira etapa da represión. A Francisco Martínez Agra, concelleiro noiés, foron buscalo á casa, e ao non atopalo tentaron prenderlle lume, boa proba de que as intencións non eran moi pacíficas. Así, Francisco Martínez desapareceu, estando agochado en Mazaricos durante dous anos. Sen dúbida, desaparecer desa represión que se fixo “en quente” incrementaba moito as posibilidades de saír con vida. Algo semellante aconteceu co concelleiro Justo Pérez Rodríguez, de Sada, e Alejandro Lema Trillo, de Vimianzo. Os dous permaneceron anos agochados, o primeiro na súa propia casa e o segundo na da súa irmá en Baio (Zas), agardando por unha certa seguridade para retornar a unha vida o máis normal posible.

Para outros fuxidos e agochados as cousas non acabaron tan ben, como a xa relatada historia de Ánxel Casal, que foi descuberto na casa dun parente en Arzúa; Alejandro Porto Leis, alcalde de Serantes, detido e logo paseado nos arredores da praia de Valdoviño; Manuel Brión Suárez, de Boiro, que apareceu morto en Santa María de Castro, ou Manuel Alborés Gándara, concelleiro en Vimianzo, que foi detido en setembro de 1936 e trasladado á cadea en Santiago, de onde sería sacado para ser paseado en Arzúa.

Tamén foron capturados, aínda que non executados, Antonio Lago Outeiral, de Boiro, que estivo tres anos fuxido e sería condenado en 1939 a cadea perpetua; José Benito Segade Torrado, tamén de Boiro, que estivo preso en Santiago despois de ser capturado; José Saavedra Sardinás, de Cabanas, ao que colleron en 1939 e foi sentenciado a 6 anos de prisión; ou os cedeirenses Antonio Pérez Muíño e Andrés Arribí Carneiro, que estiveron no monte entre 1936 e 1941.

O exilio como vía de escape

A medio camiño entre o epígrafe anterior e o que arrinca con estas liñas estarían aqueles que fuxiron mais non quedaron na terra. Xa que logo, falamos de exiliados tamén nestes casos? Complicado dar resposta a esta cuestión, sobre todo cando na meirande parte dos casos de concelleiros ou alcaldes protagonistas de fugas por mar, pérdeselle a pista nunha “declaración en rebeldía” no correspondente consello de guerra. E é que, desde un primeiro momento, as fugas se suceden nos portos, xa non só da provincia,

senón do conxunto da Galicia. Tendencia esta que se manterá, con forza, ate o inverno do ano 37, no que a caída da fronte Norte en mans dos sublevados complica, xa non só os pasos ao bando republicano senón tamén as fuxidas por mar. Porén, a importancia do seu número e o éxito de moitas delas fálanos da existencia de redes, nomeadamente na Coruña e Vigo (mais se cadra tamén noutras vilas), organizadas sobre a base dos sindicatos mariñeiros, vencellados na súa maioría á CNT.

Foi este o caso de barcos como o *Bou Ramón* que, en xullo do 39, fuxiu do porto de Ares con arredor dunha trintena de homes procedentes de Ferrol e a súa contorna (Ares, Mugardos e Narón) entre os que se atopaban membros das corporacións republicanas como José Sequeiro Ares, Basilio Pérez Mayobre e Benito Feijóo Seguí (concelleiros e alcalde de Ares durante a Fronte Popular, respectivamente), Domingo Serantes Sequeiro (concelleiro de Serantes nas primeiras corporacións) ou o xa comentado Antonio Santamaría (alcalde socialista de Ferrol de febreiro a xullo do 36). Despois de pasaren un tempo agochados, conseguiron interceptar o barco grazas á colaboración dun dos seus tripulantes, secuestrándoo cando saía faenar do porto de Ares. De aí, rumbo a Francia, non sen poucas penurias, como por exemplo o esgotamento do carbón que lles levou a queimar parte da cuberta nun intento desesperado de que non pararan as máquinas.

Non sería este o único intento de fuga. Xa ao pouco do golpe de xullo do 36, arribara a Leixoes (Portugal) a lancha *San José nº 2* procedente do Barbanza. Nela tentaron pasar á zona republicana arredor de 20 homes da zona. Ademais do alcalde da Pobra do Caramiñal, Antonio Pérez Gómez, ían tamén a bordo o concelleiro Antonio Lago Outeiral e o tenente alcalde de Boiro, José Martínez Virel, entre outros dos que se podería salientar ao deputado Elpidio Villaverde⁸⁸. Tamén da Pobra do Caramiñal fuxiu a traíñeira *Nueva Marujita*, na que chegou a Casabranca o concelleiro Manuel Ouviaña Fernández, condenado a cadea perpetua en 1939 por adhesión á rebelión.

Máis ao norte, partiron o *San Adrián*, de Malpica, co alcalde José Sande Lois entre os 26 tripulantes; ou o *Golondrina*, que en agosto de 1937 abandona o porto de Miño rumbo a Francia co concelleiro Abelardo López Varela. Ía tamén Ricardo Pérez, alcalde no 36 e fundador da UGT de Miño aló polo 1931. Militante de Izquierda Republicana antes que do PSOE, tentou varias operacións de resistencia que fracasaron, e finalmente en Miño impuxéronse os sublevados. En principio non houbo represalias contra o antigo alcalde, que seguiu vivindo na casa coa súa muller, Francisca, despois de pasar algún tempo en Sada. Porén, xa en 1937 recibiu un aviso dun xefe de Falange, que fora compañeiro seu no equipo de fútbol: “Esta noche no durmáis en casa, van a dar el paseo a

varias personas entre las que estáis Paca y tú”. Dende ese día non volveron á casa e comezaron a planificar a fuxida da *Golondrina*. Eran, en total, once persoas nunha embarcación de 7 metros, e todos os víveres cos que contaban eran un bolo de pan, dous queixos, doce ovos cocidos, unhas pastillas de chocolate e dezaseis litros de auga. A travesía foi moi complicada pola escaseza de combustible e estivo a piques de rematar mal, pero finalmente o 7 de agosto chegaban ao porto francés de Marennes. Dende aí, o matrimonio entrou na España republicana por Cataluña, pero rematarían por volver cruzar a fronteira francesa en 1939 ante a inminente vitoria sublevada. Francisca estaba embarazada, pero foron separados ao ser enviado Ricardo ao campo de concentración de Béziers. Alí seguía, traballando como auxiliar médico, cando en xuño de 1939 recibiu un telegrama da súa muller: “Parto feliz. Hermosa nina (sic). Abrazos. Paca”. Despois de pasar por outro campo de concentración, o de Bram, Ricardo conseguiu por fin reunirse coa súa muller e a súa filla, que xa tiña nove meses, preto de Toulouse, para pouco despois comezar unha nova vida en América (República Dominicana e Panamá), un bo epílogo para unha historia triste e dura de final afortunado.

Outra historia de exilios que comezaron no mar témola entre Muros e Noia. Nesta última localidade, tras unha semana de resistencia, as autoridades viron que a situación se facía insostible, e que xa case non quedaba refuxio en Galicia perante o golpe de Estado. Así, cando se recibe unha chamada do alcalde de Muros, que ofrece víveres en forma de pescada, porque acaban de atracar os bous Santa Rosa e Santa Eulalia, a resposta de José Pedreira Bures, primeiro tenente de alcalde de Noia, é contundente: “— *Non nos interesa o peixe*, pero os bous si, non os deixes partir de ningún modo”. Xa se planeaba a posibilidade de fuxir, pero non se contaba máis que cun pequeno remolcador, polo que a reacción foi inmediata. E a opción verase moi clara despois de que un hidroavión bombardee Noia e se reciban novas de que dende Santiago se avanza cara a ría. Así, Severino Iglesias Siso, alcalde de Noia, encabezarará unha expedición de trinta e sete persoas, na que tamén ía o concelleiro Miguel Vázquez Valiño. O 26 de xullo saen de porto, e despois dunha perigosa travesía, na que estiveron a piques de ser interceptados, conseguiron chegar a Portugalete. Así informaba o xornal *El Pueblo Vasco* da súa chegada:

A primera hora se supo que en el puerto había anclado un vaporcito procedente de las costas gallegas, en el que llegaba un grupo de gallegos que se habían fugado de aquellas tierras.

La embarcación de referencia pertenece al pueblecito de pescadores de Noya (Coruña) el cual días pasados fue amenazado con un bombardeo desde la base naval de Marín (Pontevedra).


Ante este peligro, un grupo de pescadores se hizo a la mar para pasar a uno de los puertos del litoral del gobierno de Vizcaya. Y ayer han entrado en el puerto de Bilbao en donde fueron recibidos por los carabineros, que los trasladaron seguidamente al Gobierno Civil, donde fueron atendidos convenientemente⁶⁹.

As traxectorias do alcalde e o concelleiro noíeses son un bo reflexo de vidas no exilio. Severino Iglesias dende Barcelona e Vázquez Valiño dende Asturias, primeiro, e tamén dende Barcelona, despois, axudaron na organización da Agrupación Confederal Galaica e outros órganos vencellados a Galicia. Pero iso foi mentres durou a guerra, porque pouco antes de que rematara os dous tiveron que optar pola fuxida a Francia. Vázquez Valiño non tivo moita sorte e rematou no campo de concentración de Bram, onde chegou a haber ata 17.000 refuxiados españois, pero puido saír precisamente coa axuda de Severino Iglesias, que formaba parte en París do Servizo de Evacuación de Refuxiados Españois (SERE), e despois de ser liberado estivo uns anos na resistencia antifranquista en Francia. Logo, Severino exiliárase na Arxentina mentres que o seu compañeiro o fixo a Brasil e Uruguai. Galicia, España republicana, Francia e América foi unha secuencia repetida demasiadas veces neses anos, unha ruta gradual ditada por un contexto bélico cambiante. E é que o exilio foi unha das saídas que a represión deixou, xa non só para os directamente implicados, senón para as súas familias ou achegados.

Se ben non foi homoxéneo nin en tempos, destinos, vías de saída, etc.; se ben é practicamente imposible pormenorizar cada un dos exilios dos membros das corporacións municipais republicanas porque cada caso segue os seus camiños, ás veces condicionados por elementos do azar... si que se poden observar elementos coincidentes.

No tocante aos lugares de destino, pódense establecer dúas grandes categorías, cada unha coas súas particularidades e que, *grosso modo*, serían Francia e América Latina.

No caso do país galo, cómpre debullar un pouco a información polo miúdo. En primeiro lugar, polo seu propio devir histórico, pois axiña vai quedar ocupado polas forzas nazis no contexto da II Guerra Mundial. Así, téñense novas de que cando menos 6 membros das corporacións municipais estiveron presos en distintos campos (non só franceses). É o caso de Eladio Freire García, primeiro tenente de alcalde de Culleredo en 1936 que, en agosto de 1939 estaba internado en Argelès sur Mer; ou Antonio Sánchez Beiras, concelleiro de Mesía en 1935 que, logo de participar na Guerra Civil como membro do Batallón de Milicias Populares Galegas, acabou refuxiado en Barcarès; ou Martín Ferreiro Álvarez, quen foi rexedor na Coruña en 1931, concelleiro en 1932 e sexto tenente de alcalde en 1936, quen, logo de ser trasladado a Mauthausen, faleceu no comando Gusen; ou Ramiro Suárez Moreno, alcalde da Laracha en todas as corporacións republicanas.




Tarxeta de visita do Alcalde da Laracha Ramiro Suárez;
Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, 6-2771.

Máis aló dos campos de concentración e dos refuxiados, Francia foi o lugar no que se exiliaron varios concelleiros. Quizais un dos casos máis salientables foi o de Santiago Casares Quiroga, protagonista do republicanismo coruñés e galego, membro elixido da primeira corporación republicana da cidade herculina e ministro de varias carteiras nos diversos gobernos republicanos, do que el mesmo chegaría a presidente. Sería, precisamente, no país galo onde morrería en 1950.

Mais Francia foi, tamén, punto de partida para exilios máis afastados. De feito, aproximadamente un terzo dos membros das corporacións municipais que remataron exiliados en América Latina, chegaron vía Francia. Este foi, por exemplo, o percorrido de Miguel Vázquez Valiño, concelleiro e segundo síndico en 1936 en Noia, que remata en Montevideo logo de pasar por Francia e Brasil.

Países de destino do exilio



América era un destino moi favorable porque xa había unha longa tradición de emigración, comunidades asentadas e redes microsociais que facían que fose unha escolla

obvia. Alí remataron algo máis da metade dos que optaron por marchar: 21 dos 37 exiliados. Dentro do continente americano, dous países salientan por riba do resto, xa que máis da metade escolleron Arxentina ou México como lugar no que tentar comezar unha nova vida, seguidos polo Uruguai. Outros, máis minoritarios, foron Panamá, Venezuela, Chile, Estados Unidos ou a República Dominicana.

Unha das historias máis complexas en relación, xa non só ao exilio, senón á traxectoria vital truncada como consecuencia da sublevación militar de xullo, foi a vivida por Alfredo Somoza Gutiérrez (A Coruña, 1892- Montevideo, 1952). Curmán de Castelao, a súa carreira cultural e política desenvolveuse en moi distintos niveis e países, xa que o seu exilio non logrou frear os seus esforzos. Masón, foi membro da loxa *Suevia nº 4* onde o feito de que usara o alcume “Pondal” xa daba idea das súas preocupacións pola lingua, elemento este recorrente ó longo da súa vida: fundador das Irmandades da Fala, defensor do Estatuto de Autonomía e creador, xunto con Castelao da audición radiofónica “Sempre en Galiza”, emisión máis antiga en lingua galega.

O seu percorrido político comezou moi cedo na Coruña, onde seu pai xa fundara o Casino Republicano, berce do republicanismo coruñés. Foi precisamente na cidade herculina onde ocuparía diversos cargos na corporación municipal e na Deputación: primeiro presidente do ente provincial coa chegada da II República, rexedor en 1931, e concelleiro en 1932 e 1936. De feito, en 1934 viuse suspendido no seu cargo, como tantos outros, por causa dos sucesos revolucionarios de Asturias, en outubro de 1934. En 1936, foi deputado polas listas de Izquierda Republicana na Fronte Popular. Nese mesmo ano, o golpe de Estado faralle padecer mil e unha peripecias para ser quen de salvar a vida, entre outras cousas pola súa activa participación na defensa do Goberno Civil. Xulgado en Ferrol por traizón en relación coa fuxida do *Conchita*, pasará 11 anos agochado en diversos puntos da súa Coruña natal ata que en 1947 logra fuxir a Brest e de alí a París, onde se entrevistará con antigos compañeiros como Alvarar Diéguez. Grazas á axuda de Castelao, conseguirá establecerse en Montevideo, dende onde formará parte do Consello de Galiza. Será precisamente na capital uruguia onde faleza, vítima dun ataque ao corazón, no Sanatorio da Casa de Galicia en 1952, prematuramente envellecido polos anos de agocho e exilio. Non foi esta a única peripecia vital digna dun filme, xa que as complicacións para chegar ó lugar de destino foron unha constante. Lembremos que máis aló dunha España en guerra, primeiro, e co franquismo, despois, o contexto da xeografía veciña non era máis alentador: o Portugal de Salazar e a II Guerra Mundial non facilitaban as cousas. Aínda así, a proximidade converteu cruzar a raia nunha opción a ter en conta de cara ás fuxidas.

Foi precisamente por Portugal por onde saíron varios dos nosos protagonistas. Alí pasaron, por exemplo, Mariano Otero Castelao, síndico en 1936 en Rianxo, ou Antonio Pérez Gómez, concelleiro dos primeiros anos da República e alcalde no 36.

O primeiro deles, curmán de Castelao (ígal que Antonio Somoza) e próximo ao Partido Comunista, loitou activamente contra o fascismo, polo que foi detido en Vigo, cidade na que rexentaba unha xastrería, xunto con Pepe Velo. Ámbolos dous estarán presos na Coruña, de onde fuxirán para pasar un ano agochados en Celanova antes de pasar a Portugal e, de alí, a Venezuela.

O segundo foi concelleiro nas primeiras corporacións republicanas e alcalde socialista no 36 na Pobra do Caramiñal. De alí, saíra con outros veciños de Boiro e Vilagarcía cara Portugal, concretamente, cara Leixões, onde rematarían sendo apresados e trasladados a unha sorte de campo de concentración en Cascais de Caxía. Despois de saír dende Lisboa cara Burdeos, conseguiu volver a España para formar parte en Madrid do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Coa fin da guerra, volverá dar cos seus ósos nun campo de concentración, esta vez en Francia, en Bracarès, para rematar a súa vida en México.

A maior parte dos membros das corporacións municipais exiliados eran alcaldes en 1936: José Rodríguez Vázquez (Teo), Joaquín Cousillas Collazo (Ponteceso), Antonio Pérez Gómez (Pobra do Caramiñal), Severino Iglesias Siso e Germán Vidal Barreiro⁹⁰ (Noia), Ricardo Pérez Medín (Miño), Antonio Santamaría López (Ferrol), Arturo Vila Moure (Coristanco), José M^a Louzán Martínez (Culleredo) e o xa citado Ramiro Suárez Moreno (Laracha). Algo máis dun terzo foran concelleiros nas distintas corporacións: Manuel Maza Cardama e Sebastián González García (Compostela), Antonio Sánchez Beiras e Antonio Mosquera González (Mesía), Casimiro Suárez Álvarez e Pedro Villacampa Méndez (Sada), Manuel Díaz Lobelos (Fisterra), Tomás Serantes Liz (Ferrol), Santiago Casares Quiroga e Alfredo Somoza Gutiérrez (A Coruña), e Avelino Rosende Rosende (Teo). Os restantes foran Síndicos ou Tenentes de Alcalde en diferentes datas. Estes datos inciden na idea de que a represión sobre as corporacións municipais afectou especialmente a aquelas persoas máis salientadas ou que ocupaban cargos relevantes e de maior visibilidade durante a etapa da Fronte Popular. Isto está relacionado co propio decorrer do golpe: Galicia non era, segundo o punto de vista dos sublevados, territorio amigo.

Se botamos a vista atrás, as esquerdas da Fronte Popular resultaran vencedoras en tres das catro provincias e o movemento sindical, nas súas diferentes vertentes, tiña un enorme peso en xeral e en zonas costeiras como A Coruña, en particular. Ademais,

no conxunto do territorio galego, e especialmente na provincia da Coruña, non se deron mobilizacións iniciais de apoio masivo ao novo réxime, como si ocorreu noutras áreas do territorio español (Navarra, por exemplo), máis ao contrario: as resistencias iniciais, con peor que mellor fortuna, espalláronse nutríndose das redes, sociabilidades e organizacións sindicais e políticas favorables á República. Xa que logo, a represión sobre estes elementos xustifícase, entre outras cousas, como supervivencia e seguranza dun réxime que nacía e que, naquel momento, non sabía aínda que había ser do seu porvir.

Outros tipos de represión

A represión económica, multas e sancións

Como estamos vendo, a represión sobre os considerados inimigos do novo Estado coñeceu diversos obxectivos, maneiras e finalidades, pero en xeral pivotaba arredor de poñer fin a todo o que tivera que ver co proxecto republicano, e mesmo castigar especialmente a aquelas figuras cunha participación salientable en momentos como a Revolución de Outubro de 1934. Aínda máis, tamén se conseguía poñer como exemplo do que ocorrería a quen se apartara do recto camiño decidido polo novo réxime. Porén, non só existiron estas motivacións, senón que, nun contexto no que o nacente Estado necesitaba de recursos podíase utilizar a represión para obtelos: unha guerra é cara. Así, as multas e sancións económicas foron un factor importante (que non o único) na achega de diñeiro co que sufragar a guerra, primeiro, e para tentar paliar o afundimento económico da inmediata posguerra, despois.

As multas ou sancións de tipo económico individual non foron unha creación do Estado parido polos golpistas senón que gozaban dunha longa tradición legal. Por exemplo, a Lei de Orde Pública promulgada polo goberno republicano en 1933, que tanta controversia xerou no seu momento, recollía este tipo de sancións, tipificando casos e cantidades que irían entre as cinco e as dez mil pesetas en situacións normais, se ben estas cantidades podían verse notablemente incrementadas baixo situacións de excepcionalidade. É dicir, inicialmente poderíase pensar nunha multa como unha sanción esperable, dalgún xeito, perante unha falta ou delito leve. Porén, a situación na que se queda logo do golpe de Estado de xullo, complica a análise engadindo diversas vertentes a ter en conta. Agora vaise máis aló xa que cómpre non deixar de lado a compoñente simbólica do asunto.

Unha vez finalizada a contenda a preocupación por dotarse de lexitimidade non desce. Así, á farsa posta en práctica cos xuízos e consellos de guerra, engadíranse as sancións, encamiñadas tamén a sinalar, máis se colle, aos perdedores, aos vencidos na

nova sociedade nacente. Con isto a represión económica pasa a ser un alicerce esencial da maquinaria represiva coa que arranca o franquismo dende o primeiro momento. E, igual que vimos de comentar con outros tipos represivos, coñeceu diversas formas: extorsións, achegas “voluntarias”, chantaxes, multas...

A este respecto, máis ou menos ben coñecidas son as subscricións populares como o *Prato Único* que, segundo recentes investigacións de Julio Prada, só na Coruña se acercaba aos dous millóns de pesetas a finais do 37; as colleitas de víveres; ou o *Aguinaldo para o Combatente*. Todo este esforzo a nivel organizativo, propagandístico e de recursos (lembramos o contexto bélico) vai orientado, coma decote, en varias direccións. Por unha banda, a xa mencionada necesidade do Estado por conseguir recursos económicos; pola outra, a necesidade de poñer fin ás xa fondamente tecidas redes de sociabilidade republicana: precísase homoxeneizar á nova sociedade, que ha ser favorable ás ideas do Estado nacente e que así o deberá demostrar. En poucas palabras, os obxectivos da represión económica poderíanse resumir en exemplificar, controlar e recadar.

Recadar. Se o control era esencial, non menos o foi este punto. Atendendo ás cifras achegadas por Julio Prada⁹¹, as achegas en metálico (en diñeiro e ouro) ata mediados de abril de 1937, só na provincia da Coruña e sen ter en conta outros elementos como o tan pouco popular *Prato Único* ou o ouro, constituirían un importe de 3.836.254,33 pesetas. Son cifras publicadas, mais o contexto de impunidade na actuación dos novos dirixentes fainos sospeitar que as cantidades acadadas realmente foron moito maiores.

Non resulta doado analizar ao detalle ás sancións económicas pola problemática das propias fontes. É certo que moitos dos consellos de guerra, na propia sentenza ou noutro tipo de conclusións finais, sinalan unha sanción, unha multa a pagar polo condenado, con independencia de que este sufra outro tipo de condena. Así, aparecen casos nos que os procesados son condenados a prisión e ao pago dunha multa da cantidade correspondente; algúns aos que poden multar en máis dunha ocasión con poucos meses de diferenza, como lle ocorreu, por exemplo, a Juan Villa Anca, concelleiro de Fene; ou outros nos que se indica que se abrirá proceso de Responsabilidades Cívicas e Políticas. Porén, o fragmentado desta fonte, localizada hai relativamente pouco tempo, non permite aproximar o microscopio ata o grado que nos gustaría. Ademais, tampouco se teñen localizado rexistros pormenorizados (como si se coñecen para épocas posteriores) nos que se recollan os datos do sancionado, a data e motivo da sanción ou o a xustificación legal na que se ampara a mesma. Así, a principal fonte coa que se traballou este aspecto foron os libros de rexistros de multas depositados no Arquivo do

Reino de Galicia e que recollen as sancións gobernativas. Estas son impostas por unha canle diferente á dos Consellos de Guerra, porén, poden ser acumulables.

Estes constitúen un listado no que se recolle o nome, apelidos e domicilio do multado (sexa unha persoa, sexa unha empresa), cantidade e data da sanción, e quen lle comunica ao sancionado e a data na que se dá cumprimento á multa. Un dos elementos que máis nos interesa, a falta ou delito da que se acusa á persoa, non semella preocupar ás autoridades, polo que non se recolle esta información. Xa que logo, o máis fondo ao que puidemos chegar foi a cotexar os concelleiros e alcaldes da provincia cos nomes que nos libros de multas figuran: sabemos cales deles foron sancionados e con que cantidade, mais non se tal castigo estivo directamente vencellado coa súa traxectoria política, se ben todo semella apuntar a iso.


Esto leva a pensar nunha metodoloxía centrada na recadación, non na xustificación ou argumentación legal. A lexitimidade xa se lograra pola forza. Ademais, no caso galego, hai que lembrar que, pese á enorme trama de legalidade da que o Franquismo quere revestirse dende un primeiro momento, as primeiras multas, incautacións e sancións leváronse a cabo sen amparo ou xustificación legal máis aló da republicana existente previamente. O que urxe é o económico, non a norma.

A pesar das dificultades para chegar a cuantificar cantidades precisas, si que podemos establecer algunhas cifras, polo menos no que ao noso obxecto de estudo se refire. Así, do total de concelleiros e alcaldes da II República represaliados, algo máis dun 23% sufriron algún tipo de represión económica. Que case unha cuarta parte dos mesmos foran sancionados con algunha clase de multa, incide no xa comentado da necesidade de conseguir recursos económicos como paso seguinte á eliminación, literal ou figurada, do inimigo.

Centrándonos nunha análise das cantidades, estamos falando dun total que se achega as 87.500 pesetas. Para chegar a esta suma impuxéronse multas de moi diversas cantidades que foron dende as 15 pesetas das máis baixas ata as 15.000 da máis elevada. Atendendo a isto, o primeiro que se viría á cabeza sería unha proporcionalidade atendendo á gravidade da suposta falta, se ben ao non constar esta non podemos tirar conclusións definitivas. Porén, a literatura a propósito do tema coincide na presenza dun amplo grado de arbitrariedade á hora de fixar a cantidade das sancións. Mais cómpre ter coidado, porque o mais ou menos aleatorio das cifras ou a falta de detalle nos rexistros non quere dicir que non existira unha metodoloxía, unhas ordes que cumprir ou un estrito control sobre a poboación, como de feito había. Dende o Goberno Civil na capital de provincia, informábase ás autoridades competentes a nivel municipal,

tanto políticas como militares (Garda Civil, nomeadamente) encargadas de informar da sanción así como de recibir o pago da mesma, que se adoitaba efectuar en metálico ou en papel de pagos ao Estado.

Falando das cantidades e, tal e como amosa a seguinte gráfica, as máis habituais eran as que oscilaban entre as 100 e as 500 pesetas, seguidas en número das que supoñen entre 15 e 100 pesetas.



Isto ten que ver coas medidas tomadas a partir de febreiro do 37 segundo as cales se buscaba unificar criterios á hora das sancións, establecendo marxes en función de quen impuxera a multa así como incidindo na idea de que esta fora proporcional á capacidade de facer fronte a ela do sancionado. É de supoñer que con estas medidas o nacente Estado perseguira varias cousas. En primeiro lugar, intentar desfacerse desa idea de arbitrariedade que comentamos unhas liñas máis enriba, en busca de lexitimidade e de transmitir a idea de que a retagarda quedaba baixo control dun Estado novo quen de artellarse e funcionar pese a situación de guerra que se vivía. Por outra banda, impoñer unha multa moi elevada resultaría totalmente contraproducente nun contexto de empobrecemento xeneralizado: non é só que non se dea satisfacción ás necesarias colectas das autoridades senón que se malgastaban tempo e recursos en impoñer unha sanción (transmitir a información do multado, cantidade a satisfacer, localización do mesmo, comunicación...) que dificilmente se ía cobrar.

Estudos como o de Julio Prada anteriormente citado, para un contexto máis global que atende ao conxunto de Galicia, corroboran esta idea ao salientar que os principais sancionados pertencían a contornas económicas dentro ou próximas á burguesía (comerciantes, profesións liberais, etc.) e políticas afíns ao republicanismo (Izquierda

Republicana, ORGA...). Pese ás dificultades deste proxecto para chegar á filiación política de moitos dos membros das corporacións municipais republicanas na provincia da Coruña, esta tendencia parece confirmarse. Mais, o que si semella claro é a especial virulencia contra os concelleiros e alcaldes que o eran no 36, algo que, por outra banda, xa se ten comprobado para outros tipos de represión páxinas atrás: por que había de ser diferente no económico?

Non foi a sanción económica directa a única vía utilizada. Outras posibles foron o des-terro, a suspensión de emprego e soldo, a separación do servizo ou o embargo. É dicir, ademais das condenas e sancións xa comentadas, moitos dos xulgados sufriron a apertura de expedientes de responsabilidades civís e políticas, polos que se sentaban as bases legais para a separación do servizo de funcionarios. Se poñía fin ás organizacións políticas, culturais, sociais, etc., que tanta vida tiveran na etapa previa (que en non poucas ocasións axiña deran mostras de ser contrarias ao réxime que nacía, ben mediante a defensa da República, ben mediante a oposición aos sublevados) e cuxas incautacións servían de garantía ou aval perante un eventual castigo posterior.

Co embargo, por exemplo, tivo que ver o caso de Federico Nogueira Pimentel, concelleiro en todas as corporacións republicanas en Arzúa e primeiro tenente de alcalde no 36. Federico tiña un comercio de tecidos e foi xulgado na praza de Santiago de Compostela acusado de rebelión. Finalmente, o consello de guerra ditou sentenza: absolución. Porén, pouco duraría a boa nova, xa que a sanción imposta foi o embargo do seu comercio. Non sería o único membro da corporación sancionado. Outros dous concelleiros, Rogelio Rama Muíño e José James Montes, foron sancionados coa suspensión de emprego e soldo.

Embargo padeceu, tamén, Brígida Muñiz, única concelleira na provincia. A partir da Fronte Popular, entrara a formar parte da corporación municipal de Boiro como concelleira do Partido Socialista. Socialista, muller, concelleira... eran motivos máis que abondo para que as autoridades a castigaran. Así, embargáronlle as vacas, co que padeceu unha represión económica; detivérona no concello durante aproximadamente un mes, co que sufriu represión física; foi rapada e paseada polas rúas da súa vila coas iniciais "UHP" (*Uníos Hermanos Proletarios*), co que sufriu tamén humillación pública. Tres vertentes dun mesmo elemento, a represión, coa que se pretendía castigar a transgresión que, segundo a súa óptica, supoñía Brígida: unha muller concelleira, é dicir, participante da vida pública e oficial ao mesmo nivel que os homes, non encaixaba nos roles de xénero que as autoridades sublevadas e os ideólogos do franquismo tiñan para a súa Nova España.

E é que durante o período republicano, as mulleres conseguiran importantes avances no eido da conquista de espazos públicos, tradicionalmente reservados aos homes. Este fora un camiño longo que, paseniñamente, se viñera andando ao longo do primeiro terzo do século e que se viu acelerado polas posibilidades ofrecidas ao abeiro da lexislación republicana. Porén, as mulleres cun cargo ou unha participación sinalada en organizacións políticas, sindicais, etc. seguiron sendo moi minoritarias. Así, o caso de Brígida Muñiz é unha sorte de illa feminina no medio dun mar de concelleiros.

Esta obsesión das novas autoridades por apartar da vida pública aos que consideraban elementos desafectos manifestouse dende moi cedo. Así, xa a comezos de agosto, o día 6, recibíuse nos concellos un telegrama do Comandante Militar da 8ª División, no que se sinalaba a necesidade de desarmar aos elementos non afectos e de separar de concellos, telégrafos, teléfonos ou correos ao persoal oposto ao “movimiento”. Isto levou a unha depuración masiva de funcionarios acusados de “Propagador de ideas marxistas”, “socialista extremista”, “extremista sindicalista”... A este respecto, o ámbito da educación foi un dos que máis padeceron esta terrible lacra.

A II República fixera un enorme esforzo pola extensión da educación en busca da redución das altas taxas de analfabetismo, que na España das primeiras décadas do século eran alarmantes. Así, medraron aqueles xermolos que comezaran nos anos previos grazas a *krausistas* e organismos como a Institución Libre de Enseñanza. Porén, a idea non se limitaba á creación de escolas senón que se pretendía con estas estender un ensino avanzado para o momento, que afondara na cultura e se afastara do dogmatismo amparado na idea do progreso e a liberdade de cátedra. Non é difícil concluír, xa que logo, que tal proxecto de renovación non era do agrado do novo réxime que, como ben é sabido, tivo especial empeño en dar para atrás a todo o proxecto educativo republicano para substituílo polo seu propio, ben afastado do primeiro, e que lle permitiu adaptar as consciencias ós seus principios e ideais dende a infancia.

Por outra banda, e sobre todo en contornas rurais, decote o mestre participaba da vida política local, ben pola súa militancia nalgún partido político ou organización sindical, ben de xeito directo a través das institucións. Así, atopamos varios casos entre os membros das corporacións municipais que sufriron sancións por este motivo. É o caso do mestre de Caldebarcos, pequeno lugar do concello de Carnota, Antonio Formoso Piñeiro. Ademais de mestre era, á altura de 1936, segundo tenente de alcalde neste concello. Despois do golpe de Estado, sería depurado da escola do lugar.

Non só os membros do ensino primario sufriron este tipo de sancións: o universitario foi foco tamén de depuracións e separacións de servizo. Para o caso que nos ocupa,

temos varios exemplos na Universidade de Santiago de Compostela. Dela serían apartados un mínimo de 44 profesores (dos que varios ocupaban tamén cargos no concello compostelán) e 5 traballadores administrativos e de servizo.

Un dos dos profesores foi Enrique Rajoy Leloup. Avogado, Decano do Colexio de Avogados santiagués e profesor Dereito Civil na facultade de Dereito, na que chegou a ser Catedrático, foi membro das primeiras corporacións municipais republicanas, onde comezou na Coalición Monárquica para acabar no republicanismo independente. Nelas, ocupou os cargos de quinto tenente de alcalde e concelleiro ao longo dos anos. Ademais, tamén foi un dos impulsores do Estatuto de Autonomía a partir do ano 32. Todo isto, baixo a óptica represora do novo Estado, foi motivo máis que abondo para sancionalo coa separación definitiva do servizo. A partir de entón, dedicouse á avogacía no seu despacho da praza do Toural. Xa na década dos cincuenta, permitiríasele retornar ao decanato do Colexio de Avogados.

Tamén vería truncada a súa carreira como profesor da Universidade de Santiago de Compostela Arturo Cervigón Díaz. Nacera en América, en Bos Aires, e pertencía a unha familia de comerciais e industriais da madeira que afundía as súas raíces no século XIX. Estudou Medicina e doutorouse a finais da década dos 20 coa tese *La co-lesterina en la diabetes y las aguas de Mondariz*. Isto dá idea da súa proximidade ao mundo dos balnearios. De feito, cando se produciu o golpe de Estado, era o director do de Villar del Pozo, en Cidade Real. Porén, non remata aquí o seu currículo, xa que, ademais de “hermano limosnero en la Logia masónica Libredón nº 6, establecida en la calle del Hórreo”⁹², militou en diferentes partidos, desde que comezara a súa andaina política no Partido Radical Socialista de onde pasaría ao Partido Radical, formación pola que sería elixido concelleiro en Compostela, chegando a ser o cuarto tenente de alcalde en Raxoi. Todo isto foi motivo abondo para que os sublevados o consideraran digno de sanción. Así, foi apartado definitivamente do servizo que prestaba como profesor axudante nas clases prácticas da facultade de Medicina compostelá ademais de ser inhabilitado polo Tribunal de Responsabilidades Políticas, tal e como recolle o Boletín Oficial do Estado do 26 de xaneiro de 1937. A partir de entón, a súa vida volverá ás augas xa que se dedicaría a exercer como médico en distintos balnearios. Tamén volvería a escribir sobre esta temática publicando algúns artigos en *Galicia Clínica*.

Aínda habería máis, xa que semellante sorte correrían Juan Brañas Cancelo e José Toba Fernández, concelleiros polo Partido Galeguista en Raxoi coa Fronte Popular e síndico e terceiro tenente de alcalde, respectivamente.

Juan Brañas pertencía, como o xa comentado Enrique Rajoy, á Facultade de Dereito e nela exercía como Profesor Auxiliar de Dereito Internacional dende que fora nomeado como tal en febreiro de 1936, para catro anos prorrogables por outros catro. Lamentablemente, non chegaría a cumprir nin o primeiro, posto que a partir de agosto do 36 sería suspendido de emprego e soldo sen especificar por canto tempo.

Pola súa banda, José Toba era o Director da Escola Anexa á Normal do Maxisterio. Antes fora mestre en diversas escolas, como por exemplo a de Chao do Castro (Ourense), Sillobre (A Coruña) ou Ozón (Muxía)⁹³. Alí xa intentara diversos proxectos de dinamización da vida económica e cultural da contorna. Estas ansias de mellora e cambio plasmaríanse na súa colaboración no boletín *Vanguardia Pedagógica*, na defensa da lingua no ensino, así como na política local de Compostela e na Escola normal. Porén, as súas carreiras docente e política axiña se verían truncadas ao ser apartado do servizo tras o expediente resolto o 13 de maio de 1937.

Que entre os casos comentados da universidade non haxa penas máis elevadas, como a de morte, dá mostra de que, a pesar do triunfo do golpe de Estado dende primeira hora en Galicia, a Universidade compostelá intentou, como puido, defender aos seus membros, procurando minimizar o máis posible os efectos da depuración posta en marcha polos sublevados. Ora ben, isto non quere dicir que non existise unha lóxica da represión, metódica e organizada, que se artella arredor de varios momentos esenciais:

A primeira vaga represiva, en agosto de 1936, recae sobre os profesores máis novos, os máis innovadores ou aqueles que teñen un compromiso político democrático tanxible. [...] Nunha segunda vaga represiva, dende novembro de 1936, van constituírse tribunais específicos para depurar ao profesorado. As sancións van recaer maioritariamente sobre os profesores anteriormente depostos ou apartados temporalmente da docencia. [...] Xa a terceira vaga represiva, unha vez derrotada a República en abril de 1939 e xa nos dous últimos meses do conflito bélico, vanse crear por lei varios tribunais represores novos co obxecto de continuar un labor depurador que en Santiago e en Galicia xa empezara case tres anos antes. Son [...] tribunais represivos que van actuar co obxecto de marcar e no seu caso liquidar civil ou fisicamente aos demócratas e aos perdedores en xeral, seguindo unha tarefa de limpeza e liquidación política e ideolóxica. Da separación de por vida do cargo á “*non suficiente adhesión*” que afasta aos depurados do calquera acceso aos centros do poder académico (cargos institucionais e de confianza).⁹⁴

Apartar. Afastar todo aquilo ou aquel que tivera que ver coa República, tanto física como metaforicamente, foi, como temos visto, un dos primeiros obxectivos dos sublevados.

Dentro disto habería varias vertentes: a punitiva polo papel durante o período previo e a preventiva, para evitar calquera rexurdir no novo Estado que estaban a construír. Así, ademais de apartar do servizo a mestres, profesores, funcionarios... tamén apartaban a persoas da súa contorna a través do desterro. Desterro sufriu, por exemplo, José Vieites Malvarez, primeiro tenente de alcalde de Noia no 36 que foi enviado a Ponferrada.

Esta modalidade, ademais de castigar dobremente ao suposto culpable (sempre segundo a óptica golpista) e á súa familia, supoñía un exemplo no lugar de saída e no de chegada, ademais de romper as redes tecidas de xeito tan mesto nas etapas anteriores, mesmo durante a ditadura de Primo. Esta non fora quen de poñer fin a sindicatos, organizacións políticas e culturais, etc. que, unha vez cae a ditadura e ao abeiro da nova lexislación e espírito republicano, máis permisiva e favorable a este respecto, rexorden con forza. Xa que logo, cumpría non volver cometer o mesmo erro: na nova España non collían.

Xulgados non condenados

Os sobresementos e as súas circunstancias

Dende o primeiro momento o novo réxime preocupouse por darse un verniz legal en busca de lexitimidade. Pese a que a xustiza do momento distaba bastante de merecer tal nome, este afán de finxir legalidade fixo que os procesos incoados foran tan numerosos que, como sinala Eliseo Fernández en *Anos de Odio. Golpe, represión e Guerra Civil na provincia da Coruña (1936-1939)*, nos meses posteriores ao golpe a xustiza militar entra en colapso: procesados, inculpadados, defensores de detidos que rematan sendo acusados, testemuñas, dilixencias, petición de informes...

Porén, o que estaba a ocorrer era o que Serrano Suñer cualificara como “xustiza ao revés”, unha auténtica aberración legal na que aqueles que permaneceran leais ó goberno lexitimamente saído das urnas eran xulgados en consellos de guerra sumarísimos que os acusaban de “rebelión”, “sedición” ou “auxilio á rebelión” por parte de aqueles que se rebelaban pola vía armada.

Estes xuízos, dos que se conservan centos en arquivos militares, nomeadamente o Arquivo Intermedio Militar Noroeste (Ferrol) para o caso que nos ocupa, eran case sempre colectivos, mesmo con ducias de acusados a un tempo. Neles interpretábase o papel de xuíces, defensores, etc., mais o único real desta obra teatral dramática eran a condenas ás que se sometía aos reos. Arbitrariedade, escasas (por non dicir nulas) garantías, informes negativos que adquirían valor de proba irrefutable e dilixencias que

se convertían en discursos a favor do réxime nacente máis que nun mecanismo esclarecedor ou probatorio dun delito, adornaban esta pantomima que, como único positivo deixa o voluminoso da documentación aproveitable para os historiadores.

Moito se ten falado nestas páxinas das condenas a morte, prisión, etc., dos consellos de guerra. Porén, houbo algúns, que viron finalizar este calvario cunha saída menos dramática: o sobresemento. Isto non debe levarnos a erro: polo camiño, mentres se agardaba pola sentenza, os procesados estaban, non poucas veces, encarcerados.

Sobreseser significa “suspender un proceso xudicial”, mentres que *absolver* quere dicir “declarar a un procesado inocente”. Xa que logo, non significan o mesmo. Cómpre, pois, non identificalos como sinónimos: hai un lixeiro matiz que, neste contexto, implica moitas cousas. Para comezar en cifras, xa que, daqueles procesados que non rematan con condena, 16 son sobresidos e 3 absoltos. Aínda así, é preciso salientar que as particularidades da xustiza imposta polo nacente réxime facían que, mesmo sendo absolto, é dicir, declarado inocente, se poidese ser sancionado. Un exemplo sería o caso xa comentado de Federico Nogueira, concelleiro de Arzúa xulgado acusado de rebelión, delito do que resultou ser absolto. Porén, sufriu como sanción o embargo do seu comercio. Se isto ocorría cos declarados inocentes, non pasaría cos sobresidos? Estes non eran considerados culpables, polo que non se lle impoñía pena, mais tampouco eran inocentes, co que non se absolvían. Simplemente, o proceso se suspendía; non en van moitos eran “sobresementos provisionais”, por exemplo, á agarda de máis probas ou declaracións acusatorias. Deste xeito, varios dos sobresidos foron sancionados, por exemplo economicamente. É o caso de Luis Villar Villar, concelleiro de Malpica, pola ORGA primeiro e por Izquierda Republicana despois, xulgado en Ferrol por rebelión militar. Finalmente, declarouse o “sobresemento provisorio”, pero impoñéndoselle unha multa de 500 pesetas. Outro exemplo é José Luis Figueiras Lago, membro da UGT e cuarto tenente de alcalde de Muros en 1936, quen sufriu un consello de guerra na praza de Compostela que, finalmente, sería sobresido; sobresemento que non lle evitaría a multa de 100 pesetas que lle foi imposta.

Ademais, o sobresemento non evitaba quedar sinalado. En contornas maioritariamente rurais ou de cidades pequenas e vilas, como o eran as da provincia da Coruña daquel momento, onde o habitual era coñecerse entre todos os veciños, non era de estrañar que a sombra da sospeita, o “algo faría”, pesara sobre os acusados e as súas familias. Xa que logo, a marxinação sería outro xeito de castigo. Ademais, isto non impedía sufrir outro tipo de sancións: multas, apertura de expediente de responsabilidades civís ou políticas, etc. Unha vez máis, a dupla vertente da represión franquista: castigar e servir

de exemplo. Ámbalas dúas encamiñadas a desartellar o proxecto previo e homoxeneizar a sociedade ata conseguila favorable á súa causa.

Ademais de quedar sinalado, non resulta disparatado pensar que se quedaba, dalgún xeito, en débeda. En débeda con aqueles conveciños que falaban a favor, en débeda con aquelas autoridades que decidían inclinar a balanza da sentenza cara un ou outro lado... Un destes casos ben podería ser o de Andrés Arnoso Calvo, industrial de 37 anos, alcalde do concello da Capela en 1936 e que foi xulgado en febreiro de 1938 en Ferrol co resultado de sobresemento. A partir de entón, pasou a colaborar co novo réxime. Xa que logo, de pouco lle valería que o seu caso fora sobresido, posto que en marzo de 1939 foi asasinado pola guerrilla antifranquista acusado de colaborar coas autoridades na represión.

Porén, aqueles que finalizan o seu periplo xudicial nun sobresemento, non deixan máis pista que seguir neste tipo de fontes, o que dificulta enormemente afondar nas vidas destas persoas que, no noso caso, non chegan a vinte, cativa cifra se temos en conta que o total dos que pasaron por un proceso xudicial foron arredor de 115.


A xeografía da represión

Aínda que toda a provincia da Coruña sufriu un alto nivel de represión, esta non foi homoxénea, senón que variou moito dunhas zonas a outras en función de diferentes factores, como a politización da sociedade, a forza do ultraconservadorismo, a proximidade das prazas militares e outros moitos. Así, namentres houbo áreas nas que as corporacións municipais non tiveron excesivos problemas, noutras a represión foi feroz. É o caso da comarcas adxacentes de Ferrol e Eume, onde se concentrou unha altísima proporción dos concelleiros asasinados, nada menos de 39 dos 88 de toda a provincia (44,3%). E se engadimos as de Coruña e Betanzos entre as catro alcanzan 56 dos 88, case dous terzos dos de toda a provincia. Estas cifras non poden ser casuais, e explícanse por aspectos como a forte presenza militar na zona, a intensa implantación dos partidos e sindicatos de esquerda, a mobilización que se produciu en 1934 a prol dos revolucionarios asturianos e, finalmente, a tenaz oposición ao golpe, que a pesar da importancia militar da sé do Departamento Marítimo do Cantábrico, conseguiu facer fronte a sublevación durante case unha semana. Ademais, das tres subdelegacións de orde pública (A Coruña, Santiago e Ferrol), na de Ferrol foise máis expeditivo e iso notouse nas cifras; e tampouco podemos olvidar que a comarca de Ferrol abrangía 12 municipios, polo que tamén había máis concelleiros que en calquera outra. En contraste co caso extremo da comarca de Ferrol, onde rexistramos 28 mortos, 11 encarcerados,


9 exiliados e 3 fuxidos; atopamos comarcas sen apenas represión que chegase a estes niveis, como Sar (2 mortos), Xallas (1 morto), Fisterra (2 mortos, 1 exiliado e 1 fuxido) ou os casos extremos de Muros, Barcala ou Terra de Melide, onde non rexistramos ningún concelleiro para estes niveis de represión. Isto non supón para nada a ausencia da mesma, pois ademais das sancións e os procesos xudiciais funcionaban outros mecanismos que fixeron a vida máis difícil para estas persoas que formaran parte do sistema republicano. Porén, as diferencias son máis que evidentes. Logo hai casos excepcionais como o da comarca de Arzúa, que aparece entre as que saíron peor paradas, pero iso respondeu case en exclusiva á xa narrada historia de Boimorto, concello do que eran 8 dos 9 concelleiros asasinados.

Por outra banda hai comarcas que apenas rexistraron mortos, pero suman moitos concelleiros represaliados noutras categorías. É o caso da de Ordes, onde non atopamos ningún concelleiro asasinado pero onde ata 16 pasaron pola cadea, cifra que supera mesmo ás da comarca de Ferrol. Neste caso, ademais, os datos están moi repartidos, con 6 concelleiros de Frades, 5 de Mesía, 4 de Ordes e 1 de Oroso, polo que se ve que foi unha actuación máis ampla, que probablemente viña das autoridades do partido xudicial, e que levou a moitos xuízos por rebelión na Coruña ou en Santiago. No caso dos fuxidos, o que máis chama a atención é a alta incidencia da zona de Barbanza e Noia, que concentrou a 13 dos 40 que contabilizamos, un terzo do total que probablemente teña que ver con que foi unha zona que tardou algúns días en ser ocupada polos sublevados, dando tempo aos que máis motivos tiñan para ter medo a agocharse, e tamén tempo para ter novas da violencia coa que se estaba actuando naqueles lugares onde triunfara o golpe. Finalmente, dos exiliados hai un predominio claro dos concellos da costa, con 27 dos 37 concelleiros, o 72,9%, o que se vencella doadamente ao feito de que a vía máis factible para escapar na provincia era a marítima.

Concelleiros asasinados




Concelleiros fuxidos




Concelleiros exiliados

1 2 3



Concelleiros encarcerados

1 2-3 4-5



Estes son os números do que foi a represión estudada e que completan esas historias que nos foron ensinando as caras visibles, os perfís humanos que se agochan detrás dos fríos números, porque a historia das traxedias nunca se pode limitar a unha mera estatística. Alén diso, cómpre remarcar que, como na maioría dos traballos sobre este tema, os números que podemos achegar son provisionais, derivados dunhas investigacións pormenorizadas, pero que non se poden considerar pechadas, pois a bo seguro existiu máis do que puidemos reunir. É probable que non respecto aos asasinados que é o máis doado de saber, pero si respecto a datos como os de encarcerados, fuxidos, sancionados... porque, como fomos explicando en cada categoría, moitas veces non deixaban rexistros ou resulta complicado delimitar se unha realidade determinada encaixa neles ou non.

O que está claro é que a suma de todos os datos reflectidos demostra que a represión exercida sobre as corporacións municipais republicanas foi moi intensa, aínda que non homoxénea, e mostra grandes diferenzas nos obxectivos (que foron dende os máis políticos e perfectamente definidos ata os máis persoais e realizados “en quente”), nas modalidades e tamén na xeografía. No plano temporal, concentrouse sobre todo durante os primeiros meses tras o golpe de Estado, aínda que as consecuencias duraron décadas, en moitos casos porque se seguía exercendo (longas penas de prisión, fuxidos que non se atrevían a aparecer, exiliados que nunca volveron) e por suposto, de forma indirecta, por todas as familias que perderon para sempre algún dos seus membros, e que nunca darían recuperado a normalidade. Os sancionados pagaron as súas multas, os exiliados volveron ou ficaron coa súa nova vida, os fuxidos regresaron á sociedade e os encarcerados recuperaron a liberdade. Vidas estragadas en moitos casos, pero que polo menos puideron tirar dun fío para a esperanza, pero para os asasinados non había volta atrás, e a chama daqueles 88 concelleiros aos que se lle negou o dereito á vida polas súas ideas nunca puido volver acenderse.

Un golpe como o do 36 se só atacara o nivel máis alto do poder, se só cambiara un réxime político por outro, non tería esnaquizado o resultado de anos de mobilización social e de avance das ideas democratizadoras. Foi o ataque do nivel máis local, o que estaba en contacto directo coa cidadanía, unha das circunstancias que permitiu á ditadura manterse sen grandes desafíos internos durante catro décadas. O obxectivo destas páxinas é que sirvan para coñecer, para lembrar, para non esquecer, como se procede á demolición dun sistema político democrático, que pretendeu transformar e modernizar a sociedade, pero que foi afogado tras maniatalo a unha pedra moi pesada: unha férrea e dura represión.

NOTAS

- 1 Archivo General de la Administración, Fondo Gobernación, PC, Mazo 177/1.
- 2 Do primeiro Alcalde republicano Angel Senra; Arquivo Municipal da Coruña, Borradores de Actas do Concello da Coruña, Caixa 676, sesión do 17 de abril de 1931.
- 3 Libro de Actas do Concello de Ferrol, e citado en GRANDÍO SEOANE, E. (1993) 'O Concello de Ferrol e a Segunda República (1931-1936): A imposibilidade da política como medio de relación social', no *Anuario Brigantino* 1993, Nº 16, Betanzos, pax. 157.
- 4 Archivo General de la Administración, Fondo Gobernación, PC, Mazo 177/1.
- 5 Id.
- 6 Id.
- 7 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Gobierno Civil, Correspondencia Gobierno Civil-Concellos, Mazo 2738.
- 8 Archivo General de la Administración, Fondo Gobernación, PC, Mazo 177/1.
- 9 Id.
- 10 Id.
- 11 Id.
- 12 Id.
- 13 GRANDÍO SEOANE, E.; (2001), 'O republicanismo coruñés na II República. Poder local e urnas', *El republicanismo coruñés en la historia*, Concello da Coruña, páx. 152.
- 14 Bando do Concello de Ortigueira do 15 de abril de 1931; Arquivo Municipal de Ortigueira, Bandos.
- 15 Archivo General de la Administración, Fondo Gobierno Civil, Provincia A Coruña, Mazo 149/14.
- 16 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Gobierno Civil, Correspondencia Gobierno Civil-Concellos, Mazo 2738.
- 17 ERIAS MARTINEZ, A.; (2001), *Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República. Proclamación, anticlericalismo e venganzas*, Briga Edicións, Betanzos, páx. 86.
- 18 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Gobierno Civil, Mazo 2777.
- 19 Archivo General de la Administración, Fondo Gobierno Civil, Provincia A Coruña, Mazo 178/10.
- 20 'Estudio político del Gobierno Civil de La Coruña dirigido al Ministerio de Gobernación con fecha del 1 de Octubre de 1933', ARG, Correspondencia Gobierno Civil-Concellos, Mazo 3214.
- 21 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Gobierno Civil, Mazo 2691.
- 22 GRANDÍO, E.; 'O poder político nos concellos da provincia da Coruña durante a II República', en FERNÁNDEZ PRIETO; NUÑEZ SEIXAS; ARTIAGA REGO; BALBOA; *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, 1997, páx. 249.
- 23 Arquivo do Reino de Galicia, Audiencia Provincial, Causas Criminais, 2968/46.
- 24 GRANDÍO SEOANE, E.; (2001), 'O republicanismo coruñés na II República. Poder local e urnas', *El republicanismo coruñés en la historia*, Concello da Coruña, páx. 144.
- 25 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Gobierno Civil, Mazo 2777.
- 26 *El Pueblo Gallego*, 13/02/1936.
- 27 *La Voz de Galicia*, 09/02/1936.
- 28 *Id.*, 04/02/1936.
- 29 Nun mitin celebrado días antes en Santiago de Compostela, Calvo Sotelo condenara o sufraxio universal "que arranca del absurdo de suponer que la verdad es la mayoría" para afirmar que "España necesita un Estado nuevo que imposibilite la locura del sufragio universal" (*La Voz de Galicia*, 02/02/1936).

- 30 *La Voz de Galicia*, 04/02/1936.
- 31 *La Voz de Galicia*, 02/02/1936.
- 32 *Id.*, 07/02/1936.
- 33 A nivel provincial, o cambio é inmediato. O día 19 cesa o Gobernador Civil, encargándose interinamente das súas funcións o comité da Fronte Popular (*La Voz de Galicia*, 20/02/1936). Dous días despois é nomeado para o cargo José Sánchez Gacio, de Izquierda Republicana.
- 34 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil, G-2840.
- 35 *Id.*, G-2788.
- 36 *La Voz de Galicia*, 25/02/1936.
- 37 *Id.*, 25/02/1936.
- 38 *Id.*, 28/02/1936.
- 39 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil, G-2777.
- 40 *La Voz de Galicia*, 11/03/1936.
- 41 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil, G-2727.
- 42 Tanto nas vilas como no rural, o PSOE e o PCE estaban a experimentar un notable crecemento, coa constitución de agrupacións locais mesmo en ámbitos xeográficos nos que ata ese momento ambas organizacións non contaban con militantes. Entre marzo e xullo de 1936 constitúense tantas agrupacións do PCE como en toda a etapa republicana anterior. O mesmo acontecía co Partido Galeguista, aínda cunha maior implantación. Non obstante, a organización política que achega unha cifra máis elevada en canto á constitución de novas agrupacións é Izquierda Republicana, se ben a isto contribúe o feito de ser un partido de creación recente, nacido en 1934, sobre a base de formacións anteriores.
- 43 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil, G-2701.
- 44 *Id.*, G-2727.
- 45 *Id.*, G-2727.
- 46 *Id.*, G-2777.
- 47 *La Voz de Galicia*, 21/02/1936.
- 48 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil, G-2727.
- 49 *La Voz de Galicia*, 22/02/1936.
- 50 *Id.*, 25/02/1936.
- 51 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil, G-2713.
- 52 A media obtívose tomando os concelleiros dos que existen datos acerca da súa idade.
- 53 Segundo Emilio Grandío (2010), “máis da metade dos alcaldes galegos da Fronte Popular tiñan menos de 40 anos, e un de cada cinco entre 20 e 30 anos”.
- 54 *La Voz de Galicia*, 27/05/1936.
- 55 MÁIZ VÁZQUEZ, B. (2017): p. 85.
- 56 *La Voz de Galicia*, 08/03/1936.
- 57 *Id.*, 12/03/1936.
- 58 *Id.*, 19/03/1936.
- 59 *Id.*, 13/03/1936 e 14/03/1936
- 60 *Id.*, 19/03/1936.
- 61 *Id.*, 19/07/1936.
- 62 *Id.*, 29/02/1936.

- 63 *Id.*, 18/07/1936.
- 64 Arquivo Municipal de Muxía, Libros de Actas, Tomo 10, Sign. 1714.
- 65 *La Voz de Galicia*, 26/03/1936.
- 66 *El Pueblo Gallego*, 28/05/1936.
- 67 *La Voz de Galicia*, 24/03/1936.
- 68 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil, G-2727.
- 69 *Id.*, 05/05/1936.
- 70 Arquivo Municipal da Coruña, Libro de Actas do Concello da Coruña, caixa 166.
- 71 *La Voz de Galicia*, 12/03/1936.
- 72 *Id.*, 24/03/1936.
- 73 Reproducido en *La Voz de Galicia*, 14/03/1936.
- 74 MÁIZ VÁZQUEZ, B. (2017): p. 85.
- 75 *La Voz de Galicia*, 05/05/1936.
- 76 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil, G-2840.
- 77 *Id.*, G-2727.
- 78 Arquivo Municipal de Muxía, Libros de Actas, Tomo 10, Sign. 1714.
- 79 *La Voz de Galicia*, 05/06/1936.
- 80 *Id.*, 27/06/1936.
- 81 *Id.*, 17/06/1936.
- 82 *Id.*, 28/06/1936.
- 83 SUÁREZ PICALLO, R.: "Carta aberta n.º 1. Una empresa de mocedad", *El Pueblo Gallego*, 02/11/1932.
- 84 ERÍAS MARTÍNEZ, A. (2001): "Unha viaxe polo Betanzos da Segunda república: proclamación, anticlericalismo e vinganza", en *Anuario Brigantino*, nº 24, p. 362.
- 85 TORRES REGUEIRO, X. (2006): "1936- 1939. As vítimas betanceiras da represión", en *Anuario Brigantino*, nº 29, p. 306.
- 86 <https://www.youtube.com/watch?v=KWRPIMUpJJA> (consultada o 23/09/2017)
- 87 REDONDO ABAL, F.X. (2014): *O mar e a memoria. O Expediente Armesto*, Laiovento, Santiago de Compostela.
- 88 https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/barbanza/2006/12/14/insuela-leixoes-bordo-do-pesqueiro-san-jo-se-n-2/0003_5371110.htm
- 89 *El Pueblo Vasco*, 29 de xullo de 1936.
- 90 Germán Vidal Barreiro deixará a alcaldía de Noia, que ocupará Severino Iglesias Siso, para pasar a ser Gobernador Civil de Ciudad Real.
- 91 PRADA, JULIO (2016): *Marcharon con todo. La represión económica durante el primer franquismo*, Madrid, Biblioteca Nueva.
- 92 GURRIARÁN, RICARDO (2006): *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago de Compostela (1900-1940): Do influxo institucionalista e da JAE á depuración do profesorado*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- 93 LAMELA, LUIS, "Los retos de Muxía en los años 20", *La Voz de Galicia*, 04/11/2014.
- 94 http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2007_03/noticia_0078.html

XERACION PERDIDA

CORUNA36

ANEXOS: Información por concellos

Datos por concellos

Mortos		Exiliados		Fuxidos		Encarcerados	
Boimorto	8	Ares	3	Boiro	3	Frades	6
Cedeira	7	A Coruña	3	Cabanas	3	Mesía	5
Fene	6	Ferrol	3	Noia	3	Boiro	4
Mugardos	5	Noia	3	A Pobra	3	Cabanas	4
Boiro	4	Santiago	3	Vimianzo	3	Ferrol	4
Cabanas	4	Culleredo	2	Betanzos	2	Ordes	4
Monfero	4	Rianxo	2	Boimorto	2	Santiago	4
Valdoviño	4	Sada	2	Lousame	2	Porto do Son	3
Betanzos	3	Teo	2	Mesía	2	Vimianzo	3
Ferrol	3	Valdoviño	2	Miño	2	Zas	3
Ortigueira	3	Arzúa	1	Rianxo	2	Arteixo	2
Santiago	3	Cabanas	1	Serantes	2	Boimorto	2
Vimianzo	3	Coristanco	1	A Coruña	1	Carballo	2
A Coruña	2	Fisterra	1	As Pontes	1	Cedeira	2
Abegondo	2	A Laracha	1	Culleredo	1	Curtis	2
As Pontes	2	Mesía	1	Fisterra	1	Irixoa	2
Cambre	2	Miño	1	Malpica	1	Malpica	2
Carral	2	Oleiros	1	Ordes	1	Mugardos	2
Padrón	2	Ordes	1	Sada	1	Noia	2
Vilarmador	2	Oroso	1	Santiago	1	A Pobra	2
Ares	1	A Pobra	1	Valdoviño	1	Rianxo	2
Arzúa	1	Ponteceso	1	Vilarmador	1	Serantes	2
Camariñas	1	Serantes	1			Teo	2

Mortos		Exiliados		Fuxidos		Encarcerados	
Carballo	1					Abegondo	1
Cee	1					Betanzos	1
Fisterra	1					Cerdido	1
Irixoa	1					A Coruña	1
Mañón	1					Culleredo	1
Mazaricos	1					Mañón	1
Miño	1					Moeche	1
Narón	1					Oroso	1
Pontedeume	1					Ortigueira	1
Rianxo	1					Oza dos Ríos	1
Sada	1					Paderne	1
Serantes	1					Ponteceso	1
Teo	1					Pontedeume	1
Vilasantar	1					As Pontes	1
						Vedra	1
						Vilarmajor	1

Número total de concelleiros: 2.467

Número total de concelleiros na corporación do 36: 1.286

Número total de represaliados: 334

69 Asasinados, 16 executados (88 mortos en total), 78 encarcerados, 34 exiliados, 12 fuxidos, 86 sancionados e 36 procesados

Número total de represaliados na corporación do 36: 286

Concelleiros represaliados

Nome	Represión	1931	1932	1935	1936
A Coruña					
Martín Ferreiro Álvarez	Asasinado	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	6º Tenente
	Xulgado na Coruña por rebelión co resultado de ser declarado fuxido e en rebeldía. Preso en Estrasburgo, deportado a Mauthausen en decembro do 1940 e logo traslado a Gusen en xaneiro do 1941, onde morre.				
Eduardo González Moro	Encarcerado	Concelleiro	Concelleiro		7º Tenente
	Xulgado na Coruña por rebelión co resultado sentenza prisión 12 anos e 1 día.				
Alfredo Suárez Ferrín	Executado	4º Tenente	Alcalde		Alcalde
	Xulgado na Coruña por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Execución de pena de morte na Coruña.				
Alfredo Somoza Gutiérrez	Exiliado	Concelleiro	Concelleiro		Concelleiro
	Xulgado en Ferrol por traizón (causa pola fuxida do “Conchita”) co resultado de ser declarado en rebeldía e fuxido.				
Santiago Casares Quiroga	Exiliado	Concelleiro	Concelleiro		
	Exiliado en Inglaterra e Francia				
Antonio Zapata Fernández	Procesado	Concelleiro	Concelleiro	9º Tenente	8º Tenente
	Xulgado na Coruña por rebelión co resultado sobresemento.				
Eduardo Blanco Lemus	Procesado	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro
	Xulgado na Coruña por rebelión co resultado sobresemento. Incurso na causa 213 do xulgado da 8ª Rexión. Incurso en sumario de Responsabilidades Cívís no ano 1940 (nº de rexistro 20, caixa 175/71).				
Ramón Lago Portela	Procesado	Concelleiro	7º Tenente		3º Tenente
	Xulgado na Coruña por rebelión co resultado sobresemento. Incurso na causa 213 do xulgado da 8ª Rexión. Incurso en sumario de Responsabilidades Cívís no ano 1940 (nº de rexistro 19, caixa 175/71).				
Juan Wonenburger Varela	Procesado	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro
	Incurso en sumario de Responsabilidades Cívís no ano 1941e sobreseído (nº de rexistro 69, caixa 183/77).				
A Laracha					
Ramiro Suárez Moreno	Exiliado		Alcalde	Alcalde	Alcalde
	Ingresado nun campo de refuxiados francés.				
Jesús Golán Añón	Sancionado		Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro
	Multado con 1.000 ptas.				
Albino Gómez Domínguez	Sancionado		2º Tenente	2º Tenente	Concelleiro
	Multado con 4.000 ptas. “Adjudicadas bienes al Estado”.				
Abegondo					
Benito Gómez N.	Asasinado				Concelleiro
	Morte rexistrada a causa de hemorraxia interna. Aparición do cadáver en Nós-Oleiros.				
Emilio Veiga Seijo	Encarcerado	1º Síndico	1º Síndico	1º Síndico	
	Encarcerado e posteriormente multado con 100 ptas. o 27/04/38.				

Nome	Represión	1931	1932	1935	1936
Manuel Vidal Pardo	Executado				Concelleiro
	Xulgado na Coruña por rebelión co resultado sentenza pena de morte. Executada na Coruña.				
Benito Barrós Mazás	Procesado				3º Tenente
	Inculpado en causa militar na Coruña, sendo posto en liberdade.				
Manuel Gómez Ponte	Sancionado				Concelleiro
	Multado con 50 ptas.				
Ares					
José López Lourido	Asasinado	Alcalde	Alcalde		Concelleiro
	Morte rexistrada por feridas producidas por balas. Aparición do cadáver en Pontedeume.				
José Sequeiro Ares	Exiliado	Síndico	Síndico		Concelleiro
	Fuxido no bou “Ramón” a Francia en xullo do 39. Procesado na causa 2134/1939 aberta en Ferrol por rebelión militar (fuxida do bou “Ramón”). Declarado fuxido e en rebeldía.				
Benito Feijóo Seguí	Exiliado	Concelleiro	Concelleiro		Alcalde
	Xulgado en Ferrol por rebelión co resultado sobresemento. Fuxido no bou “Ramón” a Francia. Causa aberta en Ferrol por rebelión militar (fuxida do bou “Ramón”). Declarado fuxido e en rebeldía.				
Basilio Pérez Mayobre	Exiliado	Concelleiro	Concelleiro		Concelleiro
	Fuxido no bou “Ramón” a Francia. Causa aberta en Ferrol por rebelión militar (fuxida do bou “Ramón”). Declarado fuxido e en rebeldía.				
Arteixo					
Eduardo Martínez Palleiro	Encarcerado				Alcalde
	Xulgado na Coruña por rebelión co resultado sentenza prisión, sen máis datos.				
José Iglesias Fernández	Encarcerado				4º Tenente
	Xulgado en A Coruña por rebelión. Multado con 600 ptas.				
José Sánchez Suárez	Sancionado				1º Tenente
	Multado con 500 ptas.				
Jesús Naya Dopico	Sancionado				Concelleiro
	Multado con 500 ptas.				
Santiago Martínez Palleiro	Sancionado				Concelleiro
	Multado con 250 ptas.				
Baldomero Maceiras Martínez	Sancionado				1º Síndico
	Multado con 51 ptas.				
Francisco Naya Fontán	Sancionado				Concelleiro
	Multado con 50 ptas.				
Ricardo Regueira Mañana	Sancionado				3º Tenente
	Multado con 15 ptas.				
Ventura Rey Valeiro	Sancionado	3º Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	
	Multado con 300 ptas.				
José Rey Valeiro	Sancionado	4º Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	
	Multado con 250 ptas.				

Nome	Represión	1931	1932	1935	1936
Arzúa					
Juan Manuel Vidal García	Executado	Concelleiro	Alcalde	Alcalde	Alcalde
	Xulgado en Compostela por rebelión en proceso incoado o 25-8-1936 co resultado de declaración en rebeldía. Paseado en Compostela a finais de agosto ou principios de setembro de 1936. A súa familia queda sen licenza para comercializar apeiros.				
Gerardo Torreiro López	Exiliado				Concelleiro
	Fuxido dende os primeiros días da sublevación. Depurado como mestre. En 1940 vive na Coruña e será restituído, destinado en León. Causa aberta en Ferrol por rebelión militar (fuxida a Francia do bou “Tiburón”). Declarado fuxido e en rebeldía.				
Modesto Abad Vázquez	Procesado				Concelleiro
	Xulgado en Compostela por rebelión. Atópase loitando no exército franquista.				
José James Montero	Sancionado				Concelleiro
	Suspensión de emprego e soldo.				
José Corzo Conde	Procesado				3º Tenente
	Xulgado en Compostela co resultado de declaración en rebeldía.				
Rogelio Rama Muíño	Sancionado				Concelleiro
	Suspensión de emprego e soldo.				
Federico Nogueira Pimentel	Sancionado	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	1º Tenente
	Xulgado en Compostela por rebelión co resultado de absolución. Sancionado co embargo do seu comercio de tecidos.				
As Pontes de García Rodríguez					
Francisco Guerreiro Guerreiro	Asasinado				Concelleiro
	Morte rexistrada nas Pontes e inscrita polo delegado militar de Orde Pública.				
Manuel Ramos Fernández	Asasinado	1º Tenente	1º Tenente	1º Tenente	
	Morte rexistrada nas Pontes.				
José Vilaboy Pajón	Encarcerado	Alcalde	Alcalde	Alcalde	
	Estivo fuxido e pasou unha noite pechado nun nicho do cemiterio das Campeiras. Logo estivo en prisión. Multado con 321 ptas cando aínda estaba preso.				
As Somozas					
José Naveira Martínez	Sancionado				Concelleiro
	Multado con 300 ptas.				
Manuel Pita Pena	Sancionado				Concelleiro
	Multado con 100 ptas.				
Betanzos					
José Novo Rodríguez	Asasinado	2º Tenente	Alcalde		Concelleiro
	Morte rexistrada en Betanzos a causa de hemorraxia interna.				
Bernardo Miño Abelenda	Asasinado	Concelleiro	Concelleiro		Concelleiro
	Morte rexistrada a causa de hemorraxia interna intratorácica. Aparición do cadáver en Ponte Sampaio-Betanzos.				

Nome	Represión	1931	1932	1935	1936
Ramón Beade Méndez	Encarcerado	3º Tenente	Concelleiro		Alcalde
	Agochado e entrégase en 1947. Xulgado na Coruña por rebelión co resultado de sentenza a 20 anos de prisión.				
Tomás López Datorre	Executado				Alcalde
	Xulgado na Coruña por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Execución de pena de morte na Coruña.				
Ricardo Bonome Seoane	Fuxido	Concelleiro	2º Tenente		Concelleiro
	Causa aberta na Coruña por rebelión. Declarado fuxido e en rebeldía.				
Boimorto					
Ramón Sánchez Rapela	Asasinado				Concelleiro
	Tras ser detido e torturado, morte na Agra da Vila-Amenal-O Pino, onde é soterrado nunha fosa común.				
José Tojo García	Asasinado	Síndico	Síndico		Concelleiro
	Morte rexistrada nas Voltas de Lapido-Ortoño-Ames a causa de hemorraxia interna por desintegración de vísceras torácicas e abdominais de orixe traumática. Inscrito inicialmente coma un cadáver descoñecido, identificado o 31-1-1946.				
Ramón Vázquez Garea	Asasinado	Interventor	Interventor		Concelleiro
	Morte na Agra da Vila-Amenal-O Pino.				
Manuel Espiñeira López	Asasinado	Concelleiro	Concelleiro	2º Tenente	Concelleiro
	Morte rexistrada nas Voltas de Lapido-Ortoño-Ames a causa de fractura do cráneo irradiada á base coa destrución da masa cerebral. Inicialmente inscrito coma un cadáver descoñecido, sendo identificado o 26-1-1939.				
Antonio Felpete Budiño	Asasinado				Concelleiro
	Morte rexistrada na Agra da Vila-Amenal-O Pino.				
José Barreiro Pérez	Asasinado				Concelleiro
	Morte rexistrada nas Voltas de Lapido-Ortoño-Ames a causa de fractura da caixa craneal irradiada á súa base. Inscrito inicialmente coma un cadáver descoñecido, identificado o 2-6-1939.				
Juan Martínez Bao	Asasinado				Concelleiro
	Morte rexistrada nas Voltas de Lapido-Ortoño-Ames a causa de a causa de fractura da base do cráneo. Rexistrado inicialmente coma un cadáver sen identificar, sendo identificado o 23-10-1936.				
Ramón Enjamio Pombo	Asasinado				Concelleiro
	Morte rexistrada nas Voltas de Lapido-Ortoño-Ames a causa de hemorraxia cerebral e interna do hemitórax dereito. Inscrito inicialmente coma un cadáver sen identificar, sendo identificado o 21-5-1937.				
José Cabanas Vázquez	Cárcere	1º Tenente	1º Tenente		Concelleiro
	Paseado no Amenal, conseguiu fuxir ferido, tentou suicidarse tres veces e conseguiu.				
Pedro López Bodelo	Encarcerado	Alcalde	Alcalde		Alcalde
	Xulgado en Compostela por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a 8 anos de prisión. Previamente fuxido e				
Manuel Carro Sanda	Sancionado	2º Tenente	2º Tenente		Concelleiro
	Multado con 250 ptas.				

Nome	Represión	1931	1932	1935	1936
Boiro					
Rodrigo Álvarez Gantes	Asasinado				Concelleiro
	Morte rexistrada a causa de hemorraxia interna. Aparición do cadáver en Compostela.				
José Caballero Rubio	Asasinado				2º Tenente
	Morte en Confurco-Xinzo-Pontearreas.				
Brígida Muñiz Suárez	Encarcerada				Concelleira
	Rapada, humillada obrigándoa a desfilar polas rúas do pobo coas siglas UHP pintadas na fronte, embargáronlle as vacas e estivo detida por un mes no concello.				
José Benito Segade Torrado	Encarcerado				3º Tenente
	Preso en Santiago de Compostela, estivo tamén fuxido.				
Antonio Lago Outeiral	Encarcerado				Concelleiro
	Fuxido no 1936. Capturado no 1939. Causa aberta por adhesión á rebelión en Ferrol (fuxida da lancha “San José nº 2” do Cabo de Cruz 07/1936). Declarado fuxido e en rebeldía. Consello de Guerra 08/39 cadea perpetua.				
Juan Francisco Outeiral Outeiral	Executado				Concelleiro
	Morte rexistrada en Compostela o 23/02/1937 a causa de hemorraxia interna por fusilamento.				
Manuel Brión Suárez	Executado				Concelleiro
	Rexistrado como morto a causa de hemorraxia interna por disparo de arma de fogo. Lugar de aparición do cadáver: Pinar Ribadofonte-Fonte de Mouro-Santa María de Castro-Boiro. Estaba agochado do monte.				
José Martínez Virel	Procesado				1º Tenente
	Causa aberta en Santiago de Compostela por rebelión (acusado de ser tenente alcalde en funcións de Alcalde de Boiro).				
Cabana de Bergantiños					
Daniel Senade Martínez	Sancionado				Concelleiro
	Multado con 100 ptas.				
Arturo Valledor Fernández	Sancionado				1º Síndico
	Multado con 250 ptas.				
Alfonso Rama Toja	Sancionado				Concelleiro
	Multado con 2.500 ptas.				
Manuel Vázquez Cundins	Sancionado				2º Tenente
	Multado con 200 ptas.				
Cabanas					
Joaquín Rodríguez Rodríguez	Asasinado	2º Tenente	2º Tenente		
	Paseado e enterrado en fosa común en San Pedro de Grandal, Vilarmajor.				
Álvaro Puentes Antón	Asasinado				Alcalde
	Morte rexistrada en Couce-San Pedro do Eume-A Capela a causa de disparo de arma de fogo.				
Manuel Buhigas Novo	Asasinado				1º Tenente
	Paseado en Mesón do Vento.				
Juan Pereira Maceiras	Asasinado				Concelleiro
	Morte rexistrada en Cabanas a causa de feridas recibidas por disparos da forza pública.				

Nome	Represión	1931	1932	1935	1936
Nicolás Sánchez Marín	Encarcerado				Concelleiro
	Xulgado en Ferrol por deserción (non se ter presentado a filas) co resultado de prisión 6 anos.				
Ramiro Martínez López	Encarcerado				Síndico
	Fuxido no monte desde 1936, aglutinou aos outros fuxidos na zona do Eume. Entrégase en 1947, volve fuxir, é capturado en 1951 e é condenado a 20 anos de prisión.				
Juan Eiroa Sánchez	Encarcerado				Concelleiro
	Xulgado en Ferrol por deserción (non se ter presentado a filas) co resultado prisión 6 anos.				
José Saavedra Sardina	Encarcerado				Concelleiro
	Agochado ata 1939. Xulgado en Ferrol por deserción (non se ter presentado a filas) co resultado sentencia prisión 6 anos (1940). Denegado o indulto.				
Evaristo Eive Vilar	Exiliado				Concelleiro
	Foxe cara á zona do Eume e logo, por mar, a Francia en decembro de 1946 no Santa Teresa.				
Camariñas					
Jacinto Campaña Martínez	Asasinado	Concelleiro			
	Embarcado en Xixón pero será detido e asasinado.				
Oriente Oreiro Juani	Sancionado	3º Tenente			
	Multado con 100 ptas.				
Cambre					
Luciano Costa García	Asasinado				2º Síndico
	Morte rexistrada a causa de disparos de arma de fogo. Aparición do cadáver en Veira-Carral.				
José Pérez Ferreiro	Asasinado				Concelleiro
	Morte rexistrada a causa de hemorraxia interna. Aparición do cadáver na Grela-A Coruña.				
Antonio Cañas Lens	Procesado				Concelleiro
	Xulgado na Coruña por auxilio á rebelión co resultado de sobresemento.				
Capela (A)					
Andrés Arnoso Calvo	Procesado				Alcalde
	Xulgado en Ferrol por rebelión co resultado de sobresemento.				
Manuel Arnoso Barro	Sancionado	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	
	Multado con 50 ptas.				
Higinio Bouza Piñeiro	Sancionado	Alcalde	Alcalde	Alcalde	
	Multado con 51 ptas. Condonada.				
Carballo					
José Regueira Vila	Asasinado	Concelleiro			Concelleiro
	Morte rexistrada a causa de destrución do encéfalo. Aparición do cadáver en Alto do Moucho-Oseiro-Arteixo.				
José Monteagudo Rodríguez	Encarcerado	1º Tenente			Alcalde
	Xulgado na Coruña por rebelión co resultado sentenxa cadea perpetua.				
Francisco Bolón Moreira	Encarcerado	Alcalde			1º Tenente
	Xulgado na Coruña por rebelión co resultado de sentenxa cadea perpetua.				

Nome	Represión	1931	1932	1935	1936
Gaspar Navaza Monteavaro	Procesado	3º Tenente			2º Tenente
	Xulgado na Coruña por rebelión co resultado de sobresemento				
Luis Calvo Sanz	Procesado	Sindico 1º			Concelleiro
	Xulgado na Coruña por rebelión co resultado de absolución.				
Fernando Camarot Veira	Procesado	Sindico 2º			Concelleiro
	Xulgado na Coruña por rebelión co resultado de sobresemento.				
Carnota					
Antonio Formoso Piñeiro	Sancionado				2º Tenente
	Depurado da escola de Caldebarcos.				
Carral					
José Mosquera Rivas	Asasinado			1º Tenente	
	Morte rexistrada a causa de hemorraxia interna. Aparición do cadáver na Gándara-Nós-Oleiros.				
Jacobito Caramelo Alonso	Asasinado	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro
	Morte rexistrada a causa de hemorraxia interna. Aparición do cadáver en Betanzos.				
Jesús Dans Sánchez	Sancionado	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro
	Multado con 1.000 ptas.				
José Barbeito Cacheiro	Sancionado			Concelleiro	
	Multado con 200 ptas.				
Avelino Valeiro Sampedro	Sancionado	2º Tenente	2º Tenente	2º Tenente	Concelleiro
	Multado con 1.000 ptas.				
José Seoane Freire	Sancionado	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro
	Multado con 25 ptas.				
Ramón Doval Beade	Sancionado	1º Rexidor Sindico	Concelleiro	Sindico	Concelleiro
	Multado con 500 ptas. Condonada 03/07/37.				
Eduardo Valdés Pardo	Sancionado	Alcalde	Alcalde	Alcalde	Alcalde
	Multado con 1.000 ptas.				
Cedeira					
José Vergara López	Asasinado				Sindico
	Morte en Ferrol a mans da “Fuerza Pública”.				
José López Teijeiro	Asasinado				Concelleiro
	Rexistrado morto en Cerdido a causa de destrución cerebral.				
Nicasio Pérez Senra	Asasinado				Concelleiro
	Rexistrado morto en Cerdido a causa de hemorraxia cerebral.				
Jesús Lourido Arriví	Asasinado				3º Tenente
	Morte en Ferrol rexistrada a causa de feridas producidas por arma de fogo.				
Andrés Arriví Caneiro	Encarcerado				Concelleiro
	Fuxido no monte desde 1936 ata 1941, cando é detido.				
Antonio Pérez Muiño	Encarcerado				Concelleiro
	Fuxido no monte desde 1936 ata 1941, cando é detido.				

Nome	Represión	1931	1932	1935	1936
José Cipriano Durán Fraguela	Executado				2º Tenente
	Xulgado en Ferrol por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Execución de pena de morte en Ferrol no castelo de San Filipe.				
Manuel Fernández Freijeiro	Executado				Alcalde
	Xulgado en Ferrol por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Execución de pena de morte en Ferrol no castelo de San Filipe.				
José Lago Beceiro	Executado				Concelleiro
	Xulgado en Ferrol por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Execución de pena de morte en Ferrol no castelo de San Filipe.				

Cee

Jesús Chouza Filgueiras	Executado			3º Tenente	3º Tenente
